

OPORTUNIDADES

LABORAL

GALICIA



2010

XUNTA DE GALICIA

Estudo do mercado laboral. Galicia 2010

EDITA:

Xunta de Galicia
Consellería de Traballo e Benestar
Dirección Xeral de Formación e Colocación
Instituto Galego das Cualificacións

COORDINACIÓN:

Marisa Mallo Fernández
M^a José Cortés Jiménez

EQUIPO TÉCNICO:

Juan Cirilo Arnosa Casal
César Manuel Dans Galán
Rosa M^a Fernández Fernández
Ricardo Fernández López
M^a del Mar Martínez Besada
Sergio Cantalejo Díez
M^a Esther Sánchez González
Eva Uriach Masgoret
M^a Belén Yáñez Barge

EQUIPO AUXILIAR:

Francisco de Cal Pose
M^a Jesús Iglesias Ferreiro
Marta López Fernández
M^a José Porto Pardiñas

DEPÓSITO LEGAL:

C 3329-2008

ISSN:

1579 - 5675

Presentación ao *Estudo do mercado laboral. Galicia 2010*

O Instituto Galego das Cualificacións presenta, por oitavo ano, o *Informe de mercado laboral*, unha publicación que forma parte dos estudos que realiza o Observatorio Ocupacional. Os datos que ofrece este informe pretenden ser de utilidade para aquelas persoas interesadas no coñecemento da realidade e o comportamento do noso mercado de traballo. A información que se achega ofrece un panorama da poboación en xeral e unha análise da situación económica e laboral dos traballadores e das empresas a través da utilización de varios indicadores socioeconómicos que nos permitan un achegamento fidedigno á sintomatoloxía que presenta o noso tecido produtivo e os axentes e actores que o conforman.

No ano 2010 xeneralizouse a crise económica, unha crise global de intensidade descoñecida ata o de agora e que provocou que o pasado exercicio fose un ano escuro para o mercado laboral. A destrución de postos de traballo e o conseguente aumento do paro estendéronse ao longo do ano a practicamente todos os colectivos e sectores que configuran o noso tecido produtivo. De todos os xeitos, non debemos esquecer a realidade de determinados colectivos que se ven afectados en maior medida, como é o caso das mulleres ou da poboación xuvenil, que arrastran deficiencias estruturais que os fan especialmente vulnerables ante a inestabilidade do mercado laboral.

Os datos que ofrece este informe tratan de reflectir a situación da realidade que configura o mercado de traballo cunha mirada ao presente, pero tamén considerando de forma retrospectiva a evolución rexistrada nos últimos anos. Máis que nunca, cómpre poñer en marcha políticas de emprego eficaces que optimicen a eficiencia do mercado laboral e eliminen as trabas que impiden o seu axeitado funcionamento, xunto ao desenvolvemento de políticas activas que incentiven a creación de emprego e avoguen por favorecer a empregabilidade dos colectivos máis afectados polo fenómeno do desemprego.

Así pois, neste contexto de crise, este estudo pretende ofrecer unha diagnose axeitada da actual situación económica que permita a adopción de medidas eficaces que poidan axudar a crear emprego e nos encamiñen pola senda da recuperación.

Beatriz Mato Otero
Conselleira de Traballo e Benestar

ÍNDICE

1.- INTRODUCCIÓN

1.1.- Contido, metodoloxía e fontes de información

- 1.1.1.- Perfil socioeconómico
- 1.1.2.- Tecido empresarial
- 1.1.3.- Paro rexistrado
- 1.1.4.- Contratos
- 1.1.5.- Formación

1.2.- Definicións e taxas

2.- ANÁLISE DO MERCADO LABORAL

2.1.- Perfil sociodemográfico

- 2.1.1.- Poboación
- 2.1.2.- EPA (Enquisa de Poboación Activa)

2.2.- Tecido empresarial

- 2.2.1.- Distribución do tecido produtivo de Galicia no ámbito provincial. Ano 2010
- 2.2.2.- Evolución do número de empresas
- 2.2.3.- Evolución do número de traballadores
- 2.2.4.- Evolución do número de autónomos
- 2.2.5.- Evolución do número de empresas por sectores
- 2.2.6.- Evolución do número de traballadores por sectores
- 2.2.7.- Evolución do número de autónomos por sectores

2.3.- Paro rexistrado

- 2.3.1.- Parados rexistrados por xénero
- 2.3.2.- Parados rexistrados por provincia
- 2.3.3.- Evolución anual do paro rexistrado
- 2.3.4.- Evolución mensual do paro rexistrado
- 2.3.5.- Parados rexistrados por idade e xénero
- 2.3.6.- Evolución anual dos parados rexistrados por idade
- 2.3.7.- Parados rexistrados por nivel formativo
- 2.3.8.- Evolución anual dos parados rexistrados por nivel formativo
- 2.3.9.- Parados rexistrados por antigüidade na demanda
- 2.3.10.- Evolución anual dos parados rexistrados por antigüidade na demanda
- 2.3.11.- Parados rexistrados por sector económico de procedencia
- 2.3.12.- Evolución anual dos parados rexistrados por sector económico de procedencia
- 2.3.13.- Parados rexistrados por gran grupo de ocupación
- 2.3.14.- Evolución anual dos parados rexistrados por gran grupo de ocupación
- 2.3.15.- As dez ocupacións máis demandadas
- 2.3.16.- Perfil tipo do demandante parado en Galicia
- 2.3.17.- Perfil tipo da demandante parada en Galicia

2.4.- Contratos

- 2.4.1.- Contratos realizados por xénero

- 2.4.2.- Contratos realizados por provincia
- 2.4.3.- Evolución anual do número de contratos por xénero
- 2.4.4.- Evolución mensual do número de contratos
- 2.4.5.- Evolución mensual demandantes parados e contratados
- 2.4.6.- Contratos por idade e xénero
- 2.4.7.- Evolución anual dos contratos por idade
- 2.4.8.- Contratos por nivel formativo
- 2.4.9.- Evolución anual dos contratos por nivel formativo
- 2.4.10.- Contratos por tipoloxía
- 2.4.11.- Evolución anual dos contratos por tipoloxía
- 2.4.12.- Índice de rotación
- 2.4.13.- Mobilidade dos contratados por xénero en Galicia
- 2.4.14.- Contratos por sector económico
- 2.4.15.- Evolución anual dos contratos por sector de actividade
- 2.4.16.- Contratos por gran grupo de ocupación
- 2.4.17.- Evolución anual dos contratos por gran grupo de ocupación
- 2.4.18.- As dez ocupacións máis contratadas
- 2.4.19.- Perfil do tipo do contratado en Galicia
- 2.4.20.- Perfil do tipo da contratada en Galicia

2.5.- Formación

- 2.5.1.- Número de cursos para desempregados que se impartiron en Galicia no ano 2010
- 2.5.2.- Cursos impartidos por familia profesional e provincia
- 2.5.3.- Alumnos formados por familia profesional
- 2.5.4.- Alumnos formados por idade

3.- COLECTIVOS

3.1.- Mulleres

- 3.1.1.- Datos demográficos
- 3.1.2.- EPA (Enquisa de Poboación Activa)
- 3.1.3.- Afiliacións
- 3.1.4.- Demandantes paradas
- 3.1.5.- Contratación

3.2.- Menores de 30 anos

- 3.2.1.- Datos demográficos
- 3.2.2.- EPA (Enquisa de Poboación Activa)
- 3.2.3.- Afiliacións
- 3.2.4.- Demandantes parados menores de 30 anos
- 3.2.5.- Contratación menores de 30 anos

3.3.- Maiores de 54 anos

- 3.3.1.- Datos demográficos
- 3.3.2.- EPA (Enquisa de Poboación Activa)
- 3.3.3.- Afiliacións
- 3.3.4.- Demandantes parados maiores de 54 anos
- 3.3.5.- Contratación maiores de 54 anos

3.4.- Estranxeiros

- 3.4.1.- Datos demográficos
- 3.4.2.- EPA (Enquisa de Poboación Activa)
- 3.4.3.- Afiliacións

- 3.4.4.- Demandantes parados estranxeiros
- 3.4.5.- Contratación de estranxeiros

4.- CONCLUSIÓN

1.- INTRODUCCIÓN

O Instituto Galego das Cualificacións está adscrito á Dirección Xeral de Formación e Colocación, da Consellería de Traballo e Benestar, segundo queda establecido no Decreto 335/2009, do 11 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Traballo e Benestar.

O Instituto Galego das Cualificacións conta con dúas unidades con nivel orgánico de servizos: o Servizo de Observatorio Ocupacional e o Servizo de Deseño e Acreditación das Cualificacións.

No ámbito da observación ocupacional, o instituto ten encomendadas, entre outras, a función de coñecer o funcionamento do mercado de traballo, proporcionando información axeitada para o deseño das políticas de formación profesional. Así mesmo, pretende achegar datos de referencia que sirvan para encadrar as características propias do noso mercado laboral nun contexto máis amplo que ilustre sobre as tendencias fundamentais cara ao futuro. Con esta perspectiva, planeouse esta análise da realidade laboral de Galicia que anualmente reflicte os datos máis salientables do noso tecido produtivo e a situación laboral dos seus principais actores.

O *Estudo do mercado laboral, Galicia 2010* é unha publicación comprendida dentro dunha serie iniciada no ano 2004, e segue un esquema semellante ao realizado en períodos precedentes co fin de darlle unha continuidade a estes informes elaborados con carácter anual, analizando e proporcionando información sobre as estruturas ocupacionais e a súa evolución, para adaptar as cualificacións profesionais ás necesidades do mercado de traballo da Comunidade Autónoma de Galicia.

Non cabe dúbida de que tanto os organismos como as entidades implicadas nas tarefas de deseñar e desenvolver actuacións de emprego e formación na nosa comunidade autónoma necesitan dispoñer de estudos que lles faciliten coñecementos sobre a estrutura e o comportamento do mercado de traballo galego.

Con ese propósito, elabórase este informe, que confiamos en que constitúa un instrumento de consulta para todas aquelas persoas, profesionais ou non do ámbito laboral, que desexen acceder a unha información que nos achegue ao coñecemento das características do noso contorno e a realidade do mercado de traballo en Galicia, a través da análise das principais variables que determinan o mercado de traballo, é dicir, do tecido empresarial e laboral, da demanda e da contratación, e tamén a formación a desempregados.

Introducimos tamén uns puntos cos principais trazos que caracterizan a situación laboral dos colectivos mulleres, mozos menores de 30 anos, maiores de 54 anos e estranxeiros.

Os obxectivos fundamentais que se pretenden acadar con esta publicación son os seguintes.

- Facilitar datos representativos das principais variables que configuran o mercado laboral da comunidade autónoma galega, tanto desde o punto de vista cuantitativo como cualitativo.
- Mostrar a evolución temporal dos últimos cinco anos dos distintos parámetros seleccionados segundo a súa idoneidade en cada caso.

Estes dous obxectivos concretos pódense agrupar nunha pretensión xeral, que é a de *informar acerca da realidade sociolaboral galega, desde a valoración que se*

pode extraer do Servizo Público de Emprego da nosa comunidade autónoma, para facilitar o deseño e a programación axeitada de accións de emprego e formación.

1.1.- CONTIDO, METODOLOXÍA E FONTES DE INFORMACIÓN

O informe contén unha análise descritiva dos seguintes cinco bloques temáticos: a poboación, o tecido empresarial, o paro, os contratos e a formación ocupacional. A información presentada en cada un destes bloques é o resultado dun traballo de análise da explotación de datos, ademais dunha definición previa para determinar o tipo de categorías máis significativas para observar o comportamento do mercado de traballo.

Deste xeito, a elaboración do estudo do mercado laboral seguiu dous procesos básicos:

- A determinación das variables máis axeitadas para caracterizar o mercado de traballo e, dentro de cada variable, os aspectos destacables pola súa representatividade.
- A explotación da información obtida directamente das bases de datos, depurando e contrastando os resultados.

Nos seguintes puntos expónse unha descrición do contido de cada un dos bloques temáticos, detallando para cada un deles as bases de datos utilizadas e a metodoloxía aplicada.

1.1.1.- Perfil sociodemográfico.

Neste bloque óptase por facer unha primeira aproximación aos datos de poboación activa, parada e ocupada do ano 2010, debido a que tanto os datos para a nosa comunidade autónoma como as definicións e a metodoloxía están contidas na Enquisa de Poboación Activa (EPA) que publica o Instituto Galego de Estatística.

1.1.2.- Tecido produtivo.

Neste punto resúmense os datos cuantitativos das principais variables que conforman o tecido produtivo galego: empresas, traballadores por conta allea e traballadores autónomos, na actualidade e ao longo dos últimos cinco anos. A información utilizada neste estudo orixínase a partir da base de datos da Tesouraría Xeral da Seguridade Social, que constitúe, por unha banda, o rexistro de traballadores por conta allea e por conta propia nos diferentes réximes da Seguridade Social (xeral e específicos), e, por outra banda, o rexistro de empresas a través das denominadas contas de cotización.

O motivo de utilizar esta base de datos como fonte de información deriva da súa elevada fiabilidade, xa que a Tesouraría Xeral da Seguridade Social inclúe todos os datos dos traballadores que exercen unha actividade laboral de xeito legal, ao ser obrigatoria a alta na Seguridade Social como requisito previo para a incorporación ao emprego, porque ademais considera a totalidade dos sectores económicos e porque tamén ten en conta datos de diferentes anos que posibilitan realizar estudos evolutivos.

Os datos ofrécese a través de táboas e gráficos estruturados segundo dúas epígrafes: unha dedicada á situación actual das citadas variables e outra sobre a súa evolución nos cinco últimos anos.

Como limitación, cabe sinalar que a información relativa ás empresas, ao provir de contas de cotización, pode aparecer inflada debido á posibilidade de converxer varias contas nunha mesma empresa. En concreto, unha empresa pode ter abertas varias contas de cotización por distintos motivos: por ter sedes en diferentes territorios, aparecendo neste caso unha conta de cotización por territorio; por ter contratos para a formación; por exercer diferentes actividades; por realizar contratos a tempo parcial de menos de 12 horas semanais, pois, aínda que xa non se poden formalizar, na actualidade mantéñense nalgúns empresas os que se estableceron anteriormente; por ter contratado un axente de comercio; ou por contratar artistas de forma esporádica.

Finalmente, convén sinalar que, debido á configuración especial dos datos referentes aos traballadores na base de datos da Tesouraría Xeral da Seguridade Social, houbo que agrupar, baixo a epígrafe de “traballadores”, os datos dos traballadores do réxime xeral da Seguridade Social, do réxime especial agrícola por conta allea, do mar por conta allea, do carbón, empregados de fogar continuos, os traballadores por conta propia agrícolas, os traballadores por conta propia do mar e os empregados de fogar descontinuos. Así, os autónomos inclúen só os traballadores pertencentes a este réxime especial.

1.1.3.- Paro rexistrado.

O estudo do paro rexistrado do informe do mercado laboral consiste na análise do perfil básico dos parados de emprego, é dicir, da caracterización do prototipo máis común de parados existente en Galicia co propósito de indagar os grupos de persoas que precisan de maior atención á hora de propiciar a súa entrada ou promoción no mercado laboral.

O colectivo de parados refírese exclusivamente a todas as persoas de 16 e máis anos que se atopan sen traballo, dispoñibles para traballar e buscando

activamente emprego, e enténdese por paro rexistrado o total da demanda de emprego en alta rexistrada polo Servizo Público de Emprego existente o último día de cada mes, excluindo a correspondente a situacións laborais descritas na Orde ministerial do 11 de marzo de 1985, pola que se establecen criterios estatísticos para a medición do paro rexistrado.

Segundo esta orde, exclúense do concepto de paro rexistrado, por exemplo, os demandantes de pluriemprego, mellora de emprego, que participan en traballos de colaboración social, que solicitan emprego conxuntural, estudantes, etc.

A información utilizada no estudo do paro provén das oficinas do Servizo Público de Emprego de Galicia, e a súa análise estableceuse sobre a combinación dos diferentes parámetros.

Por outra banda, a información da demanda completouse con datos evolutivos para posibilitar a comparación temporal destes.

1.1.4.- Contratos.

O estudo dos contratos ofrece unha visión integral das contratacións da comunidade autónoma durante o ano 2010, utilizando para a súa análise a base de datos que lle serve de soporte á sección de contratos das oficinas do Servizo Público de Emprego de Galicia.

A finalidade perseguida con este estudo é a de caracterizar un aspecto importante do mercado laboral, o contractual, facilitando información relevante sobre o seu comportamento no eido da nosa comunidade autónoma. Esta caracterización inclúe distintos apartados con valoracións das evolucións anuais do ano 2006 ao 2010.

1.1.5.- Formación ocupacional.

A análise da formación ocupacional, utilizando para o seu estudo a base de datos do Sistema de Formación Ocupacional da Consellería de Traballo e Benestar, ofrece o número de cursos impartidos, nas accións formativas para desempregados, e o de alumnos formados no ano 2010, por familias profesionais e por provincias, o que nos daría unha mostra das familias profesionais en que maior formación se recibe e o ámbito territorial onde esta se imparte.

1.2.- DEFINICIÓNS E TAXAS

Poboación economicamente activa: é o conxunto de persoas que, nun período de referencia dado, subministran man de obra para a produción de bens e servizos económicos ou que están dispoñibles e fan xestións para incorporarse á produción. A poboación economicamente activa divídese en ocupada e parada.

Inactivos: a poboación inactiva abrangue todas as persoas de 16 e máis anos non clasificadas como ocupadas ou paradas durante a semana de referencia, entre as que se atopan principalmente os estudantes, persoas que se ocupan do seu fogar,

xubilados ou prexubilados, pensionistas, incapacitados para traballar ou outras situacións semellantes.

Ocupados: son as persoas de 16 e máis anos que durante a semana de referencia tiveron un traballo por conta allea ou exerceron unha actividade por conta propia, podendo estar durante esa semana:

- Traballando polo menos unha hora a cambio dun soldo, salario, beneficio empresarial ou ganancia familiar, en metálico ou en especie.
- Con emprego pero sen traballar, é dicir, ausentes do seu traballo por razóns de enfermidade ou accidente, vacacións, festas ou outras razóns análogas. Tamén se consideran dentro desta categoría as persoas que, estando suspendidas ou separadas do seu emprego como consecuencia dunha regulación de emprego, esperan reincorporarse á súa empresa.

Parados: considéranse paradas todas aquelas persoas de 16 e máis anos que durante a semana de referencia estiveron simultaneamente:

- Sen traballo, é dicir, que non tiveron emprego por conta allea ou por conta propia durante a semana de referencia.
- Na procura de traballo, é dicir, que tomaron medidas concretas para buscar un traballo por conta allea ou fixeron xestións para establecerse pola súa conta durante o mes precedente.

Taxa de actividade: é o cociente entre o número total de activos e a poboación total.

Taxa de paro: é o cociente entre o número de parados e o de activos.

Taxa de ocupación: representa a porcentaxe das persoas con emprego sobre a poboación en idade laboral.

As **taxas** utilizadas nos diferentes puntos do estudo do mercado laboral son as seguintes:

- **Variación interanual:** é igual ao número de contratos do ano x menos as do ano anterior $x-1$, dividido polo número de contratos do $x-1$ e multiplicado por 100. É dicir, a variación entre os anos 09-10 obteríase do seguinte xeito¹:

$$\% \text{ Var. interanual}_{09-10} = \frac{C_{10} - C_{09}}{C_{09}} \times 100$$

Calculariamos o crecemento acadado nun ano con respecto ao ano anterior.

- **Variación media anual:** obtense da fórmula do xuro composto. Se lle chamamos C_{2010} e C_{2008} ao número de contratos nos anos 2009 e 2007, respectivamente, podemos expresar a fórmula da variación media anual do xeito seguinte²:

$$\% \text{ VMA} = \left(\sqrt[2]{\frac{C_{2010}}{C_{2008}}} - 1 \right) \times 100$$

(a raíz é a que resulta de restarlle 1 ao número de anos dos cales se pretende calcular a media, neste caso $3-1=2$, o que implica unha *raíz cadrada*)

¹ Cando os datos referentes ao primeiro ano son iguais a cero, non podemos calcular a variación descrita, xa que o resultado da fórmula toma un valor fóra de rango.

² Cando os datos referentes ao primeiro ano da serie son igual a cero, non podemos calcular a variación descrita, xa que o resultado da fórmula toma un valor fóra de rango.

Obteríamos desta forma o crecemento medio acadado nos tres anos estudados³.

CLASIFICACIÓN DAS RAMAS DE ACTIVIDADE ECONÓMICA:

A clasificación da actividade económica usada neste estudo baséase na CNAE-09. Nalgúns apartados aparecen táboas co CNAE-09 estruturado cun nivel consistente en rúbricas identificadas mediante un código numérico de dúas cifras e noutros as actividades do CNAE-09 agrupáronse en catro grandes sectores económicos para simplificar a comprensión de táboas e gráficos.

³ Os exemplos citados fan referencia á parte dos contratos, aínda que serían igualmente válidos para explicar os diferentes puntos do estudo. Só deberíamos ter en conta que, ao tratar cinco anos de análise, a variación media se calcularía como unha raíz cuarta.

2.- ANÁLISE DO MERCADO LABORAL

2.1. PERFIL SOCIODEMOGRÁFICO

2.1.1.- Poboación

Cos datos do Padrón Municipal de Habitantes en 1 de xaneiro de 2010, publicados polo Instituto Nacional de Estatística, a poboación total da nosa comunidade autónoma ascendía a 2.797.653 habitantes, dos cales a maioría son mulleres, concretamente o 51,73%, fronte ao 48,27% que representaban os homes. Se comparamos esta cifra coa do ano anterior, o incremento da poboación de Galicia foi mínimo, de 1.564 persoas, o que supuxo o 0,06%.

Por outra banda, dentro do contexto do Estado, a poboación galega supuxo o 5,94% da totalidade da poboación de España, cifra lixeiramente inferior á dos anos precedentes.

	Homes	Mulleres	Total	% Homes	% Mulleres
GALICIA	1.350.547	1.447.106	2.797.653	48,27	51,73
ESPAÑA	23.226.185	23.794.846	47.021.031	49,40	50,60

Fonte: INE: Padrón Municipal de habitantes


En canto á poboación estranxeira residente na nosa comunidade, ascendía a 109.670 persoas, das cales 55.223 eran homes e 54.447 eran mulleres. Esta poboación representaba un 3,92% da poboación total de Galicia. Por último, cómpre dicir que este colectivo aumentou, respecto ao ano 2009, en 3.033 persoas máis, o que supuxo un crecemento, en termos relativos, dun 2,84%, de maneira que o colectivo de inmigrantes é o que está a contribuír a que a poboación total non se estanque, senón que aumente, aínda que sexa levemente.

A poboación por xénero e grupos quinquenais de idade. Ano 2010. Galicia

	Total	Homes	Mulleres
Total	2.797.653	1.350.547	1.447.106
0-4	110.983	57.208	53.775
5-9	107.105	55.139	51.966
10-14	103.275	53.081	50.194
15-19	119.556	61.439	58.117
20-24	143.714	73.020	70.694
25-29	187.651	95.285	92.366
30-34	229.289	115.230	114.059
35-39	221.653	111.615	110.038
40-44	214.004	106.347	107.657
45-49	203.279	100.866	102.413
50-54	191.099	94.395	96.704
55-59	172.673	84.892	87.781
60-64	173.664	83.833	89.831
65-69	152.594	71.874	80.720
70-74	135.558	60.719	74.839
75-79	141.639	59.559	82.080
80-84	99.563	38.293	61.270
85 e máis	90.354	27.752	62.602

Fonte: INE. Padrón Municipal de Habitantes. Extraído de <http://WWW.ine.es>

Segundo os datos do Padrón Municipal de Habitantes, referidos ao 1 de xaneiro de 2010, e tal como acontecía en anos anteriores, nacen máis nenos que nenas; os homes seguiron mantendo unhas porcentaxes superiores ás mulleres ata o tramo de idade dos 40 en diante, en que a situación se inverte e pasan a ser as mulleres as que predominan; e a medida que a idade avanza o peso da poboación feminina vai aumentando, de tal maneira que, do total da poboación que conta con máis de 74 anos, as mulleres concentraban o 62%, mentres que os homes supoñían o 38%.



Se analizamos a pirámide de poboación de Galicia segundo os intervalos de idade, vemos que presenta unha silueta cunha base moi estreita, debido ao escaso número de nacementos, e que nas idades centrais se vai ensanchando con cifras moi parecidas para ambos os xéneros. A medida que a idade avanza, predominan as mulleres sobre os homes, sendo as diferenzas máis marcadas nos últimos tramos de idade. A cúspide da pirámide configúrase moi ancha, o que nos indica que, mentres a poboación da terceira idade vai en aumento, a poboación xuvenil descende, feito que converte Galicia nunha das comunidades con maior índice de poboación de idade avanzada.

2.1.2.- EPA (Enquisa de Poboación Activa)

A continuación amósanse as características da Enquisa de Poboación Activa elaborada polo INE (poboación activa, parada e ocupada). Hai que ter en conta que a EPA proporciona estimacións a partir dunha enquisa e, polo tanto, non se trata de datos exactos.

Taxas de actividade, ocupación e paro por xénero. Galicia

Unidades: porcentaxes

	Taxa de actividade			Taxa de paro			Taxa de emprego		
	Ambos os sexos	Homes	Mulleres	Ambos os sexos	Homes	Mulleres	Ambos os sexos	Homes	Mulleres
2010TIV	54,43	61,47	48	15,69	15,2	16,28	45,89	52,13	40,18
2010TIII	55,14	62,57	48,34	14,86	14	15,88	46,94	53,81	40,67
2010TII	54,36	61,57	47,77	15,58	14,71	16,6	45,89	52,51	39,84
2010TI	54,41	61,66	47,79	15,46	14,58	16,5	46	52,67	39,9
2009TIV	54,79	62,14	48,07	12,88	11,87	14,07	47,73	54,76	41,3
2009TIII	55,06	62,53	48,22	12,35	11,52	13,34	48,26	55,33	41,79
2009TII	55,23	62,23	48,81	12,93	12,27	13,7	48,08	54,6	42,13
2009TI	55,75	63,08	49,05	12,22	11,39	13,2	48,94	55,9	42,57

Fonte: INE. Enquisa de Poboación Activa
Metodoloxía EPA 2005

Taxas de actividade, ocupación e paro por xénero. España

Unidades: porcentaxes

	Taxa de actividade			Taxa de paro			Taxa de emprego		
	Ambos os sexos	Homes	Mulleres	Ambos os sexos	Homes	Mulleres	Ambos os sexos	Homes	Mulleres
2010TIV	59,99	67,72	52,6	20,33	19,95	20,79	47,8	54,21	41,66
2010TIII	60,08	68,28	52,22	19,79	19,29	20,4	48,19	55,11	41,56
2010TII	60,11	68,37	52,19	20,09	19,72	20,56	48,03	54,89	41,46
2010TI	59,83	67,95	52,05	20,05	19,96	20,16	47,84	54,39	41,55
2009TIV	59,76	68,14	51,7	18,83	18,64	19,07	48,5	55,44	41,84
2009TIII	59,81	68,44	51,51	17,93	17,75	18,16	49,09	56,29	42,15
2009TII	60,06	68,89	51,55	17,92	17,62	18,31	49,29	56,75	42,11
2009TI	60,15	69,11	51,51	17,36	16,86	18,01	49,7	57,46	42,23

Fonte: INE. Enquisa de Poboación Activa
Metodoloxía EPA 2005

■ **A taxa de actividade** de Galicia mantívose practicamente estable ao longo de 2010, arredor do 54%, rexistrando leves retrocesos ou un lixeiro incremento no terceiro trimestre e rematando o ano cunha taxa de actividade do 54,43%.

Por sexo, a situación repítese: tamén foi o terceiro trimestre o único que rexistrou un comportamento positivo, especialmente no caso dos homes, que subiron un punto respecto ao trimestre anterior e volveron a perdelo no trimestre seguinte, rexistrando no último trimestre unha taxa do 61,47%, case un punto menos que no mesmo período do ano anterior. En canto ás mulleres, rematan o ano cunha taxa de actividade do 48%, sendo practicamente a mesma que a do ano anterior, o que as sitúa a 13,47 puntos por debaixo da taxa masculina.

No que se refire ao Estado, a situación pouco cambia; dependendo do trimestre, a taxa de actividade medra ou descende lixeiramente, rexistrando no cuarto trimestre unha taxa do 59,99%.

A taxa masculina tamén diminuíu, sendo do 67,72% cara ao final do ano; pola contra, a feminina aumentou e rexistrou no mesmo período o 52,6%. Aínda así, a taxa de actividade feminina atopábase 15,12 puntos a favor dos homes.

Se comparamos os datos de Galicia cos de España, obsérvase que a nosa comunidade segue a estar por debaixo da estatal en 5,56 puntos. Se a comparativa se fai por sexos, no caso dos homes a diferenza é aínda maior, de 6,25 puntos, e no das mulleres en 4,6 puntos a favor de Estado.

■ **A taxa de paro** en Galicia experimentou un crecemento, coa excepción do terceiro trimestre de 2010, en que obtivo unha lixeira redución; pero se comparamos os datos do último trimestre de 2010 co mesmo período de 2009, a subida foi indiscutible, concretamente en 2,81 puntos, rematando o ano cunha taxa do 15,69%.

Por sexo, a situación foi moi semellante: o paro medrou no colectivo dos homes en 3,33 puntos e no das mulleres en 2,21 puntos, rexistrando unhas taxas de 15,2% e 16,28%, respectivamente, no último trimestre.




Respecto ao Estado, e a modo de comparativa, cómpre destacar que aquel presenta unhas taxas superiores ás de Galicia en 4,64 puntos, acadando cara ao final de ano unha taxa de desemprego do 20,33%.

No que respecta ás diferenzas entre homes e mulleres, tamén Galicia sae favorecida respecto a España, ao rexistrar unhas cifras máis baixas; a taxa de paro masculina para o Estado no cuarto trimestre foi do 19,95%, situándose en 4,75 puntos por riba da de Galicia, e a das mulleres foi do 20,75%, sendo en 4,5 puntos superior a da nosa comunidade.

■ **A taxa de emprego** de Galicia, coa excepción do terceiro trimestre, en que se produciu unha lixeira melloría do emprego, non deixou de decrecer. Se comparamos as cifras do último trimestre de 2010 co mesmo período do ano anterior, a redución na taxa de ocupación de Galicia foi de 1,84 puntos, situándose cara ao final de ano en 45,89%.

No tocante á distribución por sexos, o comportamento da ocupación foi moi semellante: a taxa de ocupación masculina tamén se reduciu respecto ao ano anterior en 2,63 puntos, mentres que a feminina o fixo en 1,22 puntos, cerrando o ano cunhas taxas de emprego de 52,13% e 40,18%, respectivamente, e manténdose o predomino da poboación masculina nas taxas de emprego.

Se a comparativa a facemos co Estado, este reproduce a mesma situación. Entre o último trimestre de 2010 e 2009, a taxa de emprego tamén diminuíu, aínda que con porcentaxes menores que as de Galicia; concretamente, aquí o descenso foi de 0,7 puntos, rexistrando unha taxa de emprego do 47,8% no último trimestre do ano 2010. Por sexo, tanto os homes como as mulleres reduciron a taxa de ocupación; no caso dos primeiros en 1,23 puntos e no das segundas en 0,18 puntos. Isto supuxo unha diminución inferior á de Galicia, o que contribuíu a que as taxas de ocupación de España sigan a ser superiores ás da nosa comunidade.




2.2. TECIDO PRODUTIVO

2.2.1.- Distribución do tecido produtivo de Galicia no ámbito provincial. Ano 2010

	Autónomos	%	Empresas	%	Traballadores	%
A CORUÑA	87.914	39,88	44.768	39,75	330.093	43,02
LUGO	38.131	17,30	14.930	13,26	86.036	11,21
OURENSE	26.486	12,02	13.123	11,65	78.143	10,18
PONTEVEDRA	67.902	30,80	39.799	35,34	273.008	35,58
TOTAL	220.433	100	112.620	100	767.280	100

Na distribución provincial de empresas, destaca a alta concentración nas provincias da Coruña e Pontevedra, que acaparon arredor do 75% do número de autónomos, de empresas e tamén de traballadores. As provincias restantes alcanzaron porcentaxes moi inferiores, situándose Lugo por enriba de Ourense.




2.2.2.- Evolución do número de empresas

	2006	2007	2008	2009	2010	2007	%	2008	%	2009	%	2010	%	V. m. anual
A CORUÑA	46.809	47.804	47.005	45.361	44.768	995	2,13	-799	-1,67	-1.644	-3,50	-593	-1,31	-1,11
LUGO	15.477	15.682	15.522	15.217	14.930	205	1,32	-160	-1,02	-305	-1,96	-287	-1,89	-0,90
OURENSE	13.523	13.687	13.476	13.212	13.123	164	1,21	-211	-1,54	-264	-1,96	-89	-0,67	-0,75
PONTEVEDRA	43.279	44.104	42.690	40.564	39.799	825	1,91	-1.414	-3,21	-2.126	-4,98	-765	-1,89	-2,07
TOTAL	119.088	121.277	118.693	114.354	112.620	2.189	1,84	-2.584	-2,13	-4.339	-3,66	-1.734	-1,52	-1,39

A evolución do número de empresas ao longo do quinquenio, coa excepción do ano 2007, tivo un comportamento negativo en todas as provincias, dándose a caída máis acusada no ano 2009, co -3,66%. Se nos fixamos no ano 2010, observamos que tamén se perderon empresas, aínda que en menor porcentaxe que nos anos anteriores (-1,52%).

Por provincias, a que acadou o crecemento negativo máis importante foi a de Pontevedra, rematando o quinquenio cunha variación media anual do -2,07%.




2.2.3.- Evolución do número de traballadores

	2006	2007	2008	2009	2010	2007	%	2008	%	2009	%	2010	%	V. m. anual
A CORUÑA	356.232	367.265	342.841	333.815	330.093	11.033	3,10	24.424	-6,65	-9.026	-2,63	-3.722	-1,11	-1,89
LUGO	106.571	108.739	89.455	87.812	86.036	2.168	2,03	19.284	-17,73	-1.643	-1,84	-1.776	-2,02	-5,21
OURENSE	84.874	87.403	81.123	79.675	78.143	2.529	2,98	-6.280	-7,19	-1.448	-1,78	-1.532	-1,92	-2,04
PONTEVEDRA	306.081	316.396	294.267	281.847	273.008	10.315	3,37	22.129	-6,99	12.420	-4,22	-8.839	-3,14	-2,82
TOTAL	853.758	879.803	807.686	783.149	767.280	26.045	3,05	72.117	-8,20	24.537	-3,04	15.869	-2,03	-2,63

O número de traballadores decrece de xeito continuado desde o ano 2008 ata 2010, tanto para a totalidade da comunidade como para todas as provincias. Esta perda de traballadores foi máis intensa nos anos 2008 e 2009, chegando a 2010 cunha diminución algo máis moderada que nos anos anteriores (-2,03%). Por provincias, Pontevedra foi a que rexistrou a caída máis importante, rematando o quinquenio cunha variación media anual de -2,82%.

Destaca o caso da provincia de Lugo no ano 2008, onde os traballadores experimentaron unha redución do -17,73%, feito que contribúe a que sexa esta provincia a que remata o quinquenio acadando a variación media anual máis importante: un -5,21%. A explicación a este salto nos datos de afiliación atópase nos cambios que se produciron na Seguridade Social, onde a partir de xaneiro de 2008 desapareceu o réxime especial agrario por conta propia e os seus afiliados integráronse no réxime especial de autónomos.




2.2.4.- Evolución do número de autónomos

	2006	2007	2008	2009	2010	2007	%	2008	%	2009	%	2010	%	V. m. anual
A CORUÑA	75.902	77.804	92.772	89.829	87.914	1.902	2,51	14.968	19,24	-2.943	-3,17	-1.915	-2,13	3,74
LUGO	23.742	24.139	40.648	39.261	38.131	397	1,67	16.509	68,39	-1.387	-3,41	-1.130	-2,88	12,57
OURENSE	24.127	24.344	28.082	27.219	26.486	217	0,90	3.738	15,35	-863	-3,07	-733	-2,69	2,36
PONTEVEDRA	64.233	65.800	71.711	69.261	67.902	1.567	2,44	5.911	8,98	-2.450	-3,42	-1.359	-1,96	1,40
TOTAL	188.004	192.087	233.213	225.570	220.433	4.083	2,17	41.126	21,41	-7.643	-3,28	-5.137	-2,28	4,06

O número de autónomos medrou ata o ano 2008, sendo o aumento extraordinario na provincia de Lugo, aínda que este feito está vinculado aos cambios na Seguridade Social xa mencionados no parágrafo anterior.


A partir de 2009 a situación invértese: o número de autónomos diminúe de xeito continuo e significativo ata 2010, o que non impide que remate o ano cunha variación media anual positiva para Galicia do 4,06%.



2.2.5.- Evolución do número de empresas por sectores

	2006	2007	2008	2009	2010	2007	%	2008	%	2009	%	2010	%	V. m. anual
SECTOR PRIMARIO	6.247	6.322	6.356	5.920	5.993	75	1,20	34	0,54	-436	-6,86	73	1,23	-1,03
SECTOR SECUNDARIO	11.621	11.740	11.095	10.480	10.068	119	1,02	-645	-5,49	-615	-5,54	-412	-3,93	-3,52
SECTOR CONSTRUCCIÓN	17.050	17.404	15.476	14.536	13.482	354	2,08	-1.928	-11,08	-940	-6,07	-1.054	-7,25	-5,70
SECTOR SERVICIOS	84.170	85.811	85.766	83.414	83.073	1.641	1,95	-45	-0,05	-2.352	-2,74	-341	-0,41	-0,33
NON CONSTA	0	0	0	4	4	0	0	0	0	4	0	0	0	0
TOTAL	119.088	121.277	118.693	114.354	112.620	2.189	1,84	-2.584	-2,13	-4.339	-3,66	-1.734	-1,52	-1,39

A lectura que deixa a evolución do número de empresas por sectores non é positiva, pois a cifra diminuíu de maneira continuada e significativa desde o ano 2008 ata o ano 2010 en todos os sectores agás no sector primario (agricultura, gandería e pesca), que en 2008 aumentou en 34 empresas (0,54%) e en 73 en 2010 (1,23%), pero foi a construción a que, en termos relativos, sufriu as maiores perdas ao longo de todo o quinquenio, rexistrando unha variación media anual negativa do -5,70%, seguida do sector secundario, cunha variación media anual do -3,52%. Por último, o sector servizos, foi o que, en termos relativos, menos empresas perdeu, situándose ao final do quinquenio nun -0,33%.




2.2.6.- Evolución do número de traballadores por sectores

	2006	2007	2008	2009	2010	2007	%	2008	%	2009	%	2010	%	V. m. anual
SECTOR PRIMARIO	84.497	80.550	33.145	30.614	29.921	-3.947	-4,67	47.405	-58,85	-2.531	-7,64	-693	-2,26	-22,86
SECTOR SECUNDARIO	149.513	158.580	147.137	137.373	132.177	9.067	6,06	11.443	-7,22	-9.764	-6,64	-5.196	-3,78	-3,03
SECTOR CONSTRUCCIÓN	101.768	103.172	87.512	79.065	70.530	1.404	1,38	15.660	-15,18	-8.447	-9,65	-8.535	-10,79	-8,76
SECTOR SERVICIOS	517.980	537.501	539.892	530.044	525.900	19.521	3,77	2.391	0,44	-9.848	-1,82	-4.144	-0,78	0,38
NON CONSTA	0	0	0	6.053	8.752	0	0	0	0	6.053	0	2.699	44,59	0
TOTAL	853.758	879.803	807.686	783.149	767.280	26.045	3,05	72.117	-8,20	24.537	-3,04	15.869	-2,03	-2,63

O número de afiliados entre os anos 2006 e 2010 caeu en 86.478 persoas, rexistrando unha variación media anual negativa do -2,63%. Se analizamos cada sector, ningún deles se librou da redución de afiliados á Seguridade Social, aínda que foi a construción a que acadou as maiores perdas (mesmo no ano 2010, en que os outros sectores presentaron diminucións inferiores ás dos anos anteriores), dando lugar ao maior crecemento negativo (variación media anual de -8,76%); pola contra, o sector servizos foi o que experimentou unha redución máis moderada, converténdose no único sector que alcanza unha variación media positiva (0,38%).

Mención á parte merece o caso do sector primario, que rexistra unha perda importante de traballadores no ano 2008, o que deu lugar a que rematase o quinquenio cunha variación media do -22,86%, pero este salto nos datos foi debido aos xa comentados cambios nos réximes da Seguridade Social.

Por último, cómpre sinalar que a causa dos afiliados que aparecen sen actividade no ano 2009 e 2010 é moi probable que estea vinculada a que no ano 2009 entrou en vixencia unha nova clasificación nacional de actividades (CNAE-2009).




2.2.7.- Evolución do número de autónomos por sectores

	2006	2007	2008	2009	2010	2007	%	2008	%	2009	%	2010	%	V. m. anual
SECTOR PRIMARIO	3.656	3.962	46.828	43.030	40.109	306	8,37	42.866	1.081,93	-3.798	-8,11	-2.921	-6,79	81,99
SECTOR SECUNDARIO	16.304	16.262	16.258	15.519	15.079	-42	-0,26	-4	-0,02	-739	-4,55	-440	-2,84	-1,93
SECTOR CONSTRUCCIÓN	31.742	33.570	32.917	32.132	30.582	1.828	5,76	-653	-1,95	-785	-2,38	-1.550	-4,82	-0,93
SECTOR SERVICIOS	136.289	138.281	137.204	134.889	134.663	1.992	1,46	-1.077	-0,78	-2.315	-1,69	-226	-0,17	-0,30
NON CONSTA	13	12	6	0	0	-1	-7,69	-6	-50	-6	-100	0	0	0
TOTAL	188.004	192.087	233.213	225.570	220.433	4.083	2,17	41.126	21,41	-7.643	-3,28	-5.137	-2,28	4,06

Coa excepción da industria, que comezou a diminución do número de autónomos no ano 2007, o resto dos sectores empezaron a experimentar un decrecemento paulatino a partir de 2008. Mención á parte require o sector primario (agricultura, gandería e pesca), que rexistrou un aumento espectacular no ano 2008 (42.866 autónomos máis), mentres que no 2009 acusou unha mingua considerable (-3.798), pero ese aumento foi máis ficticio que real, pois debeuse aos xa comentados cambios nos réximes da Seguridade Social.

Se nos centramos no último ano do quinquenio, o sector máis afectado pola perda de autónomos foi o primario, que diminúe en -2.921, o que supuxo o -6,79%; seguiuille o sector da construción, co -4,82%, mentres que o sector servizos foi o que tivo a caída máis moderada (-0,17%).

Por último, se atendemos á variación media anual, o sector que obtivo as porcentaxes máis negativas foi o da industria, co -1,93%.



2.3. PARO REXISTRADO

Neste punto analízanse os datos dos demandantes parados rexistrados no Servizo Público de Emprego de Galicia.

2.3.1.- Parados rexistrados por xénero

	Homes	Mulleres	Total
GALICIA	111.241	126.072	237.313
ESPAÑA	2.053.188	2.046.885	4.100.073

O número total de parados rexistrados nas oficinas do Servizo Público de Emprego de Galicia, en 31 de decembro de 2010, ascendía a 237.313 persoas, das que o 46,88% eran homes e o 53,12% eran mulleres.

Unha vez máis, o colectivo de mulleres desempregadas foi superior en 6,25 puntos ao dos homes, distancia que apenas se reduciu respecto ao ano anterior, o que nos sitúa nunhas proporcións semellantes ás de 2009.


No tocante á evolución anual, os desempregados aumentaron en 14.474 persoas respecto ao ano 2009, o que equivale en termos relativos a un crecemento do 6,5%.



2.3.2.- Parados rexistrados por provincia

	Homes	% Homes	Mulleres	% Mulleres	Total	% Total
A CORUÑA	43.366	38,98	50.307	39,90	93.673	39,47
LUGO	11.651	10,47	11.701	9,28	23.352	9,84
OURENSE	12.358	11,11	14.122	11,20	26.480	11,16
PONTEVEDRA	43.866	39,43	49.942	39,61	93.808	39,53
TOTAL GALICIA	111.241	100	126.072	100	237.313	100


De acordo co exposto na táboa dos parados rexistrados por provincias, vemos como a proporción de parados das provincias atlánticas foi practicamente a mesma, concentrando estas dúas provincias máis das tres cuartas partes dos desempregados galegos.



2.3.3.- Evolución anual do paro rexistrado

	31/12/2006	31/12/2007	31/12/2008	31/12/2009	31/12/2010	2007	%	2008	%	2009	%	2010	%	V. m. anual
HOMES	60.245	59.090	83.966	103.487	111.241	-1.155	1,92	24.876	42,10	19.521	23,25	7.754	7,49	16,57
MULLERES	100.421	95.892	105.937	119.352	126.072	-4.529	4,51	10.045	10,48	13.415	12,66	6.720	5,63	5,85
TOTAL GALICIA	160.666	154.982	189.903	222.839	237.313	-5.684	3,54	34.921	22,53	32.936	17,34	14.474	6,50	10,24

A tendencia no período 2006-2010 foi a seguinte: o número de parados diminúe no intervalo 2006-2007, pero a partir do ano 2008 os desempregados non deixaron de aumentar a un ritmo importante (especialmente no ano 2008, onde se recollen as variacións interanuais máis altas, coincidindo co período máis duro), sobre todo para o colectivo masculino, que foi o que presentou os valores superiores.





2.3.4.- Evolución mensual do paro rexistrado

Data	Homes	Mulleres	Total	Variación			% Variación		
				Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
31/12/2009	103.487	119.352	222.839						
31/01/2010	107.613	124.015	231.628	4.126	4.663	8.789	3,99	3,91	3,94
28/02/2010	109.297	124.874	234.171	1.684	859	2.543	1,56	0,69	1,10
31/03/2010	110.443	126.006	236.449	1.146	1.132	2.278	1,05	0,91	0,97
30/04/2010	108.477	125.439	233.916	-1.966	-567	-2.533	-1,78	-0,45	-1,07
31/05/2010	105.579	122.928	228.507	-2.898	-2.511	-5.409	-2,67	-2,00	-2,31
30/06/2010	100.983	118.842	219.825	-4.596	-4.086	-8.682	-4,35	-3,32	-3,80
31/07/2010	95.953	113.836	209.789	-5.030	-5.006	-10.036	-4,98	-4,21	-4,57
31/08/2010	96.369	115.163	211.532	416	1.327	1.743	0,43	1,17	0,83
30/09/2010	97.884	118.211	216.095	1.515	3.048	4.563	1,57	2,65	2,16
31/10/2010	102.293	121.601	223.894	4.409	3.390	7.799	4,50	2,87	3,61
30/11/2010	106.041	125.680	231.721	3.748	4.079	7.827	3,66	3,35	3,50
31/12/2010	111.241	126.072	237.313	5.200	392	5.592	4,90	0,31	2,41

Polo que se refire á evolución mensual do paro rexistrado durante o ano 2010, advertimos que o ano empezou co maior incremento de parados de todo o período, concretamente con 8.789 persoas desempregadas máis (3,94%) respecto ao mes de decembro, aumento que continúa nos meses de febreiro e marzo, aínda que a un ritmo algo máis baixo. Non obstante, a partir de abril inverteuse esta tendencia e diminuíu o paro como consecuencia do período estival, confirmando, unha vez máis, a estacionalidade no emprego, sendo o mes de xullo o que presentou o descenso máis notable, concretamente -10.036 desempregados (-4,57%), pero a partir de agosto o número de parados aumentou de maneira paulatina.

Se nos fixamos agora na evolución por sexo, observamos que os dous colectivos tiveron un comportamento moi semellante: aumentaron ou reduciron parados nos mesmos meses e en proporcións moi parecidas, agás excepcións como a que se produciu en decembro, mes en que os desempregados aumentaban en 5.592 homes (4,90%) e o paro feminino subía en 392 desempregadas (0,31%).




2.3.5.- Parados rexistrados por idade e xénero

	Homes	%	Mulleres	%	Total	%
≤25	14.691	13,21	12.268	9,73	26.959	11,36
26 a 35	30.828	27,71	34.946	27,72	65.774	27,72
36 a 45	25.500	22,92	33.176	26,32	58.676	24,73
46 a 55	22.745	20,45	26.792	21,25	49.537	20,87
≥56	17.477	15,71	18.890	14,98	36.367	15,32
Total	111.241	100	126.072	100	237.313	100

No tocante á distribución de parados por idade e sexo, o grupo de idade que presentaba os valores máis altos foi o comprendido entre 26 e 35 anos, acadando o 27,72% do total, seguido polo tramo de idade de 36 a 45 anos, co 24,73%. Pola contra, o colectivo en que aparecían as porcentaxes máis baixas foi no dos que tiñan unha idade de 25 ou menos anos.

O comportamento dos distintos colectivos por sexo foi similar ao descrito no parágrafo anterior; tamén predominou o tramo de entre 26 e 35 anos, tanto nos homes (27,71%) como nas mulleres (27,72%), con cifras practicamente idénticas, e o resto dos tramos tamén comparten porcentaxes parecidas.



2.3.6.- Evolución anual dos parados rexistrados por idade


	31/12/2006	31/12/2007	31/12/2008	31/12/2009	31/12/2010	2007	% variación	2008	% variación	2009	% variación	2010	% variación	V. m. anual
≤25	21.634	19.267	23.991	28.835	26.959	-2.367	-10,94	4.724	24,52	4.844	20,19	-1.876	-6,51	5,66
26 a 35	43.029	40.097	52.025	62.514	65.774	-2.932	-6,81	11.928	29,75	10.489	20,16	3.260	5,21	11,19
36 a 45	36.144	34.912	44.169	53.081	58.676	-1.232	-3,41	9.257	26,52	8.912	20,18	5.595	10,54	12,88
46 a 55	32.881	32.920	38.881	44.626	49.537	39	0,12	5.961	18,11	5.745	14,78	4.911	11,00	10,79
≥56	26.978	27.786	30.837	33.783	36.367	808	3,00	3.051	10,98	2.946	9,55	2.584	7,65	7,75
Total	160.666	154.982	189.903	222.839	237.313	-5.684	-3,54	34.921	22,53	32.936	17,34	14.474	6,50	10,24

Se analizamos a evolución anual dos parados rexistrados por idade, hai que destacar que, en termos xerais, os datos reflicten un aumento do volume total do número de parados, agás poucas excepcións, como foi en 2007; neste ano, o paro diminuíu en case todos os tramos, excepto nos maiores de 45 anos, en que sobe pero cunhas porcentaxes aínda modestas, sobre todo en comparación co aumento dos anos posteriores.

A outra excepción sitúase no ano 2010, en que o único grupo que rompe con esa tendencia de aumento do paro foi o de igual ou menores de 25 anos, que reduciu o número de desempregados en -1.876 persoas, o que supuxo, en termos relativos, un 6,51% menos.

O resto dos colectivos aumentaron, aínda que con valores menos elevados que os anos precedentes.

Por último, e incidindo na variación media anual, cómpre sinalar que o colectivo máis prexudicado foi o de 36 a 45 anos, cunha porcentaxe do 12,88%, mentres que o que saíu menos prexudicado foi o dos que teñen 25 anos ou menos, co 5,66%.




2.3.7.- Parados rexistrados por nivel formativo

	Homes	% Homes	Mulleres	% Mulleres	Total	% Total
Ata certificado de escolaridade	49.796	44,76	43.385	34,41	93.181	39,27
BUP / Bacharelato superior / COU	8.105	7,29	11.126	8,83	19.231	8,10
Formación profesional	13.118	11,79	19.689	15,62	32.807	13,82
Outras titulacións	35	0,03	86	0,07	121	0,05
Titulación ensino obrigatorio	33.277	29,91	35.578	28,22	68.855	29,01
Titulados universitarios	6.910	6,21	16.208	12,86	23.118	9,74
Total	111.241	100	126.072	100	237.313	100

Se nos referimos aos parados rexistrados por nivel formativo, a táboa amósanos que máis do 68% dos desempregados galegos só tiñan a titulación de ensino obrigatorio ou nin sequera chegaban a ela. Na seguinte posición, pero xa a bastante distancia, atopábanse os titulados en formación profesional (13,82%), seguidos dos titulados universitarios (9,74%), que se encontran por diante dos que teñen estudos de bacharelato (8,10%).


Se atendemos á distribución segundo o sexo, o comportamento foi moi semellante, aínda que con algunhas diferenzas; mentres no caso das mulleres onde menos paradas houbo foi no grupo con certificado de escolaridade (8,83%), no dos homes o colectivo onde menos desempregados houbo foi no de titulados universitarios (6,21%). Outra diferenza importante deuse nos titulados universitarios, en que a cifra de mulleres desempregadas supera en máis do dobre a dos homes.



2.3.8.- Evolución anual dos parados rexistrados por nivel formativo

	31/12/2006	31/12/2007	31/12/2008	31/12/2009	31/12/2010	2007	% variación	2008	% variación	2009	% variación	2010	% variación	V. m. anual
Ata certificado de escolaridade	59.060	59.016	70.605	84.009	93.181	-44	-0,07	11.589	19,64	13.404	18,98	9.172	10,92	12,07
BUP / Bacharelato superior / COU	15.315	14.432	17.102	19.087	19.231	-883	-5,77	2.670	18,50	1.985	11,61	144	0,75	5,86
Formación profesional	20.985	19.526	25.163	30.508	32.807	-1.459	-6,95	5.637	28,87	5.345	21,24	2.299	7,54	11,82
Outras titulacións	104	93	114	128	121	-11	-10,58	21	22,58	14	12,28	-7	-5,47	3,86
Titulación ensino obrigatorio	49.392	47.994	61.174	69.372	68.855	-1.398	-2,83	13.180	27,46	8.198	13,40	-517	-0,75	8,66
Titulados universitarios	15.810	13.921	15.745	19.735	23.118	-1.889	-11,95	1.824	13,10	3.990	25,34	3.383	17,14	9,97
Total	160.666	154.982	189.903	222.839	237.313	-5.684	-3,54	34.921	22,53	32.936	17,34	14.474	6,50	10,24

Se nos referimos á evolución anual, constatamos que, coa mencionada excepción do ano 2007, en que o paro descendeu en -3,54%, o número de parados galegos non deixou de medrar, acadando o maior incremento no ano 2008 (22,53%), seguido do 2009 cunha subida do 17,34% e situándose en 2010 nun 6,5% máis de desempregados. Aínda que no ano 2010 o grupo de titulados con ensino obrigatorio experimentou unha leve regresión (-0,75%), o dato é destacable, non tanto pola importancia das cifras, senón por ser practicamente o único colectivo onde se reduciu o desemprego nos últimos tres anos.




2.3.9.- Parados rexistrados por antigüidade na demanda

	Homes	% Homes	Mulleres	% Mulleres	Total	% Total
≤ 1 mes	14.430	12,97	12.024	9,54	26.454	11,15
De 1 a 3 meses	22.246	20,00	19.981	15,85	42.227	17,79
De 3 a 6 meses	17.330	15,58	17.641	13,99	34.971	14,74
De 6 a 12 meses	19.780	17,78	19.772	15,68	39.552	16,67
De 12 a 24 meses	20.646	18,56	23.017	18,26	43.663	18,40
Máis de 24 meses	16.809	15,11	33.637	26,68	50.446	21,26
Total	111.241	100	126.072	100	237.313	100

En canto á distribución dos desempregados segundo o tempo de busca de emprego, a porcentaxe máis elevada recóllena os que levaban na procura dun emprego máis de 24 meses (21,26%). Na seguinte posición encóntranse os que levaban de 12 a 24 meses, que supoñen o 18,40%. Pola contra, o colectivo con menor presenza nas listas do paro son aqueles que permanecían como máximo un mes (11,15%).

Por sexo, é salientable que a presenza feminina acade os valores máis altos no tramo dos que levaban parados máis de 24 meses (33.637), duplicando a cifra dos homes e convertendo este colectivo no máis castigado de todos.




2.3.10.- Evolución anual dos parados rexistrados por antigüidade na demanda

	31/12/2006	31/12/2007	31/12/2008	31/12/2009	31/12/2010	2007	% variación	2008	% variación	2009	% variación	2010	% variación	V. m. anual
≤ 1 mes	20.188	20.046	26.956	27.062	26.454	-142	-0,70	6.910	34,47	106	0,39	-608	-2,25	6,99
De 1 a 3 meses	31.367	31.208	43.804	42.558	42.227	-159	-0,51	12.596	40,36	-1.246	-2,84	-331	-0,78	7,72
De 3 a 6 meses	22.560	22.710	30.033	34.506	34.971	150	0,66	7.323	32,25	4.473	14,89	465	1,35	11,58
De 6 a 12 meses	21.870	21.758	28.522	41.404	39.552	-112	-0,51	6.764	31,09	12.882	45,17	-1.852	-4,47	15,97
De 12 a 24 meses	23.005	19.981	22.670	36.565	43.663	-3.024	-13,14	2.689	13,46	13.895	61,29	7.098	19,41	17,37
Máis de 24 meses	41.676	39.279	37.918	40.744	50.446	-2.397	-5,75	-1.361	-3,46	2.826	7,45	9.702	23,81	4,89
Total	160.666	154.982	189.903	222.839	237.313	-5.684	-3,54	34.921	22,53	32.936	17,34	14.474	6,50	10,24

Se nos fixamos agora na evolución do paro por antigüidade na demanda, observamos como o comportamento dos distintos colectivos variou segundo o ano; así, mentres en 2008 o colectivo que levaba desempregado máis de 24 meses foi o único en que se produciu un descenso do paro (-3,46%), no ano 2010 foi o que máis aumentou, con 9.702 persoas (23,81%). En cambio, o grupo de 6 a 12 meses, que durante os anos 2008 e 2009 rexistrou unha subida importante (31,09% e 45,17%, respectivamente), en 2010 experimentou un descenso dos parados en 1.852 persoas (-4,47%). O mesmo sucedeu cos que levaban buscando emprego un mes ou menos, os cales, despois dun aumento nos anos 2008 e 2009, tamén descenderon en 2010 en 608 persoas (-2,25%). En canto aos que levaban buscando emprego de 1 a 3 meses, descenderon tanto en 2009 como en 2010 (-2,84% e -0,78%, respectivamente).

Así pois, podemos afirmar que, durante o ano 2010, mentres o paro de curta duración descendeu, o de longa duración aumentou sensiblemente.

E se atendemos á variación media anual, todos os colectivos rexistraron porcentaxes positivas, destacando os que levaban na procura dun emprego de 12 a 24 meses, cos valores máis altos: 17,37%.



2.3.11.- Parados rexistrados por sector económico de procedencia

	Homes	% Homes	Mulleres	% Mulleres	Total	% total
SECTOR PRIMARIO	4.496	4,04	2.021	1,60	6.517	2,75
SECTOR SECUNDARIO	19.221	17,28	17.676	14,02	36.897	15,55
SECTOR CONSTRUCCIÓN	34.947	31,42	3.583	2,84	38.530	16,24
SECTOR SERVICIOS	42.727	38,41	84.215	66,80	126.942	53,49
SEN EMPREGO ANTERIOR	9.850	8,85	18.577	14,74	28.427	11,98
Total	111.241	100	126.072	100	237.313	100

Se nos referimos aos sectores produtivos, o sector servizos acaparaba máis da metade dos parados de Galicia (53,49%); a continuación situábanse, aínda que a bastante distancia, aqueles parados que procedían da construción, co 16,24%, seguidos moi de cerca polo sector secundario, co 15,55%. Pola contra, o sector primario agrupa o menor número de parados, representando o 2,75%.

Por sexo, tamén foi o sector servizos o que rexistrou o maior número de parados, pero mentres nas mulleres este sector englobaba o 66,80%, no caso dos homes supoñía o 38,41%; pola contra, o sector da construción representou o segundo sector en canto ao número de parados para os homes (31,42%), mentres que para as mulleres desempregadas este concentraba só o 2,84% do total. Respecto ao

sector primario, seguiu sendo o que presentaba as porcentaxes máis reducidas; en concreto, o 4,04% para os homes e o 1,6% para as mulleres.




2.3.12.- Evolución anual dos parados rexistrados por sector económico de procedencia

	31/12/2006	31/12/2007	31/12/2008	31/12/2009	31/12/2010	2007	% variación	2008	% variación	2009	% variación	2010	% variación	V. m. anual
SECTOR PRIMARIO	5.056	4.995	5.806	6.343	6.517	-61	-1,21	811	16,24	537	9,25	174	2,74	6,55
SECTOR SECUNDARIO	25.778	24.488	30.255	35.040	36.897	-1.290	-5,00	5.767	23,55	4.785	15,82	1.857	5,30	9,38
SECTOR CONSTRUCCIÓN	17.123	16.925	27.138	36.190	38.530	-198	-1,16	10.213	60,34	9.052	33,36	2.340	6,47	22,48
SECTOR SERVICIOS	89.211	85.494	103.069	121.704	126.942	-3.717	-4,17	17.575	20,56	18.635	18,08	5.238	4,30	9,22
SEN EMPREGO ANTERIOR	23.498	23.080	23.635	23.562	28.427	-418	-1,78	555	2,40	-73	-0,31	4.865	20,65	4,88
Total	160.666	154.982	189.903	222.839	237.313	5.684	-3,54	34.921	22,53	32.936	17,34	14.474	6,50	10,24

Os datos da táboa anterior, relativos á evolución anual dos parados por sector económico, mostran como a partir do ano 2008 os desempregados non deixaron de subir, alcanzando este ano o seu nivel máis alto, cun aumento do 22,53% respecto ao ano anterior, e destacando especialmente o sector da construción, onde a subida foi do 60,34%. En 2009 o desemprego tamén creceu, aínda que algo menos que o ano anterior (17,34%). Neste ano tamén a construción foi o sector máis castigado, mentres que, polo contrario, os parados sen emprego anterior descendían un 0,31%.

En 2010 tamén se incrementou o paro, pero con cifras máis moderadas (6,50%), sendo o máis afectado, en termos relativos, o colectivo que non traballara nunca, cunha subida do 20,65%, seguido do sector da construción, co 6,47%.

En canto á variación media anual, o sector que rexistrou as cifras máis altas foi o da construción, acadando un valor do 22,48%, seguido, aínda que a bastante distancia, do sector secundario (9,38%) e dos servizos (9,22%).




2.3.13.- Parados rexistrados por gran grupo de ocupación

	Homes	% Homes	Mulleres	% Mulleres	Total	% Total
Artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras, a construción e a minaría, agás os operadores de instalacións e maquinaria	38.603	34,70	5.636	4,47	44.239	18,64
Dirección das empresas e das administracións públicas	1.199	1,08	485	0,38	1.684	0,71
Empregados de tipo administrativo	5.015	4,51	18.835	14,94	23.850	10,05
Forzas armadas	87	0,08	23	0,02	110	0,05
Operadores de instalación e maquinaria, e montadores	13.695	12,31	6.975	5,53	20.670	8,71
Técnicos e profesionais científicos e intelectuais	5.579	5,02	11.185	8,87	16.764	7,06
Técnicos e profesionais de apoio	11.299	10,16	9.738	7,72	21.037	8,86
Traballadores cualificados na agricultura e na pesca	4.630	4,16	1.894	1,50	6.524	2,75
Traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores dos comercios	8.835	7,94	41.628	33,02	50.463	21,26
Traballadores non cualificados	22.299	20,05	29.673	23,54	51.972	21,90
Total	111.241	100	126.072	100	237.313	100

Se nos centramos nos parados rexistrados por gran grupo de ocupación, a maioría dos parados concentrábanse nos grupos de “traballadores non cualificados” e nos “traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores dos comercios”, cunhas proporcións moi parecidas, concretamente o 21,90% e 21,26% respectivamente, seguidos polos “artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras, a construción e a minaría, agás os operadores de instalacións e maquinaria”, co 18,64%.

Polo que respecta ao xénero, a maioría das paradas galegas concentrábanse no grupo de “traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores dos comercios”, co 33,02%, seguido do grupo “traballadores non cualificados”, co 23,54%; deste xeito, estes dous grupos aglutinan máis da metade das mulleres paradas. No caso dos homes, o gran grupo que destacou foi o de “artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras, a construción e a minaría, agás os operadores de instalacións e maquinaria”, co 34,70%, seguido do grupo “traballadores non cualificados”, co 20,05%.




2.3.14.- Evolución anual dos parados rexistrados por gran grupo de ocupación

	31/12/2006	31/12/2007	31/12/2008	31/12/2009	31/12/2010	2007	% variación	2008	% variación	2009	% variación	2010	% variación	V. m. anual
Artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras, a construción e a minaría, agás os operadores de instalacións e maquinaria	22.830	22.165	33.495	41.486	44.239	-665	-2,91	11.330	51,12	7.991	23,86	2.753	6,64	17,98
Dirección das empresas e das administracións públicas	1.142	1.117	1.280	1.543	1.684	-25	-2,19	163	14,59	263	20,55	141	9,14	10,20
Empregados de tipo administrativo	17.918	16.468	19.292	22.323	23.850	-1.450	-8,09	2.824	17,15	3.031	15,71	1.527	6,84	7,41
Forzas armadas	62	85	95	87	110	23	37,10	10	11,76	-8	-8,42	23	26,44	15,41
Operadores de instalación e maquinaria, e montadores	12.914	12.762	17.109	19.203	20.670	-152	-1,18	4.347	34,06	2.094	12,24	1.467	7,64	12,48
Técnicos e profesionais científicos e intelectuais	12.121	10.557	11.735	14.546	16.764	-1.564	-12,90	1.178	11,16	2.811	23,95	2.218	15,25	8,45
Técnicos e profesionais de apoio	13.938	12.979	15.663	19.404	21.037	-959	-6,88	2.684	20,68	3.741	23,88	1.633	8,42	10,84
Traballadores cualificados na agricultura e na pesca	5.176	5.039	5.753	6.425	6.524	-137	-2,65	714	14,17	672	11,68	99	1,54	5,96
Traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores dos comercios	38.195	36.945	41.634	48.207	50.463	-1.250	-3,27	4.689	12,69	6.573	15,79	2.256	4,68	7,21
Traballadores non cualificados	36.370	36.865	43.847	49.615	51.972	495	1,36	6.982	18,94	5.768	13,15	2.357	4,75	9,33
Total	160.666	154.982	189.903	222.839	237.313	-5.684	-3,54	34.921	22,53	32.936	17,34	14.474	6,50	10,24

A evolución dos demandantes parados por gran grupo de ocupación no período 2006-2010 manifesta unha tendencia ao crecemento do desemprego, coa excepción do ano 2007, concentrando o crecemento máis notable o ano 2008, mentres que en 2010 foi máis moderado. O aumento que se produciu en todos os grupos, e xa referíndonos a 2010, afectou con maior intensidade ao gran grupo “forzas armadas”, cun aumento do 26,44%, pero as cifras que nos ofrece este grupo son tan pequenas que non son significativas. A continuación atópanse os “técnicos e profesionais de apoio”, co 15,25%, seguidos, aínda que a bastante distancia, por “dirección das empresas e das administracións públicas”, co 9,14%. Pola contra, o grupo onde menos medrou o paro, en termos relativos, foi o de “traballadores cualificados na agricultura e na pesca”, co 1,54%.

En canto á variación media anual, o grupo que rexistrou o valor máis alto foi o de “artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras, a construción e a minaría, agás os operadores de instalacións e maquinaria”, cunha variación media anual do 17,98%, seguido do grupo das “forzas armadas”, co 15,41%, e de “operadores de instalación e maquinaria, e montadores”, co 12,48%. Pola contra, o

grupo de “traballadores cualificados na agricultura e na pesca” experimentou a menor variación media (5,96%).




2.3.15.- As dez ocupacións máis demandadas


	Homes	Mulleres	Total	% Total
DEPENDENTE DE COMERCIO, EN XERAL	1.598	18.350	19.948	8,41
PERSOAL DE LIMPEZA OU LIMPADOR, EN XERAL	1.040	13.910	14.950	6,30
EMPREGADO ADMINISTRATIVO, EN XERAL	2.901	10.908	13.809	5,82
ALBANEL	8.573	63	8.636	3,64
PEÓN DA INDUSTRIA MANUFACTUREIRA, EN XERAL	3.841	2.620	6.461	2,72
PEÓN DA CONSTRUCCIÓN DE EDIFICIOS	6.321	61	6.382	2,69
CAMAREIRO, EN XERAL	2.447	3.378	5.825	2,45
ASISTENTE DOMICILIARIO	57	3.637	3.694	1,56
COCIÑEIRO, EN XERAL	834	2.798	3.632	1,53
CONDUTOR DE CAMIÓN, EN XERAL	3.273	51	3.324	1,40

Se analizamos especificamente as ocupacións máis demandadas polos desempregados galegos, observamos que, agás a que figura no décimo lugar, que cambia, as demais son exactamente as mesmas que as do ano anterior, na mesma orde e con porcentaxes moi semellantes. Así, a ocupación máis solicitada polos desempregados galegos foi a de “dependente de comercio, en xeral” (8,41%), seguida da de “persoal de limpeza ou limpador, en xeral” (6,30%), e en terceiro lugar atópase “empregado administrativo, en xeral”, co 5,82% do total.

Analizando as ocupacións demandadas por sexo, observamos que o xénero inflúe na demanda; así, nas tres ocupacións que encabezan a listaxe, a maioría son mulleres, mentres que na de albanel se inverte a situación e a gran maioría son homes. De feito, só dúas ocupacións, “camareiro, en xeral” e “peón da industria manufactureira, en xeral”, teñen unha demanda masculina e feminina con cifras máis parecidas.



2.3.16.- Perfil tipo do demandante parado en Galicia¹



2.3.17.- Perfil tipo da demandante parada en Galicia¹



(1) Para elaborar os informes seguintes, tivéronse en conta, de forma independente, os valores máis repetidos obtidos en cada unha das distintas variables.

2.4. CONTRATOS

2.4.1.- Contratos realizados por xénero


	Homes	Mulleres	Total
GALICIA	353.905	326.719	680.624
ESPAÑA	7.812.739	6.604.411	14.417.150

No ano 2010 rexistráronse 680.624 contratos en Galicia, o que representou o 4,72% do total da contratación do Estado.

A contratación total reduciuse en Galicia durante o último ano en 2.507 contratos, resultando, en termos relativos, un crecemento negativo do -0,37%.

Foron os homes os que rexistraron o maior número de contratos, concentrando o 51,99%, mentres que a contratación feminina supuxo o 48%; esta proporción significa que a diferenza entre homes e mulleres foi de case o 4% a favor dos homes.


Hai que sinalar, como dato negativo, que estas diferenzas aumentaron en case dous puntos respecto ao ano 2009.



2.4.2.- Contratos realizados por provincia

	Homes	% Homes	Mulleres	% Mulleres	Total	% Total
A CORUÑA	147.596	41,70	141.745	43,38	289.341	42,51
LUGO	32.273	9,12	31.082	9,51	63.355	9,31
OURENSE	29.099	8,22	27.704	8,48	56.803	8,35
PONTEVEDRA	144.937	40,95	126.188	38,62	271.125	39,83
TOTAL GALICIA	353.905	100	326.719	100	680.624	100

Foi nas provincias da Coruña e Pontevedra onde se rexistrou o maior número de contratos, sumando entre as dúas o 82,35 da contratación total de Galicia. Pola contra, as dúas provincias restantes recollen un número de contratos significativamente máis baixo; deste xeito, Lugo concentrou o 9,31%, mentres que Ourense foi a provincia cun peso porcentual menor, concretamente o 8,35%.




2.4.3.- Evolución anual do número de contratos por xénero

	2006	2007	2008	2009	2010	2007	%	2008	%	2009	%	2010	%	V. m. anual
HOMES	458.760	456.242	410.458	350.240	353.905	-2.518	-0,55	45.784	-10,04	-60.218	-14,67	3.665	1,05	-6,28
MULLERES	398.834	408.390	383.712	332.891	326.719	9.556	2,40	24.678	-6,04	-50.821	-13,24	-6.172	-1,85	-4,86
TOTAL														
GALICIA	857.594	864.632	794.170	683.131	680.624	7.038	0,82	70.462	-8,15	-111.039	-13,98	-2.507	-0,37	-5,61


A evolución da contratación dos últimos cinco anos mostra como se produciu un descenso no número de contratos a partir do ano 2008; esta redución foi moito máis pronunciada nos anos 2008 e 2009, moderándose no ano 2010 e rematando o quinquenio cunha variación media do -5,61%.

Por sexo, o colectivo masculino foi o máis prexudicado; comezou a sentir a caída na contratación un ano antes que as mulleres, remontando en 2010 cun incremento na contratación de 3.665 contratos, o que supuxo o 1,05%, pero esta subida non foi suficiente para contrarrestar os datos negativos anteriores, o que fixo que este colectivo obtivese unha variación media do -6,28%.

Polo que respecta ao colectivo de mulleres, a diminución na contratación iníciase en 2008, un ano despois que no caso dos homes, e continúa ata 2010, deixando os anos 2008 e 2009 os peores resultados do quinquenio, así como unha variación media anual do -4,86%.



Variación anual de contratación por xénero




2.4.4.- Evolución mensual do número de contratos

Data	Homes	Mulleres	Total	Variación			% Variación		
				Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
31/12/2009	22.658	24.598	47.256						
XANEIRO	24.662	24.353	49.015	2.004	-245	1.759	8,84	-1,00	3,72
FEBREIRO	23.599	21.690	45.289	-1.063	-2.663	-3.726	-4,31	-10,93	-7,60
MARZO	27.073	24.872	51.945	3.474	3.182	6.656	14,72	14,67	14,70
ABRIL	26.932	23.752	50.684	-141	-1.120	-1.261	-0,52	-4,50	-2,43
MAIO	29.607	25.330	54.937	2.675	1.578	4.253	9,93	6,64	8,39
XUÑO	33.454	29.349	62.803	3.847	4.019	7.866	12,99	15,87	14,32
XULLO	41.441	36.451	77.892	7.987	7.102	15.089	23,87	24,20	24,03
AGOSTO	31.919	27.275	59.194	-9.522	-9.176	-18.698	-22,98	-25,17	-24,01
SETEMBRO	32.709	31.985	64.694	790	4.710	5.500	2,48	17,27	9,29
OUTUBRO	29.869	29.051	58.920	-2.840	-2.934	-5.774	-8,68	-9,17	-8,93
NOVEMBRO	27.946	26.674	54.620	-1.923	-2.377	-4.300	-6,44	-8,18	-7,30
DECEMBRO	24.694	25.937	50.631	-3.252	-737	-3.989	-11,64	-2,76	-7,30

Atendendo á evolución mensual da contratación, vemos como o ano arranca cun aumento da contratación do 3,72%, diminúe en febreiro nun -7,60%, para volver a aumentar en marzo (14,70%) e baixar en abril (-2,43%). Esta oscilación na contratación detense no período estival, onde se experimenta unha certa estabilización, cun aumento progresivo da contratación desde maio a xullo, para dar paso a agosto, que presentaba as cifras máis negativas de todo o período, como vén sendo habitual, perdendo 18.698 contratos (24,01%), o que o convertía no peor mes de todo o ano. Nos meses restantes, coa excepción de setembro, a contratación continuou caendo, aínda que de xeito máis moderado que no mes de agosto.

Así pois, a situación descrita podería indicar que a contratación segue vinculada aos meses do verán.

Polo que respecta ao sexo, o comportamento foi moi similar: a contratación diminúe ou aumenta nos mesmos meses (agás en xaneiro, mes en que mentres os homes aumentan un 8,84% a contratación, as mulleres diminúen un -1%) para ambos os dous sexos, producíndose as diferenzas nas porcentaxes, aínda que na maioría dos meses non son significativas.




2.4.5.- Evolución mensual dos demandantes parados e contratados

	Parados	Contratados	Variación		% Parados	% Contratados
31/12/2009	222.839	36.600				
XANEIRO	231.628	40.628	8.789	4.028	3,94	11,01
FEBREIRO	234.171	37.321	2.543	-3.307	1,10	-8,14
MARZO	236.449	40.540	2.278	3.219	0,97	8,63
ABRIL	233.916	40.565	-2.533	25	-1,07	0,06
MAIO	228.507	41.540	-5.409	975	-2,31	2,40
XUÑO	219.825	48.688	-8.682	7.148	-3,80	17,21
XULLO	209.789	62.078	-10.036	13.390	-4,57	27,50
AGOSTO	211.532	45.403	1.743	-16.675	0,83	-26,86
SETEMBRO	216.095	51.215	4.563	5.812	2,16	12,80
OUTUBRO	223.894	46.096	7.799	-5.119	3,61	-10,00
NOVEMBRO	231.721	42.217	7.827	-3.879	3,50	-8,42
DECEMBRO	237.313	38.528	5.592	-3.689	2,41	-8,74

No cadro anterior pódese ver a evolución mensual das persoas desempregadas e contratadas. Debido a que o número de persoas paradas é moi superior á de persoas contratadas, para realizar a comparativa e analizar a evolución prestarémoslles máis atención ás porcentaxes. Deste xeito, cabe destacar que na columna dos desempregados se produciu un ritmo de crecemento continuo ao longo de todo o ano (coa excepción dos meses de abril a xullo, que incluírían a Semana Santa e o verán), mentres que a de contratados amosa un cadro moi variable, con grandes saltos nas cifras: hai meses en que se produciu un incremento da contratación, seguidos doutros con descenso acusados; así, no mes de xullo subiu o número de contratados un 27,50% e no mes de agosto produciuse o maior descenso de todo o ano: -26,86%.

Outro dos fenómenos que contemplamos ao observar a táboa anterior é que hai meses en que o paro diminuíu e a cifra de contratados aumentaba, tal como aconteceu no período estival, aínda que ás veces con porcentaxes moi dispares, como ocorría no mes de xullo, en que a cifra de parados baixa un 4,57% e a de contratados sobe un 27,50%. Pero a tese de que o aumento da contratación é directamente proporcional á diminución do paro non sempre se cumpre; de feito, houbo meses en que se incrementou a cifra de contratados e, non obstante, non se logrou frear a caída de postos de traballo, o que nos está indicando que non sempre hai unha vinculación directa entre o aumento dos contratados e o descenso dos parados.




2.4.6.- Contratos por idade e xénero

	Homes	%	Mulleres	%	Total	%
≤25	87.019	24,59	82.645	25,30	169.664	24,93
26 a 35	132.394	37,41	120.549	36,90	252.943	37,16
36 a 45	76.564	21,63	75.408	23,08	151.972	22,33
46 a 55	43.764	12,37	39.596	12,12	83.360	12,25
≥56	14.164	4,00	8.521	2,61	22.685	3,33
	353.905	100	326.719	100	680.624	100

Desde a perspectiva da idade, vemos que o colectivo de entre 26 a 35 anos era o que recollía as porcentaxes máis elevadas (37,16%), seguido dos menores de 26 anos, co 24,93%, e do grupo do 36 a 45 anos, co 22,33%. Pola contra, os maiores de 55 anos só concentraron o 3,33% da contratación.


Polo que respecta á análise por sexo, a situación foi moi similar, sendo a distribución entre ambos os dous sexos bastante homoxénea; os grupos de idade máis contratados foron os mesmos, con porcentaxes moi semellantes.



2.4.7.- Evolución anual da contratación por idade

	2006	2007	2008	2009	2010	2007	% variación	2008	% variación	2009	% variación	2010	% variación	V. m. anual
≤25	267.498	266.807	231.956	178.551	169.664	-691	-0,26	-34.851	-13,06	-53.405	-23,02	-8.887	-4,98	-10,76
26 a 35	318.998	315.640	286.334	250.398	252.943	3.358	-1,05	-29.306	-9,28	-35.936	-12,55	2.545	1,02	-5,64
36 a 45	164.939	169.834	165.039	148.681	151.972	4.895	2,97	-4.795	-2,82	-16.358	-9,91	3.291	2,21	-2,03
46 a 55	82.486	87.703	86.722	82.281	83.360	5.217	6,32	-981	-1,12	-4.441	-5,12	1.079	1,31	0,26
≥56	23.673	24.648	24.119	23.220	22.685	975	4,12	-529	-2,15	-899	-3,73	-535	-2,30	-1,06
Total	857.594	864.632	794.170	683.131	680.624	7.038	0,82	-70.462	-8,15	-111.039	-13,98	-2.507	-0,37	-5,61

Cómpre sinalar, en primeiro lugar, que a contratación con mozos menores de 26 anos rexistrou ao longo de todo o quinquenio non só unha diminución continuada, senón que ademais acadou os valores negativos máis altos, polo que resulta o grupo que sae peor parado, alcanzando así a maior variación interanual negativa (-10,76%). Nos grupos de idades restantes, a contratación compórtase de maneira diferente, dependendo do ano ou do grupo; así, o colectivo de 26 a 35 anos, despois de perder contratos de xeito continuo no ano 2010, experimenta un incremento relativo do 1,02%, finalizando o período cunha variación media do -5,64%. Comportamento parecido tiveron os grupos de 36 a 45 e de 46 a 55, os cales tamén descendieron na contratación ata o ano 2010, en que experimentaron un incremento do 2,21% e 1,31% respectivamente. En canto aos maiores de 55 anos, aínda que foron os que, en termos absolutos, perderon menos contratos, non deixaron de rexistrar un descenso continuo en todos os anos, tendo unha variación media anual do -1,06%.




2.4.8.- Contratos por nivel formativo

	Homes	%	Mulleres	%	Total	%
Ata certificado de escolaridade	89.147	25,19	54.758	16,76	143.905	21,14
BUP / Bacharelato superior / COU	47.749	13,49	51.735	15,83	99.484	14,62
Formación profesional	41.778	11,80	47.674	14,59	89.452	13,14
Titulación ensino obrigatorio	153.700	43,43	130.359	39,90	284.059	41,74
Titulados universitarios	21.531	6,08	42.193	12,91	63.724	9,36
Total	353.905	100	326.719	100	680.624	100

Analizando a contratación por nivel formativo, cabe destacar que a maior parte da contratación se concentraba nos titulados con ensino obrigatorio (41,74%), seguidos polo colectivo que ten ata certificado de escolaridade (21,14%), de maneira que máis do 60% da contratación en Galicia se realizou con persoas de baixo nivel de cualificación.


Se a análise se fai por sexo, o comportamento foi moi semellante: o maior número de contratos rexistrouse nos grupos con titulación máis baixa, pero a medida que ascendemos en titulación o número de contratos nas mulleres supera os dos homes, e xa no caso dos titulados universitarios a preeminencia das mulleres constátase en que a contratación feminina duplicou a masculina, 42.193 fronte a 21.531.



2.4.9.- Evolución anual da contratación por nivel formativo

	2006	2007	2008	2009	2010	2007	% variación	2008	% variación	2009	% variación	2010	% variación	V. m. anual
Ata certificado de escolaridade	174.116	172.557	159.825	138.320	143.905	-1.559	-0,90	12.732	-7,38	-21.505	-13,46	5.585	4,04	-4,65
BUP / Bacharelato superior / COU	132.250	140.106	123.433	98.240	99.484	7.856	5,94	16.673	-11,90	-25.193	-20,41	1.244	1,27	-6,87
Formación profesional	124.600	121.098	109.369	91.930	89.452	-3.502	-2,81	11.729	-9,69	-17.439	-15,95	-2.478	-2,70	-7,95
Titulación ensino obrigatorio	335.065	341.436	320.149	287.610	284.059	6.371	1,90	21.287	-6,23	-32.539	-10,16	-3.551	-1,23	-4,04
Titulados universitarios	91.563	89.435	81.394	67.031	63.724	-2.128	-2,32	-8.041	-8,99	-14.363	-17,65	-3.307	-4,93	-8,66
Total	857.594	864.632	794.170	683.131	680.624	7.038	0,82	70.462	-8,15	111.039	-13,98	-2.507	-0,37	-5,61

En xeral, a contratación recolle variacións negativas, con algunhas excepcións: a do ano 2007, en que se rexistrou un incremento da contratación nos que tiñan a titulación de BUP/Bacharelato superior/COU (5,94%) e a titulación de ensino obrigatorio (1,90%), e a do ano 2010, en que os que posuían ata certificado de escolaridade aumentaron en 5.585 contratos (4,04%) e os que tiñan BUP/Bacharelato superior/COU en 1.244 contratos (1,27%); aínda así, estes datos positivos non son suficientes para evitar que todos os grupos rematen o quinquenio cunha variación media negativa, destacando os titulados universitarios, cun -8,66%.




2.4.10.- Contratos por tipoloxía

	Homes	%	Mulleres	%	Total	%
Indefinido	28.116	7,94	17.420	5,33	45.536	6,69
Indefinido tempo parcial	4.477	1,27	9.999	3,06	14.476	2,13
Outros	13.495	3,81	4.399	1,35	17.894	2,63
Prácticas/Formación	4.693	1,33	4.468	1,37	9.161	1,35
Temporal	243.728	68,87	172.277	52,73	416.005	61,12
Temporal tempo parcial	59.396	16,78	118.156	36,16	177.552	26,09
Total	353.905	100	326.719	100	680.624	100

Unha vez máis, a contratación temporal que engloba os contratos temporais a xornada completa (61,12%) e a tempo parcial (26,09%) supuxeron o 87,21% da contratación total de Galicia, mentres que os indefinidos representaron o 8,82% e os de prácticas/formación tan só o 1,35%.


No que respecta á contratación por sexo, o comportamento foi moi semellante; tamén houbo un predominio da contratación temporal sobre a indefinida, aínda que a contratación parcial feminina representou un maior volume, 118.156 contratos, fronte aos 59.396 do colectivo masculino no caso dos contratos temporais. No caso da contratación parcial indefinida, rexistráronse 9.999 contratos para as mulleres e 4.477 para os homes.



2.4.11.- Evolución anual da contratación por tipoloxía

	2006	2007	2008	2009	2010	2007	% variación	2008	% variación	2009	% variación	2010	% variación	V. m. anual
Indefinido	78.912	81.291	71.079	52.293	45.536	2.379	3,01	-10.212	-12,56	-18.786	-26,43	-6.757	-12,92	-12,84
Indefinido tempo parcial	16.683	17.417	16.998	14.749	14.476	734	4,40	-419	-2,41	-2.249	-13,23	-273	-1,85	-3,49
Outros	28.804	20.195	18.876	20.380	17.894	-8.609	-29,89	-1.319	-6,53	1.504	7,97	-2.486	-12,20	-11,22
Prácticas/Formación	20.181	19.927	14.340	10.077	9.161	-254	-1,26	-5.587	-28,04	-4.263	-29,73	-916	-9,09	-17,92
Temporal	532.646	541.849	496.591	417.867	416.005	9.203	1,73	-45.258	-8,35	-78.724	-15,85	-1.862	-0,45	-5,99
Temporal tempo parcial	180.368	183.953	176.286	167.765	177.552	3.585	1,99	-7.667	-4,17	-8.521	-4,83	9.787	5,83	-0,39
Total	857.594	864.632	794.170	683.131	680.624	7.038	0,82	-70.462	-8,15	-111.039	-13,98	-2.507	-0,37	-5,61

Atendendo á evolución anual da contratación por tipoloxía, o quinquenio arranca co único ano que rexistrou un crecemento positivo, agás as modalidades “outros” (onde se engloban distintos tipos de contratos, como colaboración social, discapacitados, xubilación especial aos 64 anos, etc.) e “prácticas e formación”, que presentan unha diminución de -29,89% e -1,26% respectivamente. A partir de 2008, en xeral, todos os tipos experimentaron un crecemento negativo, agás contadas excepcións, como a tipoloxía de “outros”, que en 2009 rexistra o único dato positivo, un incremento de 1.504 contratos (7,97%), e no ano 2010 os contratos temporais a tempo parcial, que aumentaron en 9.787 contratos (5,83%). Deste xeito, todos os tipos de contratación sufriron unha variación media anual negativa, destacando especialmente os contratos de prácticas/formación (-17,92%), seguidos da contratación indefinida (-12,84%).




2.4.12.- Índice de rotación


	Contratos	Contratados	Índice de rotación
2006	857.594	416.336	2,06
2007	864.632	415.530	2,08
2008	794.170	379.649	2,09
2009	683.131	326.507	2,09
2010	680.624	314.226	2,17

O índice de rotación é a relación entre o número de contratos e o número de persoas contratadas nun período de tempo. A táboa mostra como a media de contratos que se lle realizaron a unha persoa medrou desde 2006 ata 2008, estancándose en 2009 para experimentar un maior incremento no ano 2010, onde cada persoa tivo unha media de 2,17%.

No conxunto do período de referencia obsérvase un crecemento do 0,11, producíndose así a variación máis alta dos últimos anos.



2.4.13.- Mobilidade dos contratos por xénero en Galicia



No relativo ao fluxo de traballadores que entran e saen da nosa comunidade autónoma, obsérvase que os valores máis altos se atopan nos contratados que saen

cara a outras comunidades autónomas, o que significa que Galicia é unha comunidade que exporta traballadores.


Por xénero, non existen diferenzas, coa excepción de que as maiores taxas de mobilidade lles corresponde aos homes.

2.4.14.- Contratos por sector económico

	Homes	%	Mulleres	%	Total	%
SECTOR PRIMARIO	17.855	5,05	3.069	0,94	20.924	3,07
SECTOR SECUNDARIO	37.087	10,48	20.820	6,37	57.907	8,51
SECTOR CONSTRUCCIÓN	57.637	16,29	3.451	1,06	61.088	8,98
SECTOR SERVICIOS	241.326	68,19	299.379	91,63	540.705	79,44
Total	353.905	100	326.719	100	680.624	100

No que se refire á contratación por sector económico, o sector máis importante foi o de servizos, que concentrou o 79,44% da totalidade da contratación, seguido, aínda que a moita distancia, polos sectores da construción e secundario, que alcanzan unhas porcentaxes do 8,98% e 8,51%, respectivamente. Respecto ao sector primario, apenas supuxo un 3,07% da totalidade da contratación.


Por sexo, ambos comparten a preponderancia do sector servizos, aínda que no caso das mulleres ten un predominio case exclusivo, acadando o 91,63% da totalidade da contratación; pero no resto dos sectores si que existen diferenzas: mentres o colectivo masculino engloba o 16,25% da contratación no sector da construción, no caso das mulleres só supuxo un 1,06%. Tamén no sector secundario os contratos realizados a homes foron superiores aos asinados por mulleres, 10,48% e 6,37%, situación que se reproducu co sector primario, no que o número de contratos masculinos supuxo o 5,05% e o dos femininos o 0,94%.



2.4.15.- Evolución anual da contratación por sector económico

	2006	2007	2008	2009	2010	2007	% variación	2008	% variación	2009	% variación	2010	% variación	V. m. anual
SECTOR PRIMARIO	21.727	21.312	23.876	21.280	20.924	-415	-1,91	2.564	12,03	-2.596	-10,87	-356	-1,67	-0,94
SECTOR SECUNDARIO	93.581	92.247	77.192	62.021	57.907	-1.334	-1,43	-15.055	-16,32	-15.171	-19,65	-4.114	-6,63	-11,31
SECTOR CONSTRUCCIÓN	106.600	101.679	81.641	68.721	61.088	-4.921	-4,62	-20.038	-19,71	-12.920	-15,83	-7.633	-11,11	-12,99
SECTOR SERVICIOS	635.686	649.394	611.461	531.107	540.705	13.708	2,16	-37.933	-5,84	-80.354	-13,14	9.598	1,81	-3,97
Total	857.594	864.632	794.170	683.131	680.624	7.038	0,82	-70.462	-8,15	-111.039	-13,98	-2.507	-0,37	-5,61

En canto á evolución quinquenal da contratación por sector económico, destaca a diminución paulatina da contratación a partir de 2008, sendo este mesmo ano, xunto con 2009, o que rexistra os maiores descenso. No entanto, non todos os sectores experimentan a mesma diminución; destacan especialmente as reducións do sector da construción, que neste caso xa comezou no ano 2007 e rematou o período rexistrando o valor negativo máis alto (-12,99%). Na evolución do último ano tamén houbo un descenso na contratación, aínda que máis moderado que o dos anos anteriores; non obstante, cómpre sinalar que se produciu un incremento no sector servizos de 9.598 contratos, o que supuxo un 1,81%, pero esta subida non logrou evitar que tamén este sector tivese unha variación media anual negativa.




2.4.16.- Contratos por gran grupo de ocupación

	Homes	%	Mulleres	%	Total	%
Forzas armadas	554	0,16	1.055	0,32	1.609	0,24
Dirección das empresas e das administracións públicas	1.164	0,33	605	0,19	1.769	0,26
Técnicos e profesionais científicos e intelectuais	30.120	8,51	28.326	8,67	58.446	8,59
Técnicos e profesionais de apoio	30.956	8,75	27.172	8,32	58.128	8,54
Empregados de tipo administrativo	15.020	4,24	38.765	11,86	53.785	7,90
Traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores dos comercios	51.871	14,66	127.035	38,88	178.906	26,29
Traballadores cualificados na agricultura e na pesca	8.965	2,53	1.990	0,61	10.955	1,61
Artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras, a construción e a minaría, agás os operadores de instalacións e maquinaria	66.252	18,72	12.623	3,86	78.875	11,59
Operadores de instalación e maquinaria, e montadores	52.877	14,94	11.460	3,51	64.337	9,45
Traballadores non cualificados	96.126	27,16	77.688	23,78	173.814	25,54
Total	353.905	100	326.719	100	680.624	100

En canto á distribución dos contratos segundo o gran grupo de ocupación, pódese observar como o gran grupo “traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores dos comercios” concentrou o 26,29% da totalidade da contratación, seguido moi de cerca polos “traballadores non cualificados”, co 25,54%; deste xeito, máis da metade dos contratos concéntranse nestes dous grupos. O resto dos grupos obteñen pesos porcentuais moito máis baixos, e poderíamos englobalos en dous conxuntos: uns que acadan unha porcentaxe de arredor do 10% e outros que apenas chegan ao 1%.

Por xénero, as principais diferenzas atópanse en que, mentres que a contratación masculina predominou no gran grupo “traballadores non cualificados” (27,18%), seguido do grupo de “artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras, a construción e a minaría, agás os operadores de instalacións e maquinaria” (18,72%), as mulleres foron máis contratadas no gran grupo “traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores dos comercios” (38,88%), así como no de “traballadores non cualificados”, co 23,78%.

Contratos por gran grupo de ocupación




2.4.17.- Evolución anual da contratación por gran grupo de ocupación

	2006	2007	2008	2009	2010	2007	% variación	2008	% variación	2009	% variación	2010	% variación	V. m. anual
Artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras, a construción e a minaría, agás os operadores de instalacións e maquinaria	130.120	124.670	107.069	87.971	78.875	-5.450	-4,19	-17.601	-14,12	-19.098	-17,84	-9.096	-10,34	-11,76
Dirección das empresas e das administracións públicas	2.371	2.383	2.206	1.759	1.769	12	0,51	-177	-7,43	-447	-20,26	10	0,57	-7,06
Empregados de tipo administrativo	80.564	78.387	75.253	57.518	53.785	-2.177	-2,70	-3.134	-4,00	-17.735	-23,57	-3.733	-6,49	-9,61
Forzas armadas	2.771	5.403	299	497	1.609	2.632	94,98	-5.104	-94,47	198	66,22	1.112	223,74	-12,71
Operadores de instalación e maquinaria, e montadores	78.674	85.064	77.654	61.684	64.337	6.390	8,12	-7.410	-8,71	-15.970	-20,57	2.653	4,30	-4,91
Técnicos e profesionais científicos e intelectuais	68.296	67.162	66.990	60.449	58.446	-1.134	-1,66	-172	-0,26	-6.541	-9,76	-2.003	-3,31	-3,82
Técnicos e profesionais de apoio	63.260	69.079	67.158	60.942	58.128	5.819	9,20	-1.921	-2,78	-6.216	-9,26	-2.814	-4,62	-2,09
Traballadores cualificados na agricultura e na pesca	13.259	13.172	13.917	11.346	10.955	-87	-0,66	745	5,66	-2.571	-18,47	-391	-3,45	-4,66
Traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores dos comercios	188.896	194.449	187.739	172.198	178.906	5.553	2,94	-6.710	-3,45	-15.541	-8,28	6.708	3,90	-1,35
Traballadores non cualificados	229.383	224.863	195.885	168.767	173.814	-4.520	-1,97	-28.978	-12,89	-27.118	-13,84	5.047	2,99	-6,70
Total	857.594	864.632	794.170	683.131	680.624	7.038	0,82	-70.462	-8,15	-111.039	-13,98	-2.507	-0,37	-5,61

Analizando os estudos dos datos que nos ofrece a táboa anterior, vemos como os contratos diminuíron en todos os anos, agás en 2007, e como rematou o quinquenio acadando unha variación media anual negativa en todos os grandes grupos. Aínda así, non todos os grupos tiveron un comportamento uniforme; de feito, houbo grupos en que a contratación, aínda que timidamente, aumentou, como foi o caso dos traballadores cualificados na agricultura e na pesca, que rexistrou unha subida de 745 contratos (5,66%) no ano 2008; e referíndonos ao ano 2010, o incremento afectou a varios grupos, sendo o de “operadores de instalación e maquinaria, e montadores” e o de “traballadores dos servizos de restauración persoais, protección e vendedores dos comercios” os que rexistran, en termos relativos, os maiores aumentos: 4,30% e 3,90% contratos, respectivamente.

Convén sinalar que o gran grupo das forzas armadas durante o ano 2010 rexistrou un aumento, en termos relativos, moi notable, do 223,74%.

Evolución anual da contratación por gran grupo de ocupación




2.4.18.- As dez ocupacións máis contratadas

Grupos primarios	Homes	Mulleres	Total	% Total
Camareiros, barmans e asimilados	29.159	35.102	64.261	9,44
Peóns de industrias manufactureiras	33.685	21.577	55.262	8,12
Dependentes e exhibidores en tendas, almacéns, quioscos e mercados	8.130	41.710	49.840	7,32
Persoal de limpeza de oficinas, hoteis (camareiras de piso) e outros establecementos similares	5.716	39.275	44.991	6,61
Peóns do transporte e descargadores	28.123	5.868	33.991	4,99
Albaneis e canteiros	18.162	372	18.534	2,72
Cociñeiros e outros preparadores de comidas	4.744	11.935	16.679	2,45
Compositores, músicos e cantantes	12.472	3.356	15.828	2,33
Condutores de camións	11.150	258	11.408	1,68
Matachíns e traballadores das industrias cárnicas e do peixe	1.327	8.220	9.547	1,40

Observando a lista das dez ocupacións máis contratadas, vemos como case a metade (47,07%) da contratación de Galicia se concentrou nestas dez ocupacións. Encabezando a listaxe atópase a ocupación de camareiros, barmans e asimilados (9,44%), seguida de peóns de industrias manufactureiras (8,12%), e dependentes e exhibidores en tendas, almacéns, quioscos e mercados (7,32%). Constátase, tamén, que a inmensa maioría xa figuraban nas listas dos anos precedentes.

Por outra banda, pódese concluír que se trata de ocupacións relacionadas cunha baixa cualificación nas cales na maioría dos casos nin sequera se requiren coñecementos específicos. Tamén son ocupacións en que moitas veces o xénero é un criterio á hora de contratar, tal como acontece cos albaneis e canteiros, ocupación claramente masculina (18.162 contratos a homes fronte a 372 a mulleres), ou o da ocupación de persoal de limpeza de oficinas, hoteis (camareiras de piso) e outros establecementos similares, neste caso ocupación feminizada (39.275 contratos femininos e 5.716 masculinos). Pola contra, aquelas ocupacións en que a presenza de contratos femininos e masculinos é similar foron moi poucas.

2.4.19.- Perfil tipo do contratado en Galicia¹



2.4.19.- Perfil tipo da contratada en Galicia¹



(1) Para elaborar os informes seguintes, tivéronse en conta, de forma independente, os valores máis repetidos obtidos en cada unha das distintas variables.


2.5. FORMACIÓN

2.5.1.- Número de cursos para desempleados que se impartiron en Galicia no ano 2010

FAMILIA	CURSOS	% TOTAL DE CURSOS
Actividades físicas e deportivas	8	0,58
Administración e xestión	258	18,83
Agraria	40	2,92
Artes e artesanías	9	0,66
Artes gráficas	45	3,28
Comercio e márketing	54	3,94
Edificación e obra civil	62	4,53
Electricidade e electrónica	53	3,87
Energía e auga	23	1,68
Fabricación mecánica	59	4,31
Formación complementaria	1	0,07
Hostalaría e turismo	72	5,26
Imaxe e son	9	0,66
Imaxe persoal	23	1,68
Industrias alimentarias	7	0,51
Informática e comunicacións	190	13,87
Instalación e mantemento	15	1,09
Madeira, moble e cortiza	30	2,19
Marítimo-pesqueira	4	0,29
Sanidade	71	5,18
Seguridade e medio ambiente	6	0,44
Servizos socioculturais e á comunidade	173	12,63
Téxtil, confección e pel	7	0,51
Transporte e mantemento de vehículos	151	11,02
TOTAL	1.370	100

Na programación do ano 2010 para desempregados, impartíronse en Galicia un total de 1.370 cursos, dos cales a familia de “administración e xestión” concentrou o 18,83%; séguelle a familia de “informática e comunicacións” co 13,87%, “servizos socioculturais e á comunidade” co 12,63% e “transporte e mantemento de vehículos” co 11,02%, de maneira que estas catro familias concentraron máis da metade do total (56,35%). Pola contra, houbo sete familias en que o número de cursos impartidos foron tan poucos que apenas alcanzaron o 1% da totalidade; por exemplo, “actividades físicas e deportivas” o 0,58%, “artes e artesanías” o 0,66%.

Cursos por familia profesional




2.5.2.- Cursos impartidos por familia profesional e provincia

FAMILIA	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA
Actividades físicas e deportivas	5		1	2
Administración e xestión	82	41	37	98
Agraria	14	11	11	4
Artes e artesanías	1	1	6	1
Artes gráficas	14	12	9	10
Comercio e márketing	12	6	19	17
Edificación e obra civil	17	17	16	12
Electricidade e electrónica	18	11	5	19
Enerxía e auga	7	9	2	5
Fabricación mecánica	22	8	7	22
Formación complementaria				1
Hostalaría e turismo	22	11	21	18
Imaxe e son	6			3
Imaxe persoal	8	2	8	5
Industrias alimentarias	1		4	2
Informática e comunicacións	57	17	46	70
Instalación e mantemento	4	2	4	5
Madeira, moble e cortiza	15	4	4	7
Marítimo-pesqueira	2			2
Sanidade	19	18	22	12
Seguridade e medio ambiente	2	1	3	
Servizos socioculturais e á comunidade	63	26	43	41
Téxtil, confección e pel	6		1	
Transporte e mantemento de vehículos	23	25	15	88
TOTAL	420	222	284	444

Da información que facilita a táboa anterior, despréndese que as provincias da Coruña e Pontevedra concentraron o 63% da totalidade dos cursos que se impartiron na nosa comunidade, mentres que Lugo foi a provincia onde menos cursos se programaron (16,20%). En canto á distribución de cursos por familia e provincia, constatamos que houbo familias que se favoreceron máis nunhas provincias que noutras; así, a de Pontevedra predominou sobre as outras no número de cursos impartidos nas familias de “administración e xestión”, “informática e comunicacións” e “transporte e mantemento de vehículos”, mentres que a da Coruña acaparou máis cursos que ningunha na familia de “servizos socioculturais e á comunidade”. Ademais, non todas as familias se programan nas catro provincias; sirva de exemplo “imaxe e son” ou “marítimo-pesqueira”, das que non se impartiu ningún curso en Lugo nin en Ourense.

Cursos por Familia Profesional e Provincia



2.5.3.- Alumnos formados por familia profesional


	Homes	Mulleres	Total	% Homes	% Mulleres
Administración e xestión	1.012	3.417	4.429	22,85	77,15
Actividades físicas e deportivas	115	67	182	63,19	36,81
Agraria	445	218	663	67,12	32,88
Artes gráficas	326	376	702	46,44	53,56
Artes e artesanías	82	81	163	50,31	49,69
Comercio e márketing	396	650	1.046	37,86	62,14
Electricidade e electrónica	845	46	891	94,84	5,16
Energía e auga	294	65	359	81,89	18,11
Edificación e obra civil	921	149	1.070	86,07	13,93
Formación complementaria	3	11	14	21,43	78,57
Fabricación mecánica	905	74	979	92,44	7,56
Hostalaría e turismo	405	916	1.321	30,66	69,34
Informática e comunicacións	1.340	1.705	3.045	44,01	55,99
Instalación e mantemento	231	6	237	97,47	2,53
Imaxe persoal	35	376	411	8,52	91,48
Imaxe e son	95	67	162	58,64	41,36
Industrias alimentarias	51	79	130	39,23	60,77
Madeira, moble e cortiza	385	61	446	86,32	13,68
Marítimo-pesqueira	71	51	122	58,20	41,80
Sanidade	74	1.013	1.087	6,81	93,19
Seguridade e medio ambiente	123	58	181	67,96	32,04
Servizos socioculturais e á comunidade	528	2.563	3.091	17,08	82,92
Téxtil, confección e pel	10	126	136	7,35	92,65
Transporte e mantemento de vehículos	1.973	583	2.556	77,19	22,81
TOTAL	10.665	12.758	23.423	45,53	54,47

No que respecta aos alumnos formados por familia profesional na nosa comunidade, o número ascendeu a 23.423 persoas, das que 10.665 eran homes (45,53%) e 12.758 eran mulleres (54,47%).

Por outra banda, a distribución de alumnos foi diferente dependendo da familia profesional; así, houbo familias en que a maioría dos alumnos participantes foron homes, como por exemplo a de “electricidade e electrónica”, en que a proporción de homes acadou o 94,84%, fronte ao 5,16 das mulleres. Pola contra, houbo especialidades formativas doutras familias en que a maioría do alumnado eran mulleres, como foi o caso da de “sanidade”, que acapara un 93,19% de alumnas, mentres que os alumnos supuxeron tan só o 6,81%.

Porén, poucas familias profesionais houbo nas cales as cifras do alumnado entre mulleres e homes sexan parecidas.

Alumnos formados por familia profesional




2.5.4.- Alumnos formados por idade

Idade	Homes	Mulleres	Total
MENOR DE 25	2.262	1.976	4.238
25 A 45	7.098	8.910	16.008
MAIOR DE 45	1.305	1.872	3.177
Total	10.665	12.758	23.423

Se analizamos os datos do cadro anterior, podemos afirmar que a maioría dos alumnos que fixeron un curso no ano 2010 tiña menos de 46 anos, ou, dito doutro xeito, tres de cada catro alumnos que participaron nunha acción formativa tiñan menos de 46 anos.

Por sexo, nos alumnos menores de 25 anos houbo un predomino da presenza masculina, pero a partir desta idade foron as mulleres as que obtiveron máis representación, aínda que sen acadar excesivo protagonismo.



2.- COLECTIVOS


3.1. MULLERES

3.1.1.- Datos demográficos

	Total	Mulleres	% mulleres sobre o total	Variación 10/09
A Coruña	1.146.458	595.140	51,91	493
Lugo	353.504	181.521	51,35	-731
Ourense	335.219	173.873	51,87	-315
Pontevedra	962.472	496.572	51,59	1.173
GALICIA	2.797.653	1.447.106	51,73	620
ESPAÑA	47.021.031	23.794.846	50,60	166.027

Segundo os datos oficiais obtidos a través do Padrón Municipal de Habitantes do día 1 de xaneiro de 2010, a poboación feminina na nosa comunidade acadaba un total de 1.447.106 mulleres, o que supuxo o 51,73% da poboación total. En España, a proporción de mulleres era lixeiramente inferior á de Galicia, 50,60%.

Se facemos unha comparativa das cifras de 2010 en relación con 2009, vemos que a poboación feminina só medrou en 620 mulleres (0,04%), o que nos indica que a poboación está practicamente estancada. Se a análise se fai por provincias, vemos que ese leve aumento da poboación afectou ás provincias máis dinámicas de Galicia (A Coruña e Pontevedra), mentres que Lugo e Ourense perderon poboación, en total 1.046 mulleres.



Map of Galicia showing the distribution of the percentage of the population aged 65 and over by municipality in 2011. The map is color-coded into four ranges:

- 47,39 - 49,3
- 49,67 - 50,97
- 51,04 - 51,86
- 51,95 - 52,89

3.1.2.- EPA (Enquisa de Poboación Activa)

	Taxa de actividade	Taxa de paro	Taxa de ocupación
A Coruña	50,5	15,1	42,89
Lugo	46,7	12,3	40,91
Ourense	41,7	18,6	34
Pontevedra	47,6	18,5	38,79
GALICIA	48	16,28	40,18
ESPAÑA	52,6	20,79	41,66

Fonte: Instituto Galego de Estatística. EPA. Cifras do último trimestre de 2010

A taxa de actividade de Galicia no cuarto trimestre de 2010 foi do 48%, mentres que para o total de España foi do 52,6%, o que situou a nos comunidade 4,6 puntos por debaixo.


Se analizamos a taxa por provincia, a que presentou mellores datos foi a da Coruña, co 50,5%, mentres que Ourense rexistrou o 41,7%, valor moi por debaixo da media de Galicia.

En canto á taxa de ocupación de Galicia para este mesmo período, foi do 40,18%, mentres que a de España se situou no 41,66%. Aínda que aquí non se aprecian tantas diferenzas como coa taxa anterior, España cerraba o ano cunha taxa de ocupación superior en algo máis de un punto á de Galicia.

Por provincias, a que acadou a taxa de ocupación máis baixa foi a de Ourense (34%), mentres que a da Coruña alcanzou a taxa máis alta (42,89%).

En Galicia a taxa de paro no último trimestre do ano foi do 16,28%, mentres que a de España foi do 20,79%, o que supuxo que rematase o ano con 4,51 puntos por enriba da galega.

Se a comparación se fai por provincias, a máis desfavorable foi a de Ourense, que presentou unha taxa de paro do 18,6%, mentres que a de Lugo acadou os mellores resultados de todo o conxunto, cunha taxa do 12,3%.




3.1.3.- Afiliacións


	Réxime xeral	Réxime agrario	Réxime mar	Réxime fogar	Réxime autónomos
A Coruña	148.068	396	1.734	8.129	37.926
Lugo	38.082	263	197	2.784	16.829
Ourense	36.095	74	0	2.888	10.379
Pontevedra	117.171	538	4.305	6.049	27.924
GALICIA	339.416	1.271	6.236	19.850	93.058
ESPAÑA	6.215.575	370.522	9.491	271.915	1.051.188

En canto ás afiliacións de mulleres no ano 2010, obsérvase o predominio do réxime xeral (73,81%), seguido, pero xa a bastante distancia, do réxime de autónomos, que concentrou o 20,24% da totalidade. O resto dos réximes rexistraban unha porcentaxe mínima distribuída entre o réxime do fogar (4,32%), o do mar (1,36%) e o agrario (0,36%).


Por provincias, tal como era de esperar, destacan as provincias do eixe atlántico, e, dentro delas, A Coruña foi a que liderou os réximes xeral, autónomos e do fogar, mentres que a de Pontevedra destacou nos do mar e agrario.



Se atendemos á variación por réximes, vemos como en Galicia o réxime que experimentou as perdas máis elevadas foi o de autónomos (-2.148); o resto dos réximes tamén perderon afiliados, agás o réxime xeral, que se incrementou en tan só 11 afiliados. Se nos centramos na análise deste réxime por provincia, observamos que unicamente se perderon traballadores en Pontevedra, concretamente -910, mentres que nas outras tres, aínda que en porcentaxes mínimas, aumentaron.



**As dez actividades máis destacadas entre as asalariadas e as autónomas.
(CNAE-09 2 díxitos)**



Dentro das actividades máis importantes entre as afiliadas ao réxime xeral, vemos como se repiten as do ano anterior. Destacaron nas actividades relacionadas co comercio ao retalho, salvo de vehículos de motor e motocicletas (16,07%), seguidas das actividades sanitarias (11,91%) e de administración pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria (10,15%). Entre estas tres actividades concentraron algo máis dunha terceira parte da afiliación.

As dez actividades máis destacadas entre as mulleres afiliadas no réxime especial de autónomos.

CNAE-09	Mulleres	Peso relativo
Agricultura, gandería, caza e servizos relacionados con elas	24.208	26,01
Comercio ao retalho, salvo de vehículos de motor e motocicletas	20.725	22,27
Servizos de comidas e bebidas	11.540	12,40
Outros servizos persoais	6.016	6,46
Comercio por xunto e intermediarios do comercio, salvo de vehículos de motor e motocicletas	3.328	3,58
Actividades sanitarias	2.273	2,44
Educación	2.055	2,21
Actividades xurídicas e de contabilidade	1.579	1,70
Actividades auxiliares dos servizos financeiros e dos seguros	1.508	1,62
Actividades de construción especializada	1.495	1,61


Tal como observamos no cadro anterior, as dúas actividades que concentraban maior número de afiliadas coinciden coas do ano anterior, cunhas porcentaxes moi similares: así, a maior parte das traballadoras rexistráronse na actividade de agricultura, gandería, caza e servizos relacionados con elas (26,01%); a continuación situábase a de comercio ao retallo, salvo de vehículos de motor e motocicletas (22,27%), seguida, pero xa coa metade de afiliadas, da actividade de servizos de comidas e bebidas (12,40%). Cómpre sinalar, pois, a concentración nestas tres actividades do 60,68% das autónomas da nosa comunidade.

3.1.4.- Demandantes paradas

	Mulleres	Homes	Total	% Mulleres
A Coruña	50.307	43.366	93.673	53,70
Lugo	11.701	11.651	23.352	50,11
Ourense	14.122	12.358	26.480	53,33
Pontevedra	49.942	43.866	93.808	53,24
GALICIA	126.072	111.241	237.313	53,12
ESPAÑA	2.046.885	2.053.188	4.100.073	49,92


O número de paradas rexistradas nas oficinas de emprego da nosa comunidade autónoma o 31 de decembro de 2010 ascendía a 126.072 mulleres, o que supoñía o 53,12% dos parados de ambos os sexos, de maneira que as porcentaxes máis altas de parados corresponde ao colectivo feminino. Se comparamos os datos de Galicia cos do Estado, vemos como en España a cifra de persoas paradas foi practicamente similar para os homes e para as mulleres, de forma que as paradas representaban o 49,92% da totalidade.

As provincias da Coruña e Pontevedra recolleron a maioría das paradas de Galicia. Se atendemos á porcentaxe de mulleres dentro da totalidade de desempregados de Galicia, a provincia que conta con menor número de mulleres paradas respecto aos homes foi a de Lugo, co 50,11%, mentres que a da Coruña foi a que obtivo a porcentaxe máis alta no número de mulleres paradas, co 53,70%.




En canto á variación do número de demandantes paradas no ano 2010, pódese observar como se produciu un incremento en todas as provincias, apreciándose unha subida de entre o 4% e o 6%, coa excepción da provincia de Lugo, que rexistrou un aumento, en termos relativos, do dobre das outras provincias, concretamente o 10,36%.

Porcentaxe do paro feminino rexistrado no ano 2010



As dez actividades máis destacadas entre as mulleres paradas (CNAE-09 2 díxitos)




A actividade de comercio ao retalho, agás de vehículos de motor e motocicletas e a de servizos de comidas e bebidas foron as que acadaron un maior número de paradas no ano 2010 (11,99% e 10,69%, respectivamente); en terceiro lugar figuraba administración pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria, co 5,58% da totalidade de paradas de Galicia. Se a estas tres actividades lles sumamos as paradas que non tiveron un emprego anterior, podemos concluír que case unha de cada dúas paradas galegas estaba englobada nun destes catro grupos CNAE.

3.1.5.- Contratación

	Mulleres	Homes	Total	%
A Coruña	141.745	147.596	289.341	48,99
Lugo	31.082	32.273	63.355	49,06
Ourense	27.704	29.099	56.803	48,77
Pontevedra	126.188	144.937	271.125	46,54
GALICIA	326.719	353.905	680.624	48
ESPAÑA	6.604.411	7.812.739	14.417.150	45,81


O número de contratos realizados a mulleres ao longo do ano 2010 foi de 326.719, o que supuxo o 48% da contratación total que se rexistrou en Galicia. No Estado a porcentaxe desta contratación foi do 45,81%, o que converte Galicia nunha comunidade cunha posición máis favorable que a do Estado respecto á situación contractual feminina.

Por provincias, e en termos relativos, Lugo foi a que contratou unha porcentaxe máis alta de mulleres, o 49,06, mentres que, pola contra, Pontevedra foi a que menos mulleres contratou, rexistrando unha porcentaxe do 46,54%.



Atendendo á variación da contratación feminina, o ano 2010 acusou unha caída da contratación en todas as provincias, aínda que non foi na mesma proporción en todas elas; de feito, a provincia que saíu máis prexudicada foi a de Lugo, co -3,62% de perda de contratos, mentres que a de Pontevedra rexistrou unha caída algo máis moderada, concretamente do -0,93%.

Porcentaxe de contratos nas mulleres no ano 2010



3.2. MENORES DE 30 ANOS


3.2.1.- Datos demográficos

	Poboación total	Menores 30 anos	% <30 anos sobre o total	Variación 10/09
A Coruña	1.146.458	315.259	27,50	-6.523
Lugo	353.504	86.798	24,55	-2.171
Ourense	335.219	81.320	24,26	-1.727
Pontevedra	962.472	288.907	30,02	-6.274
Galicia	2.797.653	772.284	27,60	-16.695
ESPAÑA	47.021.031	15.379.426	32,71	-165.227


Segundo os datos do Padrón Municipal en 1 de xaneiro de 2010, a poboación menor de 30 anos ascendía en Galicia a 772.284 persoas, o que representaba o 27,60% da poboación total, mentres que para o conxunto do Estado a proporción de mozos era superior á da nosa comunidade autónoma en máis de 5 puntos (32,71%).

Entre as provincias, tamén existen diferenzas, as atlánticas contaban cunha proporción de mozos superior á das provincias orientais.


Respecto ao ano 2009, o número de mozos menores de 30 anos descendeu en Galicia un -2,12%, mentres que no Estado a redución foi do -1,06%. Por provincias, en termos relativos, todas rexistran un descenso similar, sendo Lugo a que máis descendeu (-2,44%) e a da Coruña a que menos (-2,03%).



Variación 2010/09 da poboación menor de 30 anos



Porcentaxe de poboación nos menores de 30 anos en 2010



3.2.2.- EPA (Enquisa de Poboación Activa)

Taxas de actividade, ocupación e paro dos menores de 30 anos

	Taxa de actividade			Taxa de ocupación			Taxa de paro		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
A Coruña	58,97	60,70	57,14	43,49	44,09	42,73	26,35	27,36	25,22
Lugo	60,71	66,41	54,69	47,22	54,05	40,00	22,22	18,60	26,87
Ourense	59,50	62,56	56,19	40,73	42,29	38,57	31,15	31,69	31,36
Pontevedra	58,03	62,22	53,83	40,24	41,79	38,65	30,66	32,83	27,94
GALICIA	58,91	62,15	55,51	42,45	44,35	40,49	27,93	28,56	27,14

Fonte: Instituto Galego de Estatística. IV trimestre 2010

A taxa de actividade dos mozos menores de 30 anos foi do 58,91%. Respecto ao mesmo trimestre do ano anterior, produciuse un descenso do -2,59%.

Se a análise se fai por sexo, a taxa de actividade masculina foi do 62,15%, mentres que a feminina foi do 55,51%, o que supuxo unha diferenza de 6,64 puntos.

Por provincias, destacou Lugo, coa taxa de actividade máis alta (60,71%), mentres que a de Pontevedra foi a máis baixa (58,03%).

A taxa de ocupación para a mocidade de Galicia foi do 42,45%, o que supuxo unha diminución de 4,25 puntos respecto ao ano anterior.


Por sexo, a taxa de ocupación feminina era do 40,49%, mentres que a masculina se situou no 44,35%; ambas as dúas taxas tamén diminuíron respecto ao mesmo trimestre do ano anterior.

Por provincias, Lugo rexistrou a taxa de ocupación máis alta (47,22%) e Pontevedra a máis baixa (40,24%).

A taxa de paro dos mozos galegos, no IV trimestre de 2010, foi do 27,93%, o que significa que estaba 12,24 puntos por enriba da media xeral de Galicia. Por outra banda, se a comparamos coa do mesmo período do ano 2009, o aumento foi de 3,93 puntos.

Por sexo, a taxa de paro feminino situouse en 27,14% e a masculina en 28,56%.

Por provincias, a que rexistrou a taxa de paro máis baixa foi a de Lugo (22,22%), mentres que a de Pontevedra foi a que tivo a máis alta (30,66%).



3.2.3.- Afiliacións


	Mar	Agrario	Autónomos	Fogar	Xeral
A Coruña	1.079	322	5.876	530	57.179
Lugo	210	315	2.257	135	14.593
Ourense	0	104	1.859	113	12.780
Pontevedra	1.022	296	4.890	413	45.949
Non consta	12	14	66	6	15
GALICIA	2.323	1.051	14.948	1.197	130.516


Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social. Datos referidos a 31 de decembro de 2010

En relación cos afiliados en alta no sistema de Seguridade Social dos menores de 30 anos, vemos como o réxime xeral acapara a gran maioría dos afiliados (86,99%), seguido en importancia, aínda que a bastante distancia, polo réxime de autónomos, co 9,96% da totalidade da afiliación dos mozos galegos, quedando o resto dos réximes relegados a un papel testemuñal, pois apenas acadan o 3%.

Se relacionamos os datos de afiliación dos mozos coa totalidade de afiliados de Galicia, observamos que o que máis incidencia presentou foi o réxime agrario, alcanzando o 23,15% da totalidade, seguido do réxime xeral, cun 18,38%. No resto dos réximes a representación dos mozos foi bastante inferior: no réxime do mar supuxeron o 9,85%, no de autónomos o 6,89% e no do fogar o 5,90%.


Distribución dos afiliados menores de 30 anos por réximes da Seguridade Social






No tocante á evolución interanual, todos os réximes perderon afiliados, sendo o máis afectado porcentualmente o réxime do fogar, cunha perda do -15,05%, seguido do réxime xeral, cun descenso do -12,40%, do de autónomos, co -9,88%, e a continuación situábanse o réxime do mar e o agrario, co -5,60% e -1,61%, respectivamente.

Pero se nos detemos nos datos por provincias, vemos como o comportamento da afiliación non foi homoxéneo, senón que presenta diferenzas segundo o réxime ou a provincia; así, no réxime do mar, mentres Pontevedra perdía un 32,18% de traballadores, A Coruña experimentaba un crecemento do 54,81%. No réxime agrario as provincias da Coruña e Lugo presentaron un aumento do 2,88% e 0,32%, respectivamente, e por último Ourense foi a única provincia que tivo un comportamento positivo no réxime do fogar (0,89%), o que resulta cando menos significativo, xa que nas provincias restantes a caída da afiliación se situou arredor do 15%.



As dez actividades máis importantes entre os asalariados menores de 30 anos (CNAE-09 2 díxitos). Galicia



En canto ás dez actividades que rexistraron máis altas na Seguridade Social, apenas varían respecto ao ano anterior; de feito, as tres actividades que encabezan a listaxe seguen sendo as mesmas. Así, figuran en primeiro lugar as actividades relacionadas co “comercio ao retalho, agás de vehículos de motor e motocicletas” co 15,93%, seguidas das vinculadas cos “servizos de comidas e bebidas”, co 9,57%, e das “actividades de construción especializadas”, co 7,16%, de maneira que máis dun 30% da mocidade galega está en alta nunha destas tres actividades.

As dez actividades máis destacadas entre os menores de 30 anos autónomos (CNAE-09 2 díxitos). Galicia

CNAE	Descrición	Total	Porcentaxe
56	Servizos de comidas e bebidas	2.279	15,25
47	Comercio ao retallo, agás de vehículos de motor e motocicletas	2.222	14,86
43	Actividades de construción especializada	1.741	11,65
1	Agricultura, gandería, caza e servizos relacionadas con elas	1.131	7,57
96	Outros servizos persoais	861	5,76
41	Construción de edificios	815	5,45
46	Comercio por xunto, agás vehículos de motor e motocicletas	683	4,57
49	Transporte terrestre e por tubaxe	606	4,05
86	Actividades sanitarias	532	3,56
45	Venda e reparación de vehículos de motor e motocicletas	506	3,39


Respecto ás actividades que rexistraron máis altas nos autónomos, as que encabezan a listaxe son as mesmas que figuraban entres os asalariados; así, a que aglutinou o maior número de autónomos foi a actividade relacionada cos servizos de comidas e bebidas (15,25%), seguida moi de cerca polas de comercio ao retallo, agás de vehículos de motor e motocicletas (14,86%) e polas actividades de construción especializada (11,65%), de maneira que aproximadamente un de cada dous mozos galegos autónomos está encadrado nunha destas actividades.


3.2.4.- Demandantes parados menores de 30 anos

	Homes	Mulleres	Total
A Coruña	9.951	9.800	19.751
Lugo	2.887	2.718	5.605
Ourense	2.855	2.672	5.527
Pontevedra	11.034	9.556	20.590
GALICIA	26.727	24.746	51.473


A cifra total de parados menores de 30 anos inscritos nas oficinas do Servizo Público de Emprego de Galicia en 31 de decembro de 2010 ascende a 51.473 persoas, das cales o 51,92% eran mozos e o 48,08% mozas. Se comparamos estas cifras co conxunto de parados galegos, os mozos representan o 21,69%.

Por provincias, Pontevedra e A Coruña aglutinan case o 80% da totalidade dos parados menores de 30 anos, mentres que Lugo e Ourense reparten por igual o número de parados restantes.






No que respecta á variación do desemprego xuvenil entre os anos 2009 e 2010, rexistrouse unha lixeira diminución no que ao conxunto de Galicia se refire, concretamente o -2,69%; non obstante, esta diminución non afectou a todas as provincias por igual, pois Ourense e Lugo adoptaron un comportamento negativo ao subir o paro o 3,97% e 3,10%, respectivamente, mentres que as provincias occidentais experimentaron unha diminución do -5,05% no caso da Coruña e do -3,52% no de Pontevedra.



Porcentaxe de parados nos menores de 30 anos en 2010




Demandantes parados menores de 30 anos por nivel formativo

	Ata certificado de escolaridade	BUP / Bacharelato superior / COU	Formación profesional	Outras titulacións	Titulación ensino obligatorio	Titulados universitarios	Total
A Coruña	5.767	1.371	4.123	11	5.405	3.074	19.751
Lugo	2.037	335	1.096		1.310	827	5.605
Ourense	1.680	552	930	3	1.609	753	5.527
Pontevedra	6.579	1.353	4.327	10	6.185	2.136	20.590
GALICIA	16.063	3.611	10.476	24	14.509	6.790	51.473


Atendendo ao nivel formativo dos parados, observamos que arredor do 50% dos parados tiñan un nivel de estudos baixo, con titulación de ata certificado de escolaridade (16.063 persoas) ou con titulación de ensino obrigatorio (14.509 persoas). Pola contra, os que tiñan estudos de bacharelato foron os que tiveron menos peso porcentual, un 7%, por debaixo incluso dos que posuían titulación universitaria, que supoñían un 13%.

Porcentaxe de parados menores de 30 anos por nivel formativo



Se analizamos a porcentaxe que supoñían os parados menores de 30 anos respecto ao total dos parados, o grupo que tivo máis peso foi o que tiña formación profesional (31,93%), seguido moi de cerca polos titulados universitarios, cunha participación do 29,37%; nos grupos con titulación máis baixa as proporcións foron inferiores.


Participación dos parados menores de 30 anos por nivel formativo sobre o total de Galicia




Demandantes parados menores de 30 anos por antigüidade na demanda

	≤ 1 mes	De 1 a 3 meses	De 3 a 6 meses	De 6 a 12 meses	De 12 a 24 meses	Máis de 24 meses	Total
A Coruña	3.141	5.368	4.062	3.488	2.545	1.147	19.751
Lugo	805	1.624	1.233	1.009	694	240	5.605
Ourense	764	1.605	1.069	1.024	755	310	5.527
Pontevedra	3.235	5.797	4.199	3.589	2.705	1.065	20.590
GALICIA	7.945	14.394	10.563	9.110	6.699	2.762	51.473

Se nos centramos nos parados menores de 30 anos segundo o tempo que levaban buscando emprego, a maior porcentaxe dos mozos desempregados levaban na procura de traballo de 1 a 3 meses, concretamente o 27,96%, seguidos en importancia polos que tiñan unha antigüidade de 3 a 6 meses (20,52%); pola contra, o grupo que levaba máis de 24 meses desempregados foi o que tivo menos representatividade (5,36%).



Atendendo á participación dos parados menores de 30 anos respecto á totalidade de parados de Galicia, observamos que onde máis peso tivo este colectivo foi no tramo daqueles que buscaban emprego de 1 a 3 meses, concretamente o 34,09%, seguido moi de cerca polo grupo dos que levaban un mes ou menos no paro e polo dos que tiñan unha antigüidade de 3 a 6 meses, representando cada un deles arredor do 30,03%. Pola contra, a xente nova reduce notablemente a súa participación no tramo dos parados que levaban máis de 24 meses en desemprego; concretamente, no ano 2010 supuxeron o 5,48%.




As dez actividades (CNAE-09 2 díxitos) máis importantes entre os parados

CNAE	Descrición	Parados	Porcentaxe
00	Sen emprego anterior	10.919	21,21
47	Comercio ao retallo, salvo de vehículos de motor e motocicletas	4.540	8,82
43	Actividades de construción especializada	4.330	8,41
56	Servizos de comidas e bebidas	4.164	8,09
78	Actividades relacionadas co emprego	2.235	4,34
41	Construción de edificios	2.136	4,15
46	Comercio por xunto e intermediarios do comercio, salvo de vehículos de motor e motocicletas	1.480	2,88
84	Administración pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria	1.381	2,68
25	Fabricación de produtos metálicos, salvo maquinaria e equipamento	1.057	2,05
74	Outras actividades profesionais, científicas e técnicas	1.051	2,04
96	Outros servizos persoais	995	1,93

No tocante ás dez actividades máis importantes entre os mozos parados, destaca con moito o colectivo de demandantes de primeiro emprego, que concentrou 10.919 parados, o que supuxo o 21,21%. As seguintes actividades con maior peso foron comercio ao retallo, salvo de vehículos de motor e motocicletas (8,82%), actividades de construción especializada (8,41%) e servizos de comidas e bebidas (8,09%), de maneira que un de cada catro mozos parados se encadraba nunha destas tres actividades; as demais relacionadas na listaxe situábanse a unha certa distancia, aglutinando entre todas o 20,08% dos desempregados.

As dez actividades (CNAE-09 2 díxitos) máis importantes entre os parados menores de 30 anos



As dez ocupacións máis demandadas entre os menores de 30 anos

Ocupacións	Homes	Mulleres	Total	%
DEPENDENTE DE COMERCIO, EN XERAL	614	5.109	5.723	11,12
EMPREGADO ADMINISTRATIVO, EN XERAL	597	1.990	2.587	5,03
CAMAREIRO, EN XERAL	975	1.526	2.501	4,86
PEÓN DA CONSTRUCCIÓN DE EDIFICIOS	1.402	20	1.422	2,76
PEÓN DA INDUSTRIA MANUFACTUREIRA, EN XERAL	1.050	357	1.407	2,73
CARPINTEIRO, EN XERAL	1.304	29	1.333	2,59
MOZO DE CARGA E DESCARGA, ALMACÉN EU/OU MERCADO DE ABASTOS	1.142	46	1.188	2,31
PERSOAL DE LIMPEZA OU LIMPADOR, EN XERAL	163	941	1.104	2,14
REPOÑEDOR DE HIPERMERCADO	516	478	994	1,93
INSTALADOR ELECTRICISTA, EN XERAL	834	11	845	1,64


En relación cos parados rexistrados segundo a ocupación que solicitan na demanda, vemos como a maior parte da xente nova de Galicia demandou como primeira ocupación a de dependente de comercio, en xeral (11,12%), seguida pola de empregado administrativo, en xeral (5,03%) e pola de camareiro, en xeral (4,86%).

Se sumamos as porcentaxes das dez ocupacións máis demandadas, vemos como só estas 10 ocupacións acaparan o 37,11% das demandas. Observamos, ademais, que se trata de ocupacións de escaso nivel de cualificación e con diferenzas de xénero segundo a ocupación de que se trate; así, nas tres primeiras predominan as mulleres, e noutras sucede o contrario, como por exemplo na de peón da construción de edificios ou carpinteiro, onde predominan os homes.

3.2.5.- Contratación a menores de 30 anos


	Homes	Mulleres	Total
A Coruña	60.313	60.723	121.036
Lugo	12.923	13.323	26.246
Ourense	12.168	11.472	23.640
Pontevedra	58.290	50.215	108.505
GALICIA	143.694	135.733	279.427

O número de contratos rexistrados nas oficinas de emprego de Galicia en 2010 a menores de 30 anos foi de 279.427, dos que o 51,42% foi contratación masculina e o 47,57% feminina; esta proporción significa que a diferenza entre homes e mulleres era de 3,85 puntos a favor dos homes.




A porcentaxe de contratos realizados con menores de trinta anos con respecto ao total de contratos foi do 41,05%, o que supuxo que, aproximadamente, un de cada dous contratos que se asinaron en Galicia se fixese cun mozo menor de 30 anos.


No tocante á contratación por provincias, a da Coruña foi a que rexistrou o maior número de contratos, seguida da de Pontevedra, acaparando estas dúas provincias máis do 80% da contratación.



No relativo á variación interanual, produciuse un descenso da contratación do -4% (o do ano anterior foi do -20,41%). Este descenso afectou de maneira parecida ás catro provincias, sendo Lugo a que rexistrou a redución máis acusada (-6,20%), mentres que o descenso de Ourense foi o máis moderado (-3,38%).



Porcentaxe de contratos nos menores de 30 anos en 2010




Contratos por tipoloxía entre menores de 30 anos

	Indefinido	Indefinido tempo parcial	Outros	Prácticas / Formación	Temporal	Temporal tempo parcial	Total
A Coruña	6.618	2.750	707	3.260	66.404	41.297	121.036
Lugo	2.403	646	933	814	15.023	6.427	26.246
Ourense	1.564	630	207	818	13.326	7.095	23.640
Pontevedra	5.204	2.215	1.439	2.683	65.096	31.868	108.505
GALICIA	15.789	6.241	3.286	7.575	159.849	86.687	279.427


No que respecta aos contratos por tipoloxía, podemos dicir que as cifras dos contratos indefinidos apenas son significativas na totalidade da contratación; así, dos 279.427 contratos que se rexistraron en Galicia durante o ano 2010, os contratos indefinidos (a xornada completa e a tempo parcial) ascenderon a 22.030, o que supuxo o 7,8% do total de contratos asinados. Pola contra, os contratos temporais presentaron valores moi altos, sendo o temporal a xornada completa o máis frecuente, o cal aglutinou o 57,21% da contratación, mentres que o temporal supuxo o 31,02%.

Distribución da contratación por tipoloxía entre os mozos menores de 30 anos



Se nos ocupamos da porcentaxe que supuxo a contratación xuvenil respecto á totalidade da contratación de Galicia, vemos que na modalidade de prácticas/formación houbo un protagonismo case exclusivo da mocidade galega (82,69%), o cal resulta natural, xa que se trata dunha modalidade orientada cara á inserción xuvenil; a continuación situábanse os contratos temporais a tempo parcial, en que a participación dos mozos foi do 48,82%, seguidos moi de cerca polos contratos indefinidos a tempo parcial, onde participaron un 43,11% mentres que na indefinida a xornada completa contribuíron nun 34,67%.

Participación da contratación dos menores de 30 anos por tipoloxía sobre o total de Galicia



Índice de rotación

	Contratos	Contratados	Índice de rotación
Homes	143.694	66.245	2,17
Mulleres	135.733	62.518	2,17
Total	279.427	128.763	2,17

O índice de rotación entre os mozos menores de 30 anos no ano 2010 foi de 2,17 contratos por persoa, rexistrándose un aumento de 0,34 puntos respecto ao ano anterior, o que nos está a apuntar que a temporalidade aumentou.

Por sexo, tanto as mulleres como os homes acadaban o mesmo índice de rotación.


Contratos por nivel formativo entre menores de 30 anos

	Ata certificado de escolaridade	BUP / Bacharelato superior / COU	Formación profesional	Titulación ensino obrigatorio	Titulados universitarios	Total
A Coruña	21.906	23.423	18.214	44.381	13.112	121.036
Lugo	6.180	3.438	4.461	8.952	3.215	26.246
Ourense	3.782	4.638	3.202	9.315	2.703	23.640
Pontevedra	20.735	17.420	16.251	45.411	8.688	108.505
GALICIA	52.603	48.919	42.128	108.059	27.718	279.427


En canto á contratación xuvenil por nivel formativo, foron os titulados de ensino obrigatorio os que tiveron maior peso porcentual (38,67%), seguidos a bastante distancia dos que tiñan ata certificado de escolaridade (18,83%); dito doutro xeito, un de cada dous contratos xuvenís formalizouse cun mozo de baixo nivel formativo, mentres que a medida que se avanza no grao de titulación o número de contratos foi menor.

Distribución da contratación por nivel formativo entre os mozos menores de 30 anos


- Ata certificado de escolaridade
- BUP / Bacharelato superior / COU
- Formación profesional
- Titulación ensino obrigatorio
- Titulados universitarios



Se analizamos os datos da contratación da mocidade coa totalidade da contratación da nosa comunidade, cabe dicir que a participación xuvenil predominou naqueles contratos cunha titulación de BUP/Bacharelato superior/COU, co 49,19%, seguidos moi de cerca por aqueles con formación profesional, co 47,10%; tamén entre os contratos con titulados universitarios o peso dos mozos foi importante, cun 43,50%. O grupo en que a participación xuvenil resultou menos significativa foi nos que teñen ata certificado de escolaridade.



Mobilidade dos contratados menores de 30 anos en Galicia




De acordo cos datos da mobilidade entre os menores de 30 anos, vemos como unha maior porcentaxe dos mozos se desprazaron cara ao resto do Estado, de xeito que o saldo resultou negativo, sendo máis acusado no caso das mozas contratadas.

As dez actividades (CNAE-09 2 díxitos) máis importantes na contratación dos menores de 30 anos.

CNAE	Descrición	Contratos	Porcentaxe
78	Actividades relacionadas co emprego	44.379	15,88
56	Servizos de comidas e bebidas	32.046	11,47
47	Comercio ao retallo, salvo de vehículos de motor e motocicletas	26.869	9,62
43	Actividades de construción especializada	12.428	4,45
52	Almacenamento e actividades anexas ao transporte	11.673	4,18
82	Actividades administrativas de oficina e outras actividades auxiliares das empresas	8.848	3,17
85	Educación	8.803	3,15
55	Servizos de aloxamento	8.440	3,02
93	Actividades deportivas, recreativas e de entretemento	7.746	2,77
46	Comercio por xunto e intermediarios do comercio, salvo de vehículos de motor e motocicletas	7.262	2,60

A contratación xuvenil concentrábase nunha poucas actividades; así, as dez actividades relacionadas no cadro anterior acaparaban máis do 60% da totalidade da contratación dos mozos de Galicia e, destas, as actividades relacionadas co emprego foron as que aglutinaron máis contratos, concretamente 44.379 persoas, o que supuxo o 15,88%, seguidas dos servizos de comidas e bebidas, co 11,47%, e das relacionadas co comercio ao retallo, salvo de vehículos de motor e motocicletas, co 9,62%.



As dez ocupacións máis contratadas

Grupo primario	Homes	Mulleres	Total	%
Camareiros, barmans e asimilados	15.247	19.648	34.895	12,49
Dependentes e exhibidores en tendas, almacéns, quioscos e mercados	5.020	25.447	30.467	10,90
Peóns de industrias manufactureiras	16.532	6.907	23.439	8,39
Peóns do transporte e descargadores	14.760	2.317	17.077	6,11
Persoal de limpeza de oficinas, hoteis (camareiras de piso) e outros establecementos similares	2.293	6.108	8.401	3,01
Guías e azafatas de terra	778	4.960	5.738	2,05
Animadores comunitarios	1.995	3.738	5.733	2,05
Cociñeiros e outros preparadores de comidas	1.844	2.556	4.400	1,57
Albaneis e canteiros	4.076	94	4.170	1,49
Taquígrafos e mecanógrafos	1.100	2.800	3.900	1,40

Case a metade (49,47%) da contratación xuvenil de Galicia concentrouse nestas dez ocupacións; por outra banda, trátase de ocupacións cunha certa consolidación, xa que son exactamente as mesmas que as do ano anterior e con porcentaxes moi semellantes.

En xeral, son ocupacións que responden a un baixo nivel de cualificación e algunhas son de perfil marcadamente masculino, como a de albaneis e canteiros, na que se asinaron 4.076 contratos con mozos e só 94 con mozas; ou, pola contra, de perfil feminino, como no caso dos dependentes e exhibidores en tendas, almacéns, quioscos e mercados, na que se rexistraron 25.447 contratos a mulleres e 5.020 a homes.

Perfil da contratación dos menores de 30 anos en Galicia¹



(1) Para elaborar os informes seguintes, tiveronse en conta, de forma independente, os valores máis repetidos obtidos en cada unha das distintas variables.

3.3. MAIORES DE 54 ANOS


3.3.1.- Datos demográficos

	Poboación total	Maiores de 54 anos	Porcentaxe >54 anos	Variación
A Coruña	1.146.458	388.210	33,86	3.993
Lugo	353.504	141.196	39,94	68
Ourense	335.219	139.570	41,64	466
Pontevedra	962.472	297.069	30,87	4.538
GALICIA	2.797.653	966.045	34,53	9.065
ESPAÑA	47.021.031	13.020.772	27,69	207.086


Cos datos oficiais do Padrón Municipal de Habitantes do día 1 de xaneiro de 2010, a poboación maior de 54 anos de Galicia acadaba un total de 966.653 habitantes, o que supoñía o 34,53% da poboación total de Galicia. Esta porcentaxe é superior á estatal en case 7 puntos, o que nos está indicando algo que xa é sabido: que Galicia ten un dos maiores índices de envellecemento do Estado.

A nivel provincial, son as provincias atlánticas as que rexistran menor porcentaxe de poboación maior de 54 anos, por debaixo da media de Galicia; pola contra, as provincias interiores presentan os índices máis altos, especialmente Ourense, cunha porcentaxe do 41,64%.


No que respecta á variación interanual, Galicia experimentou un aumento da poboación maior de 54 anos do 0,95%, pero este incremento non afectou por igual ás catro provincias; en Pontevedra foi onde máis aumentaron (1,55%), mentres que en Lugo foi onde menos (0,05%).



Variación 2010/09 da poboación maior de 54 anos



Porcentaxe de poboación nos maiores de 54 anos en 2010



3.3.2.- EPA (Enquisa de Poboación Activa)

Taxas de actividade, ocupación e paro dos maiores de 54 anos

	Taxa de actividade			Taxa de ocupación			Taxa de paro		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
A Coruña	20,71	25,60	16,99	18,81	23,26	15,38	9,30	8,89	9,17
Lugo	19,19	23,38	15,58	17,99	21,75	14,74	5,86	6,25	5,36
Ourense	14,80	18,82	11,75	13,38	17,31	10,28	9,55	8,04	11,36
Pontevedra	19,30	24,92	14,79	16,77	21,64	12,92	13,11	13,19	13,06
GALICIA	19,18	24,02	15,33	17,24	21,66	13,75	10,06	9,85	10,20

Fonte: Instituto Nacional de Estadística. IV trimestre 2010

A taxa de actividade dos maiores de 54 anos foi do 19,18%, o que a sitúa 35,25 puntos por debaixo da do conxunto da poboación. Se a comparamos coa do ano anterior, vemos como diminuíu en 0,12 puntos.

Por sexo, a taxa de actividade masculina foi superior á feminina en 8,69 puntos.

Por provincias, destaca por arriba a Coruña, cunha taxa de actividade do 20,71% (máis de 1 punto por encima da media de Galicia), mentres que Ourense foi a que contou coa taxa máis baixa, o 14,80%.

A taxa de ocupación, que para este colectivo foi do 17,24%, tamén presentou porcentaxes moi por debaixo das que se rexistraron para totalidade da poboación, concretamente 28,65 puntos menos. Respecto ao mesmo trimestre do ano anterior, produciuse un descenso do 0,67%.

Por sexo, a taxa de ocupación masculina situouse 7,91 puntos por enriba da feminina.


Por provincias, a que rexistrou a taxa de ocupación máis alta foi a da Coruña, co 18,81%, mentres que a de Ourense foi a que presentou os valores máis baixos (13,38%), cunha diferenza de 5,43 puntos entre elas.

A taxa de paro dos maiores de 54 anos foi do 10,06%, o que significa que estaba 5,63 puntos por debaixo da media xeral de Galicia. Respecto ao mesmo período do ano anterior, esta taxa acusou un aumento de 2,83 puntos.

Por sexo, a taxa de paro masculino foi do 10,20% e a das mulleres do 9,85%.

Por provincias, destaca Pontevedra coa taxa de paro máis alta (13,11%) e Lugo coa máis baixa (5,86%).

Taxa de actividade, paro e ocupación do conxunto da poboación e dos maiores de 54 anos. Galicia IV trimestre




3.3.3.- Afiliacións

	R. mar	R. agrario	R. autónomos	R. fogar	R. xeral
A Coruña	1.732	230	23.801	2.605	35.690
Lugo	200	168	11.055	934	9.823
Ourense	0	55	7.558	1.203	9.577
Pontevedra	2.236	176	17.143	1.903	28.898
Non consta	10	0	134	7	3
GALICIA	4.178	629	59.691	6.652	83.991



Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social. Datos referidos a 31 de decembro de 2010

De acordo cos datos de afiliados e en alta no sistema de Seguridade Social dos maiores de 54 anos, observamos como o réxime predominante segue a ser o xeral, co 54,14%, seguido polo de autónomos, co 38,48%; así, estes dous réximes concentraban o 92,61% da totalidade de afiliados. O resto dos réximes aglutinaban o 7,39%.




En canto á proporción que supuxeron os afiliados maiores de 54 anos na afiliación, destaca o réxime de fogar, en que a porcentaxe foi do 32,80%, seguido do réxime de autónomos, cun 27,53%; pola contra, a participación foi menor no réxime xeral (11,83%).

No que respecta á variación interanual, os datos reflicten que todos os réximes diminuíron o seu número de afiliados, exceptuando o do fogar, único réxime que presentou valores positivos (4,05%). Pola contra, o que, en termos relativos, perdeu máis afiliados foi o do mar (-2,75%), aínda que é preciso facer mención a que o réxime do mar non tivo un comportamento uniforme nas catro provincias, pois mentres na da Coruña se produciu un incremento, en termos absolutos, de 561 afiliados, na de Pontevedra reduciuse a afiliación en 693 persoas.



As dez actividades máis destacadas entre os asalariados maiores de 54 anos (CNAE-09 2 díxitos). Galicia



Atendendo á distribución dos asalariados por actividade económica, observamos que o 60,34% dos afiliados maiores de 54 anos se concentraban nestas 10 actividades, e destas as que figuran en primeiro lugar son as actividades relacionadas con administración pública e defensa, Seguridade Social obrigatoria, co 13,42%, seguidas das actividades sanitarias, co 11,65%. Por outra banda, a maioría delas son as mesmas que figuraban na relación do ano anterior e con porcentaxes moi semellantes.

As dez actividades máis destacadas entre os autónomos maiores de 54 anos (CNAE-09 2 díxitos). Galicia


CNAE2009	Descrición	Autónomos	Porcentaxe
01	Agricultura, gandería, caza e servizos relacionadas con elas	16.901	28,31
47	Comercio ao retallo, agás de vehículos de motor e motocicletas	9.277	15,54
56	Servizos de comidas e bebidas	5.690	9,53
43	Actividades de construción especializada	3.871	6,49
46	Comercio por xunto e intermediarios do comercio, agás de vehículos de motor e motocicletas	3.180	5,33
49	Transporte terrestre e por tubaxe	3.091	5,18
41	Construción de edificios	2.482	4,16
45	Venda e reparación de vehículos de motor e motocicletas	1.756	2,94
95	Reparación de ordenadores, efectos persoais e artigos de uso doméstico	1.566	2,62
96	Outros servizos persoais	1.186	1,99

Na relación das dez actividades predominantes entre os autónomos maiores de 54 anos, destacaron en primeiro lugar as actividades relacionadas coa agricultura, gandería, caza e servizos relacionadas con elas, alcanzando 16.901 altas, o que supuxo o 28,31%; séguenlle en importancia as relacionadas co comercio ao retallo, agás de vehículos de motor e motocicletas, co 15,54%, e as de servizos de comidas e bebidas, co 9,53%. Polo demais, e tal como acontecía no parágrafo anterior, son as mesmas actividades que as do ano anterior e con porcentaxes moi parecidas.

3.3.4.- Demandantes parados maiores de 54 anos


	Homes	Mulleres	Total
A Coruña	7.938	8.417	16.355
Lugo	2.217	1.627	3.844
Ourense	2.857	3.065	5.922
Pontevedra	6.586	8.218	14.804
GALICIA	19.598	21.327	40.925

A cifra de demandantes parados maiores de 54 anos inscritos nas oficinas do Servizo Público de Emprego de Galicia en 31 de decembro de 2010 ascendía a 40.925, dos que 47,89% eran homes e 52,11% mulleres.




Por provincias, tal e como acontecía o ano anterior, foi a da Coruña a que acadou o maior número de parados, seguida de Pontevedra, concentrando estas dúas provincias máis das tres cuartas partes da totalidade de demandantes parados maiores de 54 anos.


No que respecta á incidencia deste colectivo maior de 54 anos, representou o 17,25% sobre o total de parados de Galicia.



En canto á variación interanual dos demandantes parados maiores de 54 anos, conséntase un aumento do 7,81%. Por provincias, a que saíu máis desfavorecida foi a de Pontevedra, onde se incrementou nun 10,53%, mentres que en Ourense se rexistrou un aumento máis moderado (3,84%), producíndose así unha diferenza de 6,96 puntos.



Porcentaxe de parados nos maiores de 54 anos en 2010




Demandantes parados maiores de 54 anos por nivel formativo

	Ata certificado de escolaridade	BUP / Bacharelato superior / COU	Formación profesional	Outras titulacións	Titulación ensino obrigatorio	Titulados universitarios	Total
A Coruña	11.681	800	455	6	2.968	445	16.355
Lugo	2.896	197	94		583	74	3.844
Ourense	4.560	304	95	2	851	110	5.922
Pontevedra	10.128	906	363	2	3.038	367	14.804
GALICIA	29.265	2.207	1.007	10	7.440	996	40.925


Dentro da poboación maior de 54 anos, o colectivo de ata certificado de escolaridade foi o que máis parados englobou (o 71,51%), seguido, aínda que a bastante distancia, dos que tiñan titulación de ensino obrigatorio (18,18%), o que nos confirma que o 89,69% deste colectivo tiña unha titulación básica.

Porcentaxe de parados maiores de 54 anos por nivel formativo



En canto á porcentaxe que supuxo este colectivo de maiores de 54 anos parados no conxunto de Galicia, vemos como as maiores proporcións se rexistraron nos grupos máis básicos; así, no grupo de ata certificado de escolaridade estes demandantes supuxeron o 31,41%, mentres que onde menos peso tiveron foron nos que tiñan formación profesional (3,07%) e nos titulados universitarios, co 4,31%.


Participación dos parados maiores de 54 anos por nivel formativo sobre o total de Galicia




Demandantes parados maiores de 54 anos por antigüidade no paro

	≤ 1 mes	De 1 a 3 meses	De 3 a 6 meses	De 6 a 12 meses	De 12 a 24 meses	Máis de 24 meses	Total
A Coruña	810	1.164	1.212	1.922	3.064	8.183	16.355
Lugo	174	323	318	492	666	1.871	3.844
Ourense	283	356	346	649	1.069	3.219	5.922
Pontevedra	704	1.125	1.138	1.899	3.034	6.904	14.804
GALICIA	1.971	2.968	3.014	4.962	7.833	20.177	40.925

Case a metade dos parados maiores de 54 anos levaban na procura dun emprego máis de 24 meses, seguidos, pero a bastante distancia, dos que levaban de 12 a 24 meses (19,14%), ou, dito doutra forma, case unha terceira parte deste colectivo sofre un paro de longa duración, o que confirma o predominio deste tipo de desemprego. Pola contra, o paro de curta duración foi o que tivo menos representación; así, os que estiveron buscando emprego un mes ou menos supuxeron o 4,82%.



En canto á participación dos parados maiores de 54 anos respecto á totalidade de desempregados de Galicia, onde máis peso tiveron foi no colectivo que levaba buscando emprego máis de 24 meses (40%), seguido de lonxe polo tramo de 12 a 24 meses (17,94%); pola contra, a porcentaxe de participación redúcese sensiblemente naqueles tramos de parados de curta duración; así, nos que levaban parados de 1 a 3 meses ou menos dun mes, só supoñían arredor do 7% en cada un destes tramos.



As dez actividades máis destacadas entre os parados maiores de 54 anos (CNAE-09 2 díxitos). Galicia

CNAE	Descrición	Parados	Porcentaxe
00	Sen emprego anterior	5.161	12,61
43	Actividades de construción especializada	3.851	9,41
41	Construción de edificios	3.796	9,28
56	Servizos de comidas e bebidas	2.904	7,10
47	Comercio ao retallo, salvo de vehículos de motor e motocicletas	2.540	6,21
84	Administración pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria	2.352	5,75
74	Outras actividades profesionais, científicas e técnicas	1.509	3,69
10	Industria de alimentación	1.439	3,52
46	Comercio por xunto e intermediarios do comercio, salvo de vehículos de motor e motocicletas	1.302	3,18
14	Confección de roupa de vestir	1.176	2,87
81	Servizos a edificios e actividades de xardinaría	915	2,24

Analizando as actividades que rexistraron máis parados maiores de 54 anos, vemos como máis do 50% dos desempregados se concentran en tan só 10 actividades. Destas actividades, chama a atención que a actividade que encabeza a listaxe sexa a dos demandantes do primeiro emprego, co 12,61%, seguida en importancia polas actividades de construción especializada (9,41%) e as de construción de edificios (9,28%).

Por outra banda, cabe dicir que son exactamente as mesmas actividades do ano anterior e con porcentaxes moi parecidas.

As dez actividades (CNAE-2 díxitos) máis importantes entre os parados maiores de 54 anos



As dez ocupacións máis demandadas entre os parados maiores de 54 anos

Ocupacións	Homes	Mulleres	Total	Porcentaxe
PERSONAL DE LIMPEZA OU LIMPADOR, EN XERAL	282	4.296	4.578	11,19
ALBANEL	2.702	16	2.718	6,64
DEPENDENTE DE COMERCIO, EN XERAL	143	1.838	1.981	4,84
EMPREGADO ADMINISTRATIVO, EN XERAL	430	1.158	1.588	3,88
PEÓN DA CONSTRUCCIÓN DE EDIFICIOS	1.190	9	1.199	2,93
ASISTENTE DOMICILIARIO	14	1.128	1.142	2,79
PEÓN DA INDUSTRIA MANUFACTUREIRA, EN XERAL	517	585	1.102	2,69
COCIÑEIRO, EN XERAL	160	807	967	2,36
CONDUTOR DE CAMIÓN, EN XERAL	776	10	786	1,92
EMPREGADO DE FOGAR	2	706	708	1,73

No que respecta á lista das dez ocupacións máis demandadas, e de acordo co exposto na táboa anterior, cómpre sinalar a concentración do 40,97%. Destas, a ocupación máis demandada foi a de persoal de limpeza ou limpador, en xeral (11,19%); a continuación sitúanse a de albanel (6,64%) e a de dependente de comercio, en xeral (4,84%). Obsérvase tamén que se trata, practicamente, das mesmas ocupacións que as dos anos anteriores, polo tanto coas mesmas características: baixa cualificación, masculinizadas (caso de albanel) ou feminizadas (caso de persoal de limpeza ou limpador, en xeral), segundo o caso.

3.3.5.- Contratación a maiores de 54 anos


	Homes	Mulleres	Total
A Coruña	6.733	4.625	11.358
Lugo	1.804	913	2.717
Ourense	1.759	1.083	2.842
Pontevedra	6.682	3.845	10.527
GALICIA	16.978	10.466	27.444

O número de contratos realizados con maiores de 54 anos e rexistrados nas nosas oficinas de emprego ao longo do ano 2010 foi de 27.444, dos que o 61,86% se formalizou co colectivo de homes e o 38,13% co de mulleres; esta proporción supuxo que a diferenza entre homes e mulleres fose de máis de 23 puntos a favor dos homes.




A Coruña e Pontevedra concentraron máis do 80% do total de contratos deste colectivo en Galicia, de maneira que as provincias orientais rexistraron unhas cifras de contratación notablemente inferiores.


Se analizamos o peso que supuxo a contratación deste colectivo na totalidade da contratación de Galicia, observamos como esta poboación representaba algo máis do 4%.



Se analizamos á variación interanual, vemos como en Galicia foi negativa, concretamente do -1,45%. Pero non todas as provincias se comportaron do mesmo xeito; así, a única que tivo valores positivos foi a de Pontevedra, onde a contratación subiu o 1,72%, e o resto rexistraron unha redución da contratación, destacando Lugo, cunha perda do -5,36%.




Porcentaxe de contratos nos maiores de 54 anos en 2010




Contratos por tipoloxía entre maiores de 54 anos

	Indefinido	Indefinido tempo parcial	Outros	Prácticas/Formación	Temporal	Temporal tempo parcial	Total
A Coruña	823	280	508	50	7.145	2.552	11.358
Lugo	307	57	360	41	1.377	575	2.717
Ourense	215	63	169	47	1.707	641	2.842
Pontevedra	648	219	1.000	4	6.417	2.239	10.527
GALICIA	1.993	619	2.037	142	16.646	6.007	27.444

Atendendo á contratación por tipoloxía, vemos como novamente a contratación temporal a xornada completa engloba o 60,65% e a tempo parcial o 21,89%, o que significa que algo máis do 80% da contratación dos maiores de 54 anos sexa de carácter temporal, mentres que a contratación indefinida se sitúa arredor do 10%.



No que se refire á comparativa entre a contratación con maiores de 54 anos respecto á totalidade da contratación por tipoloxía, observamos como practicamente tiveron o mesmo peso tanto na contratación indefinida como na temporal, en torno ao 4%.



Índice de rotación

	Contratos	Contratados	Índice de rotación
Homes	16.978	9.033	1,88
Mulleres	10.466	5.322	1,97
Total	27.444	14.355	1,91


Atendendo ao índice de rotación dos maiores de 54 anos, vemos que en 2010 cada persoa contratada maior de 54 anos tivo unha media de 1,91 contratos, o cal supuxo un incremento de 0,09 puntos. Por sexo, as mulleres rexistraron maior índice de rotación que os homes, en concreto 1,97% e 1,88%, respectivamente.

Contratos por nivel formativo entre os maiores de 54 anos

	Ata certificado de escolaridade	BUP / Bacharelato superior / COU	Formación profesional	Titulación ensino obrigatorio	Titulados universitarios	Total
A Coruña	4.119	1.026	597	5.091	525	11.358
Lugo	1.277	222	133	984	101	2.717
Ourense	1.185	210	69	1.277	101	2.842
Pontevedra	3.932	755	368	5.066	406	10.527
GALICIA	10.513	2.213	1.167	12.418	1.133	27.444


En canto aos contratos por nivel formativo, o 45,25% dos contratos realizáronse con persoas que tiñan titulación de ensino obrigatorio, seguidas dos que tiñan ata certificado de escolaridade (38,31%), de maneira que máis do 83% da contratación se formalizou con persoas de baixo nivel formativo. Pola contra, a medida que aumenta o nivel de estudos, a proporción de contratados vaise reducindo; así, a contratación con titulados universitarios supuxo en torno ao 4%, e a mesma proporción tivo o grupo que tiña formación profesional.

Distribución da contratación por nivel formativo entre os maiores de 54 anos



En relación coa participación deste colectivo no conxunto da contratación realizada na nosa comunidade autónoma, vemos como o grupo con máis presenza foi o que tiña ata certificado de profesionalidade (7,31%), seguido dos que tiñan titulación de ensino obrigatorio (4,37%); pola contra, onde menos participación tiveron foi na contratación con titulación de formación profesional (1,30%).

Participación da contratación dos maiores de 54 anos por nivel formativo sobre o total de Galicia



Mobilidade dos contratados maiores de 54 anos




Se observamos os datos do gráfico anterior, vemos como o fluxo de traballadores maiores de 54 anos achega un saldo negativo, pois saíron de Galicia cara ao resto do Estado máis persoas das que entraron. Por sexo, os homes presentaron maior nivel de mobilidade que as mulleres. E en canto á diferenza entre os que entraron a Galicia e os que saíron dela, no caso do colectivo masculino foi de 3,17 puntos, mentres que no feminino foi de 0,57 puntos.

As dez actividades (CNAE-09 2 díxitos) máis importantes na contratación dos maiores de 54 anos

CNAE	Descrición	Contratos	Porcentaxe
41	Construción de edificios	2.157	7,86
52	Almacenamento e actividades anexas ao transporte	2.133	7,77
56	Servizos de comidas e bebidas	1.993	7,26
84	Administración pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria	1.978	7,21
90	Actividades de creación, artísticas e espectáculos	1.804	6,57
81	Servizos a edificios e actividades de xardinaría	1.771	6,45
43	Actividades de construción especializada	1.602	5,84
78	Actividades relacionadas co emprego	1.375	5,01
49	Transporte terrestre e por tubaxe	959	3,49
59	Actividades cinematográficas, de vídeo e de programas de televisión, gravación de son e edición musical	857	3,12

Dentro das actividades máis importantes na contratación a maiores de 54 anos, obsérvase que máis da metade da contratación deste colectivo se concentrou nestas dez actividades e, delas, a que figura en primeiro lugar é a construción de edificios,

concentrando o 7,86%, seguida moi de cerca pola de almacenamento e actividades anexas ao transporte, co 7,77%.




As dez ocupacións máis contratadas

Grupo primario	Homes	Mulleres	Total	% Total
Persoal de limpeza de oficinas, hoteis (camareiras de piso) e outros establecementos similares	260	3.170	3.430	12,50
Albaneis e canteiros	2.008	28	2.036	7,42
Peóns de industrias manufactureiras	1.002	701	1.703	6,21
Compositores, músicos e cantantes	1.579	100	1.679	6,12
Cociñeiros e outros preparadores de comidas	279	1.015	1.294	4,72
Camareiros, barmans e asimilados	664	397	1.061	3,87
Operadores de guindastres, camións montacargas e de maquinaria similar de movemento de materiais	853	86	939	3,42
Condutores de camións	704	5	709	2,58
Peóns do transporte e descargadores	416	182	598	2,18
Asistentes domiciliarios	7	588	595	2,17

A maioría da contratación dos maiores de 54 anos concentrábanse nunhas poucas ocupacións; de feito, unha de cada dúas persoas contratouse nestes dez grupos ocupacionais e, destas ocupacións, a que figura en primeiro lugar segue a ser a de persoal de limpeza de oficinas, hoteis (camareiras de piso) e outros establecementos similares, co 12,50%, seguida, igual que o ano anterior, da de albaneis e canteiros, co 7,42%.

Por outra banda, estes grupos primarios caracterízanse pola estabilidade na súa composición, son practicamente os mesmos que os do ano anterior, teñen baixo nivel de cualificación e, segundo o grupo, hai un predominio da contratación feminina – como sucede, por exemplo, cos asistentes domiciliarios– ou, polo contrario, da contratación masculina, como no caso dos albaneis e canteiros.

Perfil da contratación dos maiores de 54 anos en Galicia¹



(1) Para elaborar os informes seguintes, tivéronse en conta, de forma independente, os valores máis repetidos obtidos en cada unha das distintas variables.

3.4. TRABALLADORES ESTRANXEIROS


3.4.1.- Datos demográficos

	Poboación total	Estranxeiros	Porcentaxe estranxeiros	Variación
A Coruña	1.146.458	38.989	3,40	992
Lugo	353.504	14.176	4,01	579
Ourense	335.219	16.711	4,99	1.153
Pontevedra	962.472	39.794	4,13	309
GALICIA	2.797.653	109.670	3,92	3.033
ESPAÑA	47.021.031	5.747.734	12,22	99.063


Segundo o Padrón Municipal de Habitantes en 1 de xaneiro de 2010, o número de persoas estranxeiras en Galicia era de 109.670, o que supoñía o 3,92% da poboación total de Galicia, de maneira que o peso demográfico dos estranxeiros en Galicia era bastante inferior ao do conxunto do Estado, que era de 12,22%.

Por provincias, as occidentais, atendendo ás cifras absolutas, foron as que contaron con maior número de estranxeiros, aínda que en termos relativos destaca a provincia de Ourense, onde este colectivo representaba o 4,99% da poboación total.

É preciso aclarar que o padrón entende por persoas estranxeiras o número de inscritos que non teñen nacionalidade española, incluíndo tanto as persoas con tarxeta ou autorización de residencia como aquelas que non a teñen.



Respecto ao ano 2010, o incremento da poboación estranxeira foi de 3.033 persoas, o que supuxo, en termos relativos, o 2,84%. Isto confírmanos que este colectivo medra en proporcións algo superiores ás do conxunto da poboación da nosa comunidade. Pero tamén hai que dicir que este incremento non afecta por igual a todas as provincias; así, Ourense foi a que experimentou o aumento máis alto, co 7,41%, mentres que en Pontevedra só medraron nun 0,78%.




Os dez países que achegan maior número de poboación estranxeira a Galicia


	Total	Homes	Mulleres	% sobre o total de poboación estranxeira en Galicia
Portugal	21.434	13.532	7.902	19,54
Brasil	11.465	3.701	7.764	10,45
Colombia	8.983	3.378	5.605	8,19
Romanía	7.178	3.807	3.371	6,55
Marrocos	6.380	3.958	2.422	5,82
Arxentina	4.488	2.030	2.458	4,09
Venezuela	3.973	1.466	2.507	3,62
Uruguai	3.912	1.843	2.069	3,57
República Dominicana	3.729	1.298	2.431	3,40
Italia	3.649	2.185	1.464	3,33

Analizando os estranxeiros que residen na nosa comunidade segundo o seu país de procedencia, observamos que só dez nacionalidades concentraban o 68,56% da totalidade de estranxeiros que vivían en Galicia, e dentro destes predominaron claramente os portugueses, os cales concentraron o 19,54% do total, seguidos en importancia, aínda que a bastante distancia, polos brasileiros (10,45%), colombianos (8,19%) e romaneses (6,55%).

Segundo a nacionalidade, hai un predominio dun ou doutro sexo; así, na nacionalidade portuguesa foron os homes os máis frecuentes, mentres que na brasileira o foron as mulleres.



Porcentaxe de poboación estranxeira no ano 2010



3.4.2.- EPA (Enquisa de Poboación Activa)

	Taxa de actividade	Taxa de ocupación	Taxa de paro
Ambos os sexos	71	51,14	27,91
Homes	77,7	58,82	24,36
Mulleres	65,4	44,87	31,46

Fonte: Instituto Nacional de Estatística. IV trimestre 2010

No tocante aos datos que nos proporciona a EPA referidos ao último trimestre de 2010, observamos como a taxa de actividade dos estranxeiros foi do 71%, cifra que se situaba en 16,57 puntos por riba da taxa de actividade para o conxunto da poboación galega. Respecto ao mesmo trimestre do ano anterior, produciuse un descenso de 1,77 puntos.


Por sexo, os homes presentaron unha taxa de actividade máis alta que as mulleres, 77,7% fronte ao 71%, o que supuxo unha diferenza de 6,7 puntos.

A taxa de ocupación foi do 51,14%, estando 5,25 puntos por encima da taxa para a totalidade de Galicia. Se comparamos este dato co do cuarto trimestre do ano anterior, vemos como a taxa de ocupación diminuíu en 7,88 puntos.

Por sexo, a taxa de ocupación masculina superou en 13,95 puntos a feminina.

En canto á taxa de paro dos estranxeiros para o derradeiro trimestre do ano 2010, foi de 27,91%, case o dobre da taxa de desemprego do conxunto da poboación galega, que foi de 15,69%. Por outra parte, se comparamos a taxa de paro deste trimestre coa do mesmo período do ano anterior, vemos como aumentou en 9,02 puntos.

Por sexo, a taxa de desemprego feminina foi de 31,46%, mentres que a masculina foi de 24,36%, o que supuxo unha diferenza de 7,10 puntos.




3.4.3.- Afiliacións


	R. mar	R. agrario	R. autónomos	R. fogar	R. xeral
A Coruña	487	338	1.657	1.933	8.480
Lugo	458	621	498	452	3.281
Ourense	0	158	684	457	3.136
Pontevedra	481	276	1.870	1.309	9.400
GALICIA	1.448	1.435	4.837	4.192	24.298
Non consta	22	42	128	41	1

Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social. Datos referidos a 31 de decembro de 2010


Atendendo ás cifras da afiliación dos estranxeiros en alta laboral, observamos que o réxime xeral predominou claramente, concentrando o 67,10% da totalidade da afiliación. O peso porcentual do resto dos réximes foi, polo tanto, moito máis reducido; así, o réxime especial de autónomos supuxo o 13,36% e o do fogar o 11,56%, mentres que os réximes restantes, o do mar e o agrario, representaban arredor do 4% cada un deles.



No que respecta á porcentaxe que supoñían os estranxeiros na totalidade de afiliación da nosa comunidade, observamos que onde máis presenza acadaron foi no réxime especial agrario, concretamente o 31,61%, seguido do réxime do fogar, co 20,67%. No resto dos réximes os estranxeiros tiveron moito menos incidencia; así, no réxime do mar supoñían o 6,14%, no xeral o 3,42% e no de autónomos a porcentaxe foi moi residual, o 2,23%.



Atendendo á variación interanual, podemos observar que hai réximes que medran e outros que diminúen; así, dentro dos primeiros, destacou o réxime agrario cun incremento do 10,30%, seguido do de autónomos co 2,61%; no entanto, o réxime do mar perdeu un -14,32% do seus afiliados, seguido do réxime xeral, o cal descendeu un -13,27% e do de fogar un -6,16%.




As dez actividades (CNAE-09 2 díxitos) máis importantes entre os asalariados estranxeiros. Galicia

CNAE2009	Descrición	Afiliados	%
56	Servizos de comidas e bebidas	5.103	21,00
41	Construción de edificios	2.117	8,71
47	Comercio ao retallo, agás de vehículos de motor e motocicletas	1.906	7,84
43	Actividades de construción especializada	1.748	7,19
49	Transporte terrestre e por tubaxe	1.640	6,75
46	Comercio por xunto, agás vehículos de motor e motocicletas	1.201	4,94
10	Industria da alimentación	799	3,29
85	Educación	724	2,98
81	Servizos a edificios e actividades de xardinaría	704	2,90
86	Actividades sanitarias	608	2,50

Das dez actividades económicas con maior número de afiliación estranxeira, situábanse en primeiro lugar aquelas relacionadas cos servizos de comidas e bebidas (21%), seguidas das de construción de edificios co 8,71% e das de comercio ao retallo, agás de vehículos de motor e motocicletas co 7,84%; deste xeito, case o 40% dos traballadores estranxeiros aglutinábanse nestas tres actividades. Por último, cabe dicir que, coa excepción dunha actividade, se trata das mesmas que as do ano pasado e con porcentaxes moi semellantes.

As dez actividades máis destacadas entre os asalariados estranxeiros (CNAE-09 2 díxitos). Galicia



As dez actividades (CNAE-09 2 díxitos) máis importantes entre os autónomos estranxeiros. Galicia

CNAE2009	Descrición	Total	Porcentaxe
47	Comercio ao retallo, agás de vehículos de motor e motocicletas	1.188	24,56
56	Servizos de comidas e bebidas	1.038	21,46
46	Comercio por xunto, agás vehículos de motor e motocicletas	368	7,61
43	Actividades de construción especializada	344	7,11
41	Construción de edificios	259	5,35
85	Educación	177	3,66
96	Outros servizos persoais	118	2,44
86	Actividades sanitarias	106	2,19
10	Industria da alimentación	104	2,15
49	Transporte terrestre e por tubaxe	101	2,09


Case un de cada dous autónomos estranxeiros agrupábanse nas dúas primeiras actividades: “comercio ao retallo, agás de vehículos de motor e motocicletas” e “servizos de comidas e bebidas”. Séguenlle, aínda que a bastante distancia, “comercio por xunto, agás vehículos de motor e motocicletas” e “actividades de construción especializada”, co 7,61% e 7,11%, respectivamente.

3.4.4.- Demandantes parados estranxeiros


	Homes	Mulleres	Total
A Coruña	2.306	2.146	4.452
Lugo	885	839	1.724
Ourense	987	928	1.915
Pontevedra	2.626	2.270	4.896
GALICIA	6.804	6.183	12.987

O número de parados estranxeiros rexistrados nas oficinas de emprego da nosa comunidade autónoma en 31 de decembro de 2010 elevábase a 12.987 persoas, dos cales 52,39% eran homes e 47,61% mulleres; deste xeito, observamos como neste colectivo o peso das persoas desempregadas incide máis nos homes que nas mulleres.


Por provincias, a que acadou a proporción máis alta foi a de Pontevedra, co 37,70%, seguida da Coruña, co 34,28%, concentrando entre as dúas case tres cuartas partes dos parados inmigrantes de Galicia.




Se comparamos as cifras expostas no parágrafo anterior co conxunto dos parados galegos, constatamos que este colectivo supoñía o 5,33%.



Se analizamos a variación interanual do desemprego dos estranxeiros, vemos como se produciu un incremento do 9,44%, pero esta subida do paro non afectou por igual a todas as provincias; de feito, onde máis medrou foi en Lugo (21,67%), mentres que Pontevedra foi a que presentou a subida máis moderada (6,60%).




Porcentaxe de parados nos estranxeiros no ano 2010




Demandantes parados estranxeiros por antigüidade no paro

ANTIGÜIDADE	Homes	Mulleres	Total
≤ 1 mes	1.174	697	1.871
De 1 a 3 meses	1.668	1.508	3.176
De 3 a 6 meses	1.176	1.102	2.278
De 6 a 12 meses	1.233	1.079	2.312
De 12 a 24 meses	1.041	1.121	2.162
Máis de 24 meses	512	676	1.188

Dentro dos parados desempregados estranxeiros segundo a antigüidade no paro, o grupo máis numeroso foi o que levaba buscando emprego de 1 a 3 meses (24,46%); pola contra, aqueles que levaban máis de 24 meses eran os que tiñan menor peso porcentual (9,15%).




Se nos centramos na porcentaxe que supuxo o colectivo de inmigrantes no conxunto dos parados, vemos que onde máis presenza tivo foi no grupo que levaba na procura de un emprego de 1 a 3 meses: 7,52%. A partir de aquí, a medida que aumenta o período de permanencia no paro, a proporción de estranxeiros diminúe; así, os que levaban máis de 24 meses desempregados só representan o 2,35%.



As dez actividades (CNAE-09 2 díxitos) máis importantes entre os parados estranxeiros

CNAE	Descrición	Parados	%
00	Sen emprego anterior	2.927	22,54
56	Servizos de comidas e bebidas	1.793	13,81
41	Construción de edificios	1.192	9,18
43	Actividades de construción especializada	1.010	7,78
47	Comercio ao retallo, salvo de vehículos de motor e motocicletas	568	4,37
74	Outras actividades profesionais, científicas técnicas	432	3,33
78	Actividades relacionadas co emprego	329	2,53
81	Servizos a edificios e actividades de xardinaría	300	2,31
46	Comercio por xunto e intermediarios do comercio, salvo de vehículos de motor e motocicletas	298	2,29
01	Agricultura, gandería, caza e servizos relacionados con elas	297	2,29
55	Servizos de aloxamento	291	2,24

Se analizamos as actividades que rexistraron máis parados, vemos, igual que acontecía con outros colectivos, como unhas poucas actividades concentraban a metade dos parados estranxeiros. Tamén chama a atención o feito de que un número importante de estranxeiros (22,54%) non contasen con experiencia laboral previa. Por outra parte, son exactamente as mesmas actividades do ano anterior e cunhas porcentaxes de desempregados moi semellantes ás do ano anterior.



As dez ocupacións máis demandadas entre os estranxeiros


Ocupación	Homes	Mulleres	Total	%
PERSOAL DE LIMPEZA OU LIMPADOR, EN XERAL	108	1.153	1.261	9,71
CAMAREIRO, EN XERAL	318	861	1.179	9,08
PEÓN DA CONSTRUCCIÓN DE EDIFICIOS	800	4	804	6,19
DEPENDENTE DE COMERCIO, EN XERAL	63	652	715	5,51
ALBANEL	664	6	670	5,16
COCIÑEIRO, EN XERAL	104	351	455	3,50
PEÓN DA INDUSTRIA MANUFACTUREIRA, EN XERAL	292	158	450	3,47
EMPREGADO DE FOGAR	9	338	347	2,67
EMPREGADO ADMINISTRATIVO, EN XERAL	52	256	308	2,37
MARIÑEIRO DE BUQUE DE PESCA	237	1	238	1,83

Analizando as dez ocupacións máis solicitadas polos desempregados estranxeiros, observamos que a máis demandada foi a de persoal de limpeza ou limpador, en xeral, co 9,71%, seguida moi de cerca pola de camareiro, en xeral, co 9,08%; en terceiro lugar está peón da construción de edificios, co 6,19%. Dito doutro xeito, un de cada catro desempregados estranxeiros anotouse nunha destas tres ocupacións. Cómpre sinalar que a gran maioría destas ocupacións coinciden coas do ano pasado, que son ocupacións de baixo nivel de cualificación e que, segundo o caso, pode tratarse de ocupacións moi feminizadas, como, por exemplo, persoal de limpeza ou limpador, en xeral, ou polo contrario moi masculinizadas, como no caso de peón da construción de edificios.

3.4.5.- Contratación de estranxeiros


	Homes	Mulleres	Total
A Coruña	12.344	7.868	20.212
Lugo	5.214	2.610	7.824
Ourense	3.024	2.013	5.037
Pontevedra	12.970	6.422	19.392
GALICIA	33.552	18.913	52.465

O número de contratos a persoas estranxeiras rexistrados nas nosas oficinas de emprego ao longo do ano 2010 foi de 52.465, dos cales o 63,95% foi contratación masculina e o 36% feminina, o que significa que a diferenza entre homes e mulleres era de 27,92 puntos a favor dos homes.



Por provincias, tres de cada catro contratos a estranxeiros foron asinados nas provincias da Coruña e Pontevedra, mentres que nas outras dúas provincias as cifras de contratación foron sensiblemente inferiores, sobre todo en Ourense, onde se rexistrou só o 9,6% da contratación.


En canto ao peso que supuxo a contratación de estranxeiros en relación coa totalidade de Galicia, supuxo no ano 2010 o 7,71%, aínda que, dentro deste mesmo colectivo, a participación dos homes case duplicou a das mulleres.



Se analizamos a variación interanual, vemos como os estranxeiros acusaron un descenso na contratación dun -4,95%. A nivel provincial, este descenso non afectou a todas na mesma medida; así, Pontevedra e Lugo rexistraron unha variación negativa de arredor do 8%, mentres que A Coruña foi a única provincia que amosou un lixeiro aumento (0,67%).



Porcentaxe de contratos a estranxeiros no ano 2010




Número de contratos segundo a nacionalidade

	Homes	Mulleres	Total	%
PORTUGAL	7.945	2.480	10.425	19,87
COLOMBIA	2.247	2.650	4.897	9,33
ROMANÍA	2.579	1.274	3.853	7,34
BRASIL	1.264	2.185	3.449	6,57
PERÚ	2.148	1.008	3.156	6,02
MARROCOS	2.318	514	2.832	5,40
ARXENTINA	1.077	888	1.965	3,75
URUGUAI	1.162	748	1.910	3,64
REPÚBLICA DOMINICANA	888	930	1.818	3,47
CUBA	1.037	677	1.714	3,27
SENEGAL	1.388	84	1.472	2,81
ITALIA	901	549	1.450	2,76
VENEZUELA	617	741	1.358	2,59
ECUADOR	829	395	1.224	2,33
CHINA	522	368	890	1,70

Analizando a contratación por nacionalidades, a portuguesa foi a que achegou un maior volume, concretamente o 19,87% da totalidade, seguida, aínda que a bastante distancia, pola colombiana co 9,33% e pola romanesa co 7,34%; deste xeito, vemos como máis dunha cuarta parte da contratación a estranxeiros se asinaba cunha destas tres nacionalidades.


Mención especial require a diferenza de peso dos homes ou das mulleres na contratación segundo a nacionalidade de que se trate. Así, no caso de Portugal ou de Marrocos, por cada tres contratos asinados con homes só un se fixo con mulleres; no lado oposto atopábase Brasil, onde por cada contrato a un home case se rexistraron dous a mulleres.




Contratos a estranxeiros por tipoloxía

	Indefinido	Indefinido tempo parcial	Outros	Prácticas/Formación	Temporal	Temporal tempo parcial	Total
A Coruña	1.904	608	146	154	11.897	5.503	20.212
Lugo	1.602	148	173	76	4.545	1.280	7.824
Ourense	598	134	28	64	3.085	1.128	5.037
Pontevedra	1.884	524	102	150	12.366	4.366	19.392
GALICIA	5.988	1.414	449	444	31.893	12.277	52.465

A contratación temporal supuxo máis do 80%, mentres que só un 14% foron indefinidos, o que converte o colectivo de inmigrantes cunhas porcentaxes da contratación indefinida por enriba das que tiñan outros colectivos.



Polo que se refire á participación da contratación de inmigrantes na contratación total de Galicia, vemos que onde máis peso tiveron foi na de carácter indefinido; concretamente na realizada a xornada completa supuxeron o 13,15% e na efectuada a tempo parcial o 9,77%. Na contratación temporal a participación foi algo máis baixa, en torno ao 7%.



Índice de rotación

	Contratos	Contratados	Índice de rotación
Homes	33.552	19.172	1,75
Mulleres	18.913	10.529	1,80
Total	52.465	29.701	1,77


No que se refire ao índice de rotación dos estranxeiros, no ano 2010 foi do 1,77, o que significa que cada estranxeiro tivo unha media de 1,77 contratos, cifra que sitúa os estranxeiros cun índice de rotación por debaixo do índice do conxunto da poboación de Galicia, que foi do 2,17 para o mesmo período.

Atendendo ao sexo, foron as mulleres as que rexistraron un índice de rotación máis alto: 1,80 fronte ao 1,75 dos homes.


Contratación a estranxeiros por sexo e idade

	Homes	Mulleres	Total	% Total
16 a 29	10.802	7.877	18.679	35,60
30 a 44	17.218	8.888	26.106	49,76
45 a 54	4.688	1.834	6.522	12,43
55 e máis	844	314	1.158	2,21
Total	33.552	18.913	52.465	100

Do total da contratación a estranxeiros realizada en Galicia, un 49,77% tiña entre 30 e 44 anos, seguido dos menores de 30 anos, co 35,60%, de maneira que existía unha concentración do 85,36% da contratación nas persoas de menos de 45 anos. Pero, a medida que a idade aumenta, a contratación decrece; de feito, a porcentaxe cos maiores de 54 anos non deixa de ser mínima (2,21%).



Atendendo á participación que supuxo a contratación de estranxeiros, por idade, no conxunto da nosa comunidade, débese mencionar que a maior porcentaxe correspondeu ao grupo de entre 30 e 44 anos, co 9,34%, seguido do tramo dos máis novos (entre 16 e 29 anos), co 6,68%. Pola contra, naquelas idades máis avanzadas o peso dos estranxeiros vai diminuindo.




As dez actividades (CNAE-09 2 díxitos) máis importantes na contratación estranxeira

CNAE	Descrición	Homes	Mulleres	Total	% Total
56	Servizos de comidas e bebidas	3.976	6.726	10.702	20,40
78	Actividades relacionadas co emprego	2.855	1.517	4.372	8,33
41	Construción de edificios	4.161	107	4.268	8,13
43	Actividades de construción especializada	3.831	91	3.922	7,48
03	Pesca e acuicultura	2.676	23	2.699	5,14
47	Comercio ao retallo, salvo de vehículos de motor e motocicletas	1.107	1.534	2.641	5,03
81	Servizos a edificios e actividades de xardinaría	642	1.213	1.855	3,54
52	Almacenamento e actividades anexas ao transporte	1.691	131	1.822	3,47
49	Transporte terrestre e por tubaxe	1.666	125	1.791	3,41
55	Servizos de aloxamento	463	1.260	1.723	3,28

Cómpre dicir que a maioría da contratación se realiza nunhas poucas actividades; en efecto, máis da metade da contratación concentrouse nestas dez actividades (68,23%). Delas, destacaron en primeiro lugar as actividades relacionadas cos servizos de comidas e bebidas, que aglutinaron o 20,40% da contratación, seguidas, a bastante distancia, das actividades relacionadas co emprego e das actividades de construción de edificios, co 8,33% e 8,13%, respectivamente.

As dez actividades (CNAE-2 díxitos) máis importantes na contratación a estranxeiros




As dez ocupacións máis contratadas

Grupo primario	Homes	Mulleres	Total	% Total
Camareiros, barmans e asimilados	3.325	5.256	8.581	16,36
Persoal de limpeza de oficinas, hoteis (camareiras de piso) e outros establecementos similares	754	3.292	4.046	7,71
Peóns de industrias manufactureiras	2.989	714	3.703	7,06
Peóns do transporte e descargadores	2.600	243	2.843	5,42
Albaneis e canteiros	2.706	32	2.738	5,22
Cociñeiros e outros preparadores de comidas	934	1.689	2.623	5,00
Dependentes e exhibidores en tendas, almacéns, quioscos e mercados	762	1.620	2.382	4,54
Pescador por conta allea de altura	2.033	9	2.042	3,89
Traballadores en formigón armado, enfusadores, ferrallistas e asimilados	1.772	13	1.785	3,40
Condutores de camións	1.441	77	1.518	2,89

Respecto ás ocupacións máis contratadas, observamos como a maioría dos contratos se rexistraron no grupo ocupacional de camareiros, barmans e asimilados (16,36%), seguido de persoal de limpeza de oficinas, hoteis (camareiras de piso) e outros establecementos similares (7,71%) e de peóns de industrias manufactureiras (7,06%); deste xeito, un de cada catro estranxeiros contratouse nun destes tres grupos primarios.

Por outra banda, constatamos unha vez máis que se trata de grupos ocupacionais que responden a un baixo nivel de cualificación e que, dependendo do grupo primario, a contratación pode ser claramente masculina, como ocorre con pescador por conta allea de altura, ou, pola contra, marcadamente femininas, como sucede coa ocupación de camareiros, barmans e asimilados. En cambio, na lista anterior non existen ocupacións cunha contratación igualitaria ou, polo menos, case igualitaria.

Perfil da contratación dos estranxeiros en Galicia¹



(1) Para elaborar os informes seguintes, tivéronse en conta, de forma independente, os valores máis repetidos obtidos en cada unha das distintas variables.

4.- CONCLUSIONES

Demografía

A poboación de Galicia, segundo o Padrón Municipal de Habitantes en 1 de xaneiro de 2010, **era de 2.797.653 persoas**, das cales 1.350.547 eran homes e 1.447.106 eran mulleres.

A poboación estranxeira, na mesma data, **acadaba a cifra de 109.670 persoas**, representando o 3,92% da poboación total de Galicia.

Respecto ao ano anterior, a poboación medrou o 0,06%; este crecemento tan reducido, aínda menor que o rexistrado no ano 2009, indícanos que **a poboación de Galicia está practicamente estancada**.

Por xénero, ata aproximadamente os 40 anos, a proporción de homes era lixeiramente superior á das mulleres; a partir de aquí a proporción de mulleres aumenta en relación directa coa idade, chegando as mulleres a duplicar as cifras de homes nos tramos de idades máis avanzadas, e xa nos últimos intervalos, é dicir, aquela poboación que conta con máis de 74 anos, as mulleres concentraban o 62%, mentres que os homes supoñían o 38%.

Por último, e atendendo ás cifras absolutas por idades, cómpre dicir que nacen poucos nenos e que o volume de persoas anciás é considerable, o que significa que Galicia sofre un índice de envellecemento moito máis acusado que o conxunto do Estado, e que o colectivo de estranxeiros é o que permite que a poboación total non se estanque, senón que aumente, aínda que sexa lixeiramente.

Perfil sociodemográfico

A taxa de actividade (que é o cociente entre o número total de activos e a poboación total) de Galicia **mantívose** practicamente inalterada ao longo do ano 2010, **arredor do 54%**, rexistrando leves retrocesos ou lixeiros avances, segundo o trimestre, e rematou o ano cunha taxa do 54,43%, fronte ao 59,99% a nivel nacional, o que sitúa a nosa comunidade en 5,56 puntos por debaixo da estatal.

Por xénero, foron os homes os que rexistraron unha taxa de actividade máis alta, acadando o cuarto trimestre do ano o 61,47% (case un punto menos que no mesmo período do ano anterior), mentres que as mulleres cerraron o ano cunha taxa do 48% (practicamente a mesma que a do ano anterior), o que as situou a unha distancia de 13,47 puntos da taxa masculina.

No tocante á **taxa de emprego** (que é o cociente entre o número de ocupados e a poboación de 16 e máis anos) da nosa comunidade, o cuarto trimestre do ano 2010 **rexistrou unha taxa do 45,89%**, baixando un 1,84% respecto ao mesmo período do ano anterior. A taxa de emprego estatal tamén diminuíu, aínda que en menor medida que a galega, situándose 1,91 puntos por enriba da de Galicia.

Seguen a ser os homes os que rexistran as cifras máis altas, aínda que a ocupación se reduciu para ambos os dous sexos, pechando o ano co 52,13%, fronte ao 40,18% da taxa feminina (cifras por debaixo das do Estado), polo que a diferenza foi de 11,95 puntos, experimentando unha variación interanual de -2,63 e -1,22 puntos respectivamente.

A **taxa de paro** (que é o cociente entre o número de parados e o número de activos) **medrou ao longo do ano 2010** en 2,81 puntos, **pechando o ano cunha taxa do 15,69%**, 4,64 puntos por debaixo da media nacional (20,33%).

A taxa de desemprego masculina de Galicia situouse no 15,2% (4,75 puntos por debaixo da estatal) e a feminina no 16,28% (4,5 puntos menos que a media nacional), rexistrando unha subida respecto ao último trimestre de 2009 de 3,33 puntos no colectivo dos homes e 2,21 no caso das mulleres.

En síntese, segundo os datos proporcionados pola Enquisa de Poboación Activa (EPA), **o ano 2010 pechouse cunhas taxas de actividade e de ocupación máis reducidas, mentres que as de desemprego se incrementaron sensiblemente**. Esta situación produciuse tanto en Galicia como en España e, malia que en Galicia a taxa de paro rexistrou unha subida máis alta que a doutras comunidades autónomas ou a do conxunto do Estado, remata o ano con cunha diferenza de 4,75 puntos por debaixo da taxa de paro nacional.

Por outra banda, **seguen a ser as mulleres as que acumulan maiores taxas de paro e, pola contra, menores taxas de ocupación e de actividade**.

Por último, e recordando as directrices da Unión Europea –que situaba como obxectivo acadar unha taxa de emprego para o ano 2010 do 70% en xeral, algo que en principio semellaba difícil para o noso país mesmo en anos de bonanza, cando España creaba máis emprego que moitos países da Unión Europea–, resultou imposible alcanzar esa meta a partir de finais do 2007, cando a crise económica e financeira tivo consecuencias certamente moi graves no mercado de traballo.

Na actualidade a meta do Cumio de Lisboa foi substituída pola Estratexia 2020, na que o obxectivo para o emprego é acadar unha taxa de ocupación que chegue ao 75% na UE, pero en España no actual contexto de crise económica, con consecuencias tan nefastas para o emprego, tal como reflicten as cifras da EPA, parece moi difícil de conseguir, polo menos de momento.

Tecido produtivo

As cifras que conforman o **tecido produtivo galego concéntranse nas provincias da Coruña e de Pontevedra, que acaparon entre as dúas arredor do 75%** do número de autónomos, empresas e tamén traballadores. Estes datos confirman que existen importantes diferenzas entre as provincias atlánticas, moito máis dinámicas e cun nivel de actividade superior, e as provincias orientais.

Observando a evolución do noso tecido empresarial, cos datos reflectidos na Tesouraría da Seguridade Social, vemos como, coa excepción do ano 2007, en que o número de empresas, de autónomos e de traballadores medra, **a partir de 2008 o tecido produtivo da nosa comunidade non parou de caer**, de forma especialmente acusada en 2009, pero o ano 2010 tampouco se librou dun retroceso na afiliación, aínda que o ritmo da caída foi moito máis suave que nos dous anos anteriores. Tendo en conta que hai expertos que entenden que a afiliación é a mellor radiografía do nivel de emprego, todo parece indicar que se freou o ritmo de deterioración do noso tecido produtivo, pero ata agora non comezou unha certa recuperación, aínda que sexa tímida, o que nos confirma que, polo menos de momento, o escenario de crise vai continuar.

Mención á parte merecen os autónomos, porque foron os únicos que no ano 2008 experimentaron un notable aumento, superando en moito o producido en anos anteriores, especialmente na provincia de Lugo; aínda así, en 2009 concéntrase a maior perda de afiliados autónomos, e tampouco o ano 2010 se libra da caída. Cómpre precisar que no aumento do número de autónomos en 2008 influíu o feito de que, a partir de xaneiro de 2008, desapareceu o réxime especial agrario por conta propia e os seus afiliados integráronse no réxime especial de autónomos.

Existe un protagonismo case exclusivo do sector servizos en canto ao volume de empresas, traballadores e autónomos. Hai que ter en conta que este sector engloba innumerable cantidade de diversos servizos, como limpeza, servizos xurídicos, técnicos, de vixilancia, asesorías de contabilidade, etc. Malia que este sector leva catro anos consecutivos rexistrando un descenso na cifra de empresas, de traballadores e de autónomos, durante o ano 2010 o ritmo de descenso foi máis lento.

En canto ao resto dos sectores, **a construción non parou de caer nos últimos anos** e, a pesar de que parecía que o peor da crise xa estaba superado, este sector durante o ano 2010 sofre perdas con valores máis elevados que os do ano anterior, o que nos confirma que para a construción o peor da crise aínda non rematou, pois de momento non logra deter a destrución de emprego.

O sector secundario segue a mesma liña dos anos anteriores, perdendo afiliados, aínda que durante o ano 2010 o retroceso foi a menos.

Por último, **o sector primario (agricultura, gandería e pesca) volveu rexistrar un leve aumento do número de empresas durante o ano 2010** e, malia que a cifra é reducida, non parece nada desprezable, máxime no actual contexto, cando o resto dos sectores non deixaron de perder afiliados nos últimos anos.

Paro rexistrado

A cifra de parados en 31 de decembro de 2010 rexistrados nas oficinas do Servizo Público de Emprego de Galicia ascendía a 237.313. O paro subiu respecto ao ano anterior en 14.474 persoas, o que supuxo un aumento do 6,50%. Despois dos anos 2008 e 2009, en que se concentraron os peores resultados, as cifras de paro de 2010 indican que, a pesar de seguir sendo desfavorables, xa que o desemprego tamén aumentou, si que o fixo de maneira máis moderada que nos anos precedentes, o que talvez nos está indicando que o peor da crise xa pasou.

Se atendemos ao xénero, o paro incrementouse en ambos os sexos, aínda que a perda de emprego dos homes superou a das mulleres (7.754 homes fronte a 6.720 mulleres), de maneira que os efectos da crise afectaron máis aos homes que ás mulleres. Aínda así, unha vez máis, o colectivo de mulleres desempregadas supera en máis de 6 puntos o dos homes, distancia que apenas se reduciu respecto ao ano anterior.

A Coruña e Pontevedra son as provincias que presentaron un volume semellante de parados, e entre as dúas aglutinan máis das tres cuartas partes dos desempregados da nosa comunidade, o que reflicte a preponderancia destas dúas provincias no conxunto da comunidade autónoma.

Polo que se refire á evolución mensual do paro rexistrado ao longo dos doce meses do ano 2010, o comportamento foi practicamente o mesmo que o ano anterior: o ano arranca co maior incremento do paro en porcentaxes similares para os homes e as mulleres, e este aumento continúa ata o mes de marzo. A partir de abril o desemprego logra reducirse ata o mes de xullo, o que parece vinculado ás contratacións rexistradas no verán, pero tras este breve respiro o desemprego volve rexistrar unha subida na segunda metade do ano, o que nos confirma a consabida estacionalidade do emprego e os poucos avances obtidos en termos de desestacionalidade; máis ben todo o contrario, no actual escenario de crise vai ser difícil corrixir esa característica do noso mercado laboral.

No tocante á distribución dos parados por idade e xénero, podemos concluír que máis do 50% dos desempregados galegos se situaban na cohorte de idade comprendida entre os 26 e 45 anos. Por sexo, o comportamento do desemprego foi similar, afectando aos mesmos grupos de idade e en proporcións moi parecidas.

Se analizamos a evolución anual dos parados, o paro aumentou nos anos 2008 e 2009 en todos os grupos de idade, aínda que tivo maior incidencia nos máis novos. Durante o ano 2010 tamén aumenta o número total de parados en todas as idades, agás nos máis novos, concretamente nos menores de 26 anos, onde descende. Sen deixar de ser un dato positivo (especialmente porque o desemprego xuvenil foi o único que baixou), esta redución pode ser debida a que moitos mozos se empregan no sector servizos, concretamente na hostalaría con contrato temporal, frecuentemente no período estival, polo que parece arriscado falar de indicio de recuperación.

Ao analizar os demandantes parados por nivel formativo, observamos como a maioría dos parados, case o 70%, tiñan un nivel baixo de estudos, o que pon de manifesto as carencias de formación nestes desempregados, empeorando as súas probabilidades de atopar un emprego, xa que, debido precisamente a ese déficit,

resulta difícil reciclar estes traballadores, e máis na actual situación de crise económica, que trouxo como consecuencia a caída do mercado laboral.

No que atinxe aos parados rexistrados **por antigüidade no paro, case un de cada catro galegos parados levaba buscando emprego máis de 24 meses (21,26%)**, aumentando considerablemente respecto aos anos precedentes, o que os converte no colectivo que está a sufrir con máis intensidade o impacto da crise do mercado de traballo, e dentro deste colectivo son as mulleres as que saen máis prexudicadas. **Na seguinte posición atopábanse os que levaban parados de 12 a 24 meses**, o que nos confirma, un ano máis, que mentres a crise laboral continúa unha das consecuencias que se deixa sentir é que cada vez son máis os desempregados que permanecen máis tempo anotados nas listas do paro, situación que, de se consolidar, resultaría do máis preocupante, polo risco que ten de converterse nun desemprego de tipo estrutural.

Pola contra, **os parados de curta duración**, que tradicionalmente vían incrementadas as súas cifras de paro, **durante o ano 2010 rexistraron unha redución no seu número**.

Respecto aos parados rexistrados por actividade económica de procedencia, tal e como acontecía nos anos precedentes, **máis da metade de parados de Galicia concentrábanse no sector servizos**, seguido da construción e do sector secundario, cunhas porcentaxes de parados de arredor do 15%. O sector primario, de menor incidencia na actividade económica de Galicia, concentra o 2,75% dos desempregados.

Por sexo, foi o sector servizos o que acaparou a maioría das mulleres desempregadas (66,80%), mentres que, pola contra, o sector primario e a construción teñen pouca incidencia no desemprego feminino. **No caso dos homes, as maiores porcentaxes de parados repártense entre o sector secundario e a construción**, con porcentaxes moi semellantes, **arredor do 31%**.

Se nos referimos á evolución anual por sectores, apréciase como **o paro rexistrou unha subida nos catro grandes sectores**, pero en menor proporción que nos anos anteriores; aínda así, seguiu a ser a construción a que, en termos porcentuais, máis medrou en canto ao número de desempregados. No obstante, foi o colectivo de desempregados sen emprego anterior o que experimenta un incremento importante na cifra de parados (20,65%), circunstancia que chama a atención, máis se temos en conta que mentres nos anos precedentes o número de parados se disparaba, a cifra dos que buscaban o primeiro emprego diminuíu.

En canto aos parados rexistrados **por gran grupo de ocupación, foron os “traballadores non cualificados” e os “traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores dos comercios”, os que concentran a maioría dos parados**, os que acadaron o maior volume de desempregados; en efecto, case un de cada dous parados galegos estaban inscritos nestes dous grupos.

Por sexo, a maioría das demandantes paradas galegas aglutinábanse no grupo de traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores dos comercios (33,02%), mentres que, no caso dos homes, a maioría dos parados galegos estaban encadrados no grupo de artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras, a construción e a minaría, agás os operadores de instalacións e maquinaria, co 34,70%.

Se observamos as ocupacións máis demandadas, apreciamos que o 36,52% dos desempregados galegos estaban anotados nunha desas dez ocupacións, ou, dito doutro xeito, un de cada tres galegos demandaba unha destas ocupacións. E destas a que encabezaba a listaxe foi a de dependente de comercio, en xeral co 8,41%, seguido do persoal de limpeza ou limpador, en xeral co 6,30%.

Por outra banda, trátase practicamente das mesmas ocupacións que en anos anteriores, relacionadas todas elas coa precariedade, cunha alta taxa de temporalidade e cun baixo nivel de cualificación. Ademais, segundo os casos, están claramente feminizadas ou masculinizadas; deste xeito, nas tres ocupacións que máis demandantes rexistran, a maioría son mulleres, mentres que a de albanel é marcadamente masculina. Pola contra, hai moi poucas ocupacións en que o número de ambos os dous sexos teñan cifras semellantes.

Podemos concluír que o comportamento do desemprego durante o ano 2010 poucas diferenzas presenta respecto ao ano anterior. As consecuencias da crise económica deixáronse sentir na situación laboral coa destrución de postos de traballo e co aumento paulatino da cifra de parados ao longo dos tres últimos anos, e, aínda que todo semella que o máis duro da crise vai quedando atrás, o certo é que resulta difícil ver, polo menos de momento, algunha probabilidade de mellora que nos permita pensar nun escenario de recuperación.

Contratos

No ano 2010 realizáronse en Galicia 680.624 contratos, o que representou o 4,72% da contratación do Estado.

A contratación total reduciuse en Galicia durante o último ano en 2.507 contratos, resultando, en termos relativos, un crecemento negativo do -0,37%. Pese a que non representa un valor moi elevado (non hai que esquecer que no ano 2009 foi do -13,98%), se poñemos este dato en relación co incremento da taxa de paro e coas reducións de afiliacións á Seguridade Social, observamos como as consecuencias da crise seguen deixándose sentir nos efectos negativos sobre o emprego, tanto pola intensidade como pola duración, dando como resultado a destrución de postos de traballo.

As provincias da Coruña e Pontevedra aglutinaron máis do 82% da contratación rexistrada na nosa comunidade autónoma, o que reflicte o peso excesivo destas dúas provincias, moito máis dinámicas, fronte ás outras, e todo apunta a que as diferenzas van persistir, cando non aumentar.

A análise da contratación por sexo reflicte que a **contratación dos homes supera a das mulleres**, pero é preciso sinalar que nos anos 2007 e 2008 a recesión e, como consecuencia, a perda de contratos afectaron máis ao colectivo masculino que ás mulleres porque unha gran parte dos empregos destruídos foron en sectores netamente masculinizados (a construción e a industria), o que trouxo como consecuencia que as distancias entre ambos os dous sexos se acurtase. Pero deixando atrás os anos 2008 e 2009, en que se produciron os peores resultados para os homes, no ano 2010 mentres as mulleres sufriron unha diminución na contratación do -1,85% os homes rexistraron un incremento do 1,05%.

Tomando como base os datos da evolución mensual da contratación ao longo do ano 2010, observamos como **o aumento ou a diminución da contratación van vinculados aos períodos vacacionais** da Semana Santa ou da temporada de verán, xa que foi nestes períodos cando se produciu unha maior oferta de emprego. Pero o número de contratos volven caer ao rematar o período estival, sendo o mes de agosto o que rexistra a maior caída da contratación, de maneira que este factor estacional na contratación non compensa a perda de contratos que se rexistrou en 2010.

No que respecta á contratación por idades, **o colectivo de entre 26 e 35 anos foi o que recollía as porcentaxes máis elevadas, co 37,16%**, e a medida que os tramos de idade avanzan as porcentaxes da contratación vanse reducindo, descenso que se volve máis acusado no colectivo de máis 56 anos, que só concentra o 3,33% da contratación total.

Dado que un dos puntos débiles do noso mercado laboral é a temporalidade, son precisamente os mozos menores de 36 anos os máis castigados por esta circunstancia.

No que respecta á contratación por nivel formativo, os datos revelan poucas diferenzas respecto aos anos precedentes: **a maioría dos contratos, máis do 62%, rexistráronse con traballadores titulados de ensino obrigatorio ou incluso con menos titulación**, o que nos confirma, unha vez máis, que a maioría dos postos de traballo creados, vinculados a maior parte deles á construción e á hostalaría, eran de baixa cualificación.

Parece evidente que, no actual contexto de crise que estamos a padecer, cunha duración considerable, aqueles traballadores que contan cunha formación axeitada terán máis facilidades para acceder ao emprego. Pero isto, que parece tan obvio, non sempre sucede así; de feito, en moitos casos está ocorrendo o fenómeno contrario, o que deu en chamarse “sobrecualificación”: trátase de persoas paradas, en moitos casos de longa duración, especialmente mozos, que, ante as dificultades para acceder a un emprego adaptado á súa formación e estudos, acaban aceptando un traballo por debaixo do seu nivel de cualificación, o que demostra que non sempre aquelas persoas con máis formación teñen máis facilidade para conseguir un emprego, sobre todo en determinados sectores, como pode ser no ámbito administrativo. De feito, determinados organismos están a detectar que moitos parados dos máis preparados, ante as dificultades expostas, están empezando a ocultar nos seus currículos o seu verdadeiro perfil de demandante cualificado.

Por xénero, **cómpre sinalar que na actualidade cada vez hai máis mulleres que teñen máis formación que os homes, o que se traduce unha maior presenza feminina nas contratacións con titulacións máis altas**, especialmente naqueles contratos rexistrados con titulados universitarios, en que a contratación co colectivo de mulleres duplicou a do colectivo dos homes, 42.193 contratos a mulleres fronte aos 21.531 que protagonizaron os homes.

Tal como acontecía en anos anteriores, **a temporalidade segue a ser a tónica dominante no noso mercado laboral**. Os datos son esclarecedores: **a contratación temporal, formada polos contratos a xornada completa e a tempo parcial, supuxeron o 87,21% da contratación total de Galicia**. Isto converte a taxa de temporalidade nun dos puntos débiles da nosa situación laboral, constituíndo un problema estrutural, coas repercusións de sobra coñecidas, tanto de tipo económico (baixa produtividade, baixa competitividade, falta de investimento por parte dos empresarios na formación de traballadores con contrato temporal, desmotivación destes, etc.) como de tipo social (precariedade, desmotivación, desánimo,

inestabilidade laboral, etc.). Precisamente, para combater este comportamento negativo do noso mercado laboral, aprobouse en setembro a reforma laboral, na que un dos puntos clave era limitar a contratación temporal. Pero, dado que esta lei se aprobou no tramo final do ano, non deu tempo a comprobar se realmente tivo efectos positivos.

O certo é que, a pesar de que esta porcentaxe de contratos temporais non parece aceptable, na actual tesitura de crise que estamos a padecer, onde encadeamos tres anos de destrución de emprego, talvez o prioritario xa non sexa acadar un emprego estable, senón reducir o desemprego e crear emprego.

Ao mesmo tempo, segundo a lectura que deixa a evolución interanual, vemos como **o contrato indefinido foi o que rexistrou a maior caída (-12,84%), mentres que a contratación que tivo un aumento considerable foi a temporal a tempo parcial (5,83%).**

Se nos centramos **na contratación a tempo parcial**, que afecta tanto á contratación temporal (26,06%) como á indefinida (2,13%), e relacionando estas porcentaxes coa subida comentada no parágrafo anterior, parece que **este tipo de contratación vai gañando relevancia** (aínda que dista moito do éxito doutros países do noso contorno). Porén, non parece que sexa consecuencia dos aspectos positivos que implica este tipo de contratación –compatibilizar traballo e estudos adquirindo experiencia laboral, conciliar un emprego co coidado do fogar, sobre todo no caso das mulleres–, senón que máis ben parece que a aceptación deste tipo de contrato vai estreitamente vinculado á imposibilidade de atopar un traballo a xornada completa, especialmente nesta época de crise e, particularmente, no caso das mulleres, que é o colectivo en que máis presenza teñen este tipo de contratos.

Cabe precisar que a mencionada reforma do mercado de traballo, inspirada no modelo alemán coñecido como *kurzarbeit*, pretende fomentar a redución da xornada como alternativa ao despedimento de traballadores que se visen afectados por regulacións de emprego. A reforma laboral fixou as reducións entre un mínimo de un 10 e un máximo de 70 por cento, sempre que o salario sexa obxecto da análoga redución; neste caso o Estado completará esta mingua no salario cunha prestación por desemprego parcial. Non obstante, a pesar desta medida, polo de agora todo apunta a que os contratos parciais vinculados a esta medida supoñen unhas porcentaxes testemuñais.

O índice de rotación experimentou o maior incremento nos últimos cinco anos, situándose no ano 2010, nun 2,17.

En relación coa mobilidade xeográfica por motivos laborais, o fluxo de traballadores que saen da nosa comunidade cara ao resto do Estado é superior ao dos que entran, o que significa que Galicia é unha comunidade que exporta traballadores.

Por xénero, as maiores porcentaxes da mobilidade corresponden ao colectivo masculino.

Respecto á **contratación por sectores, a actividade que protagonizou de xeito predominante a contratación foi o sector servizos, concentrando case o 80% dos contratos realizados en Galicia**. No caso das mulleres, tamén foi o sector servizos a actividade principal de emprego, con arredor do 92% dos contratos. É preciso aclarar que baixo a epígrafe de “servizos” se engloban innumerables actividades, algunhas delas moi destacadas no noso tecido empresarial, como o turismo (puntal da nosa

economía polos numerosos postos de traballo que crea na temporada estival), comercio, limpeza, servizos xurídicos, técnicos de vixilancia, atención ás persoas en situación de dependencia, etc.

Os sectores da construción e da industria sitúanse a moita distancia, acaparando en torno ao 8% da contratación. Nestes sectores a presenza feminina é escasa, sobre todo na construción, onde a súa participación é residual. O sector primario é o sector de menor actividade de Galicia; de feito, só supuxo o 3,07% da contratación, sendo tamén aquí o papel da muller testemuñal.

En relación coa evolución anual dos contratos, convén destacar que o sector servizos se incrementou en 9.598 contratos, o que supuxo un aumento do 1,81%, e aínda que esta subida non se pode cualificar de notable, si que é significativa porque este sector foi o único que nos últimos dous anos experimentou un comportamento positivo. Se relacionamos este dato coa evolución mensual da contratación, onde observabamos que o aumento da contratación estaba vinculado á temporada de verán, todo indica que este aumento do sector servizos está ligado á hostalaría polo bo comportamento do turismo. Pero, malia esta subida, non se logrou evitar que durante o último quinquenio este sector tivese unha variación media anual negativa (-3,97%).

A construción segue a ser o sector co panorama máis sombrío; **durante o ano 2010 houbo unha caída de 7.633 contratos (unha perda do -11,11%),** enlazando catro anos de redución da contratación, o que o converte no sector máis castigado e que sofre con máis dureza o impacto da crise. En concreto, na destrución de emprego deste último ano parece que influíu o feito de que aquelas medidas propostas polos organismos, vinculadas aos investimentos en obras públicas, para evitar o afundimento da construción se tratou máis ben dun parche temporal, xa que a redución nos investimentos en obras públicas fixo que continuase a destrución de emprego. Tampouco parece que, polo menos de momento, a rehabilitación de vivendas xa existentes que carecen de servizos imprescindibles ou a mellora destas vivendas servisen para frear a caída deste sector.

En canto aos sectores secundario e primario, tamén rexistraron unha redución de contratos, aínda que a un ritmo menor, -6,63% e -1,67%, respectivamente.

En síntese, desde que empezou a crise ningún sector produtivo resistiu a destrución de emprego, situación agravada polas políticas de recorte no gasto público, o que trouxo como consecuencia o carácter prioritario da creación de emprego. De aí que se estean propoñendo desde distintos foros diferentes medidas que parecen pasar por renovar as medidas activas de emprego, reformar o mercado laboral e cambiar o modelo produtivo da economía española, afectado, entre outros problemas, pola baixa produtividade, e orientalo cara a unha economía máis verde e competitiva, tal e como recomenda a Unión Europea naqueles sectores máis dinámicos, como poden ser as enerxías renovables, edificios e construción, transporte, etc.

Do total de contratos realizados por gran grupo de ocupación, **máis da metade dos contratos formalizados rexistráronse cos grupos de “traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores dos comercios” e con “traballadores non cualificados”.** Nestas dúas epígrafes a maioría das ocupacións son de baixa cualificación; requiren escasa preparación profesional, cun elevado nivel de precariedade e con salarios moi baixos.

En canto ás 10 ocupacións máis contratadas, tal e como acontecía o ano pasado, case a metade (47,07%) da contratación de Galicia concentrouse nestas dez

ocupacións. Por outra banda, agás a ocupación de matachíns e traballadores das industrias cárnicas e peixes, son exactamente as mesmas que as do ano anterior e con porcentaxes moi similares.

Estas ocupacións caracterízanse por estar estreitamente vinculadas a un emprego de baixa calidade, cunha elevada temporalidade, cun perfil de baixo ou ningún nivel de cualificación, cunha excesiva precariedade laboral e con salarios moi baixos. Trátase tamén de ocupacións fortemente masculinizadas, como é o caso dos albaneis ou canteiros, ou polo contrario moi feminizadas, como por exemplo a de persoal de limpeza de oficinas, hoteis (camareiras de piso) e outros establecementos similares, xa que moitas veces o xénero é o criterio á hora de contratar e onde as ocupacións cun número similar de mulleres e homes son moi poucas.

Formación

En Galicia ao longo do ano 2010 impartíronse 1.370 cursos dirixidos preferentemente a traballadores desempregados. O total de alumnos que participaron nestes cursos foi de 23.423.

No que se refire á distribución de cursos por familias, cabe destacar que non todas as familias teñen o mesmo peso; de feito, hai familias que son máis demandadas que outras. Predomina a de **“administración e xestión”** a cal **concentrou o 18,83% da totalidade dos cursos que se impartiron na nosa comunidade**, seguida da de **“informática e xestión”**, co 13,87%, ou, dito doutro modo, un de cada catro cursos que se impartiron en Galicia foron destas dúas familias. Pola contra, noutras familias os cursos impartidos foron tan poucos que apenas acadaron o 1%; por exemplo, en **“industrias alimentarias”** impartíronse sete cursos (0,51%).

Así pois, as cifras reflicten os desequilibrios existentes na formación, onde nun casos hai un exceso de oferta formativa e noutros atopámonos con carencias na formación que persisten ano tras ano. Desde logo, as familias máis demandadas polos desempregados galegos non sempre son as que mellor resultados acadan á hora da inserción laboral. En cambio, debido aos cambios que van aparecendo no mercado laboral, que fan que se xeren novas exixencias de coñecementos e de competencias, hai especialidades que si poderían ser de interese e, non obstante, non son demandadas polos desempregados ou non se programan.

No que respecta aos cursos impartidos por provincias, **A Coruña e Pontevedra concentraron o 63% da totalidade dos cursos que se impartiron na nosa comunidade**, mentres que Lugo foi a provincia onde menos cursos se impartiron. Por outra banda, non todas as familias se programaron en todas as provincias, nin todas as provincias impartiron o mesmo número de cursos de cada familia, senón que, segundo a familia profesional, unhas provincias predominaron sobre outras; por exemplo, Pontevedra concentrou 88 dos 155 cursos que se impartiron na familia de **“transporte e mantemento de vehículos”**.

As diferenzas de xénero aprécianse en que hai familias en que a maioría dos alumnos son homes, como a de electricidade e electrónica, concretamente o 97,47%, mentres que noutras o maior número de alumnos son mulleres, como na de sanidade, onde acaparan o 93,19%.

No que se refire aos alumnos formados por idade, tres de cada catro alumnos que participaron nunha acción formativa tiñan menos de 46 anos.

Por sexo, nos alumnos menores de 25 anos predominaron os homes, mentres que nos maiores de 24 anos foron as mulleres as que obtiveron máis representación, pero sen acadar excesivo protagonismo.

galicia

<http://emprego.xunta.es/cualificacions>



XUNTA
DE GALICIA